


Pioneiras

Mulleres Empresarias Galegas

A black and white portrait of a woman with dark, wavy hair, smiling. She is wearing a dark, patterned garment. The portrait is the central focus of the page.

CELIA RIVAS CASAIS
Pioneiras da Costa da Morte

XUNTA DE GALICIA



CELIA RIVAS CASAIS

Pioneiras da Costa da Morte

XUNTA DE GALICIA

Autora e autor: *Lilí Díaz Rivas e Benjamín Trillo*

Edita: Servizo Galego de Igualdade (SGI)

Secretaría Xeral da Igualdade.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia

Dep. Legal: C 69-2009

Deseño e maquetación: OGRÁFICO DESEÑO

Imprime: Contynuocolor, S.L.

En memoria das miñas nais



Lilí Díaz Rivas. Autora

Situada ao lado do panel Pioneiras no Palexco. A Coruña, 2008

A publicación en Marzo de 2006 do DICCIONARIO DE MULLERES GALEGAS de Aurora Marco abriu completamente unha porta que estaba xa entornada polo traballo dela mesma e doutras mulleres galegas investigadoras.

Por esa porta aberta entramos xunto coa cidadanía galega moitas institucións nun espazo de luz e traballo. Na responsabilidade colectiva da recuperación da memoria histórica das mulleres galegas e o seu papel de protagonismo no espazo público.

Con este obxectivo naceu o proxecto PIONEIRAS traendo ao presenta a vida, a imaxe e a empresa de mulleres galegas do pasado que tiveron o valor e a osadía de converter unha idea en proxecto empresarial contra as convencións da súa época contra o que a súa sociedade decía que debían facer ou non as mulleres. Un chanzo mais deste proxecto é esta colección de biografías de pioneiras galegas, que nos permitirá afondar máis na vida dalgunha delas para completar o noso recoñecemento como sociedade e dar mais figuras femininas de referencia ás novas xeneracións de emprendedoras galegas.

A historia de Celia Rivas e as Lavancas é un exemplo de espírito emprendedor: ter un obxectivo e a autoconfianza de saber que se van superar os obstáculos que aparezan no camiño, ter tamén o valor e a capacidade de traballo para superalos. Todo nunha época en que estas cualidades non se valoraban nas mulleres nunha sociedade en guerra ou posguerra e nun territorio illado e rural como era daquela a Costa da morte.

Temos a honra de iniciar esta colección coa historia desta muller valente que acreditou no imposible e o fixo real, contada pola súa familia e a xente que a coñeceu.

Agardamos que non sexa mais que o principio dunha longa cadea de historias e de recoñecementos ás nosas Pioneiras.

Ana Luísa Bouza Santiago

Directora Xeral do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia

Pioneiras

CELIA RIVAS CASAIS

PIONEIRAS DA COSTA DA MORTE

I LILÍ

Mamá Celia morreu o día 21 de agosto de 1974, cando tiña 61 anos. En realidade, non era a miña mamá senón a miña tía, pero todos os curmáns nos afixemos, desde que eramos nenos, a chamarlle mamá a cada unha das irmás que constituían a comunidade das *Lavancas*. *Lavancas* era o alcume da familia do seu pai, e tanto a miña nai como as súas irmás levábanos con certo orgullo.

- É a única herdanza que recibimos da familia do noso pai - dicían.

O día no que morreu mamá Celia a comunidade familiar das *Lavancas* afundiuse. Ela era o couzón familiar sobre o que viraban todas as súas irmás.

A maior das irmás chamábase María. Ela é a principal fonte de información do meu relato. Seguíalle en idade Palmira, a máis guapa. Celia era a seguinte. Logo de Celia naceu Julita, a miña nai. E a máis pequena, que caeu enferma moi pronto, chamábase Cándida. Tiñan tamén un irmán, Ramón, que era maior ca María, pero emigrara ás Américas á idade de 16 anos e non formaba parte da comunidade familiar, aínda que mantiñan con el unha correspondencia moi fluída.

O día 21 de agosto de 1974 tiven, por primeira vez, o coñecemento exacto do que significaba a morte dun ser querido. Era a primeira vez que me morría alguén tan próximo aos meus afectos. A morte era para min, como para a maioría das persoas do meu contorno, algo inevitable para o que debía unha estar preparada. Explicáranllo así, tanto nas conversacións familiares como na catequese relixiosa, e non estaban ben vistos os ademáns expresivos da dor se resultaban esaxerados. Pero o día da morte de mamá Celia comprendín os sentimentos dos que non podían evitar manifestar externamente unha dor esaxerada. Eu padecín ese estado de ánimo. Sentín que a morte dun ser querido era, en parte, a miña propia morte; que o cadáver de mamá Celia era unha reprodución do meu propio cadáver; que era eu a que estaba morta e que podía sentir a miña propia morte.

Cinco meses antes, o 19 de marzo, día de San Xosé, achegóuseme no soportal de casa e díxome:

- Non sei que me pasa, nena, teño un pequeno sangrado e atópome tan cansa...

- Tes que chamar inmediatamente á consulta do Dr. García Sabel - díxenlle-, faranche unhas análises e xa verás como che resollen o problema.

Aquela conversa deixoume preocupada. Mamá Celia non era persoa que adoitase queixarse dos seus males. A súa atención estaba sempre centrada na resolución de problemas familiares ou do negocio e non tiña tempo para ocuparse das súas propias dores físicas. Por iso me preocupou que me falase do seu cansazo. Tiven a sensación de que aquela muller forte se sentía ferida.

O resultado das análises causou unha verdadeira conmoción na familia. O diagnóstico non admitía dúbidas. Mamá Celia padecía unha anemia aplásica de imposible curación.

- Lévena para a casa e non a molesten con remedios inútiles - aconsellou o médico - ; afortunadamente para ela non terá dor física, así que déixena morrer en paz.

Naturalmente, ninguén da familia creu unha soa palabra de todo o que dixo o médico. E comezaron os desfiles pola consulta de todos os médicos de Santiago. Un deses médicos, profesor da USC, deulles algunha esperanza, aconsellando un tratamento incómodo e doloroso, que ela soportou resignadamente. Aquel tratamento tivo un efecto beneficioso na familia, porque lles deu ánimos a todos para loitar pola curación da enferma, convencidos de que era posible. Pero non foi posible. O cadáver que eu estaba vendo diante de min, co rostro máis fermoso ca nunca, daba testemuño da inutilidade do tratamento. Non fora posible deter a morte que cinco meses antes nos prognosticou o Dr. García Sabel.

A campá da igrexa parroquial de Fisterra tanguía a morte e, pouco despois, empezaron a chegar as primeiras visitas de condolencia. Non me acordo dos nomes das persoas que intentaron consolar a familia daquela enorme perda, só sei que a min me estorbaban, porque eu quería mergullarme na miña dor, sen testemuñas, para poder falar de novo con ela da marcha do negocio, dos proxectos de futuro e das lembranzas do pasado. Eu quería renovar as miñas confidencias con aquela muller, que nacera no mesmo día do mes ca min, que me bautizou e que, coma min, padecía de estrabismo no ollo esquerdo. O meu papel de secretaria, tanto no negocio familiar como nas relacións dos familiares entre si, convertíame nunha especie de notario. Naqueles momentos sentía a necesidade de informar a morta dos acontecementos do día, empezando polo falecemento:

- De madrugada morreu mamá Celia, papá está traballando na fábrica, os camións saíron con sardiña...

E non era posible facelo con tanta xente chorando ao redor.

A miña nai e as miñas tías, que tan unidas estiveran en vida coa morta, facíanlle fronte á situación coa enteireza que se lles supuña. Era, sen dúbida, un comportamento obrigado polas circunstancias, pero a min pareceume horrible. Non podía soportar que as miñas mamás reaccionasen tan friamente

ante a morte dunha delas, precisamente da que representara o papel máis importante na aventura das súas vidas. Supoño agora que non podían actuar doutro xeito, porque iso era o que esperaban delas os seus conveciños. E tiveron a confirmación desa xustificación cando, uns días despois, sorprendín a miña tía Palmira envolvéndose na roupa de Celia e chorando en silencio. Cando me acheguei a ela, limitouse a dicirme:

- Arredence a Celia.

Por aqueles días estaba en pleno apoxeo a pesca da sardiña de “xeito”. Os barcos de sardiña chegaban, aos poucos, ao peirao e o primeiro barco que se poxaba na lonxa daba prezo a toda a sardiña que viña despois. Eran barcos de Fisterra, Sardiñeiro, Corcubión, Cee, Ézaro, Pindo, Quilmas, Panchés ou Caldebarcos. Mamá Celia compraba habitualmente a sardiña de todos eses barcos. Empezábase a traballar ás once da noite e terminábase ás sete da mañá. E ela non só estaba na lonxa para asistir ás poxas, senón que seguía despois traballando no almacén onde se salgaba o peixe, se metía en caixas de plástico e se cargaba nos camións que o transportaban ás cámaras de Alfageme, SA, en Vigo. O día en que morreu paralizouse a compra da sardiña. As tripulacións dos barcos que ían chegando a porto, ao saberen a noticia, achegábanse ao almacén en silencio, desposuíanse das súas gorras en sinal de respecto e marchaban vender a súa sardiña a outra parte. Foi unha homenaxe que probablemente ela non aceptase, porque implicaba que toda aquela sardiña que chegara a porto, ou polo menos a maior parte, quedaría sen vender. Ela non aprobaba xestos inútiles.

Naquelas horas de total desamparo, a vida de mamá Celia pasaba pola miña mente como unha sucesión de acontecementos que me afectaban persoalmente. De todos eles, evocados quizais por aquel xesto dos pescadores, os que adquirirían maior relevo eran, naturalmente, os máis próximos, aqueles que se relacionaban coa actividade comercial da familia.

Desde os anos da miña infancia, a familia Rivas, as Lavancas, dedicouse á exportación de peixes e mariscos. A mercadoría comprábase nas lonxas, lavábase nos almacéns, empacábase en caixas de madeira e transportábase despois en camións ou en trens frigoríficos aos mercados centrais ou aos restaurantes de toda España. Nas lonxas, poxábase o peixe “á baixa”. O poxador comezaba por unha cantidade que ía baixando, peseta a peseta, ata que un comprador dicía a palabra “meu”. Dicir esa palabra antes ca outro, pero o suficientemente tarde para que baixase o prezo ata o nivel desexado, era a misión principal do comprador.

Mamá Celia era, sen ningunha dúbida, a mellor compradora da miña familia. A súa capacidade de concentración para saber o momento exacto en que debía dicir “meu” era tal que os demais compradores terminaron

deixándolle marcar o prezo. A min sempre me impresionou aquela forma de mover os beizos con voz case inaudible, pero que bastaba para que o poxador dixese:

- Adxudicado a Rivas.

Comprado o peixe, os traballadores recollíano e cargábano en carros, trasladábano ao almacén, onde se lavaba en grandes bañeiras de auga salgada, e gardábano despois en naves industriais. Ás veces, había que destripalo ou cortalo, o que incrementaba o traballo, e o meu pai, que dirixía toda a manobra, mandáballe recados a mamá Celia para que parase de comprar porque estaban ao límite do esgotamento, pero ela seguía comprando ata o final da poxa; entón, volvía ao almacén e, sen contestar as protestas do meu pai, púñase a traballar con eles ata que terminaban a faena, mentres o meu pai farfallaba entre dentes:

- Pero esta muller non se cansará nunca?

Mentres eu recordaba todas estas cousas, o cadáver da miña tía Celia adoptaba esa posición plácida das persoas durmidas e pareceume que estaba descansando daquel tremendo esforzo dos seus últimos anos. Porque o seu traballo non terminaba coa preparación do peixe no almacén, senón que había que vendelo. Ao terminar para comer, sobre as cinco ou seis da tarde, durmía unha sesta curta, interrompida case sempre polas chamadas dos clientes que, desde Madrid, Barcelona ou calquera outro punto de España, facían os seus pedidos. Ninguén podía relevala, porque só quen o comprou podía dicirlle ao cliente o tipo e o prezo do peixe que podía servirle. A plena dedicación e o traballo intensivo dos últimos anos tiñan que pesar naquel corpo que agora descansaba placidamente no seu cadaleito.

Continúei á beira do cadáver moito tempo, semiinconsciente, sen decatarme plenamente do que sucedía ao redor de min. Debín quedar amodorrada porque, sen saír da casa, vinme asistindo ao seu enterro, coma se presenciase un documental na televisión. Vin como pechaban a tapa do féretro, como a sacaban do cuarto uns mariñeiros e todo o que sucedeu despois ata que a enterraron no panteón familiar.

Presidían o dó oficial o alcalde e a corporación municipal, uns pasos máis atrás do dó familiar, no que ían o meu pai e o único fillo da falecida. Levaban o féretro catro mariñeiros, que se ían remudando ao longo do percorrido, bailando unha estraña danza, consistente en dar dous pasos adiante e un atrás, facendo o percorrido tan lento que as autoridades tiveron que lles mandar algúns recados aos portadores para que alixeirasen o paso, sen que estes lles fixesen caso ningún. Diante do féretro ían os portadores dos ramos de flores, que chegaran de todos os puntos de España, enviados por todos os clientes cos que comercializara en vida. Como a cantidade de ramos

era tan grande, os portadores tiveron que aliñarse en filas de seis para ocupar toda a calzada e non distanciarse demasiado dos que levaban o cadaleito. Detrás do dó familiar e do oficial ían todos os demais acompañantes, en incontable número, á maior parte dos cales eu non coñecía.

Cando o féretro chegou á igrexa parroquial, era moi tarde pero, como estabamos no verán, aínda non se fixo de noite. O funeral celebrouse a bulir para recuperar o tempo perdido no camiño. O párroco non puido evitar que un delegado da autoridade local pronunciase unha oración fúnebre, na que enalzaba os valores humanos da falecida e a importancia que tivera o seu traballo para a súa vila, non só como creadora de riqueza e benestar para todos, senón tamén como promotora do turismo ao dar a coñecer a calidade do peixe de Fisterra en toda España. Para compensar os eloxios do orador, o párroco lembrou que a morte nos igualaba a todos e que se enterraban ao mesmo tempo ca o corpo do defunto as súas pompas e as súas glorias, que non eran outra cousa que vaidade de vaidades, porque a verdadeira gloria só se alcanzaba no ceo e o único pasaporte que se esixía para chegar a el era a virtude.

O sermón do párroco non me deixou boa impresión, e foi esa impresión a que me espertou da miña modorra, dándome conta entón de que o cadáver seguía no cadaleito, diante de min, e de que aquel enterro de primeira era só un soño. Nin as autoridades viñeran sequera darlle o pésame á familia, nin estaba previsto que os mariñeiros levasen o cadaleito ata a igrexa parroquial, posto que estaba contratado un coche fúnebre, nin as flores, con ser moitas, eran tantas como eu soñara.

Mamá Celia morrera tal como vivira, sen recoñecemento oficial ningún, como unha persoa máis da vila, unha de tantas, sen que os eloxios públicos que se lle fixeron tivesen outra finalidade que a de rebaixar a importancia dos familiares vivos que traballaban no negocio.

Pero eu sabía o que valía. Nunca abusou da súa inmensa capacidade para o traballo con ánimo de humillar as súas irmás ou o persoal que traballaba con ela. Ningunha das súas irmás se sentiu nunca rebaixada pola importancia do traballo que ela realizaba, e nunca esgrimiou, en defensa propia, a súa plena dedicación ante a desgana ou a posible incompetencia dalgún dos seus colaboradores. Só cando alguén atacaba a algún dos seus familiares íntimos sacaba a relucir o seu orgullo e exhibíao como un pavo real, esmagando soberbiamente ao atrevido.

O enterro de mamá Celia foi moito máis sinxelo do que eu soñara mentres estiven ida. É certo que asistiu moita xente, pero non moita máis da que adoitaba ir nos enterros doutras persoas da súa mesma idade. Certo tamén que moitas persoas da vila, sobre todo as de condición humilde,

sentiron dolorosamente a súa morte, pero esa dor non era moi diferente da que senten todos os pobos mariñeiros cando morre un dos seus. A xente corrente sentiu a súa morte simplemente porque pertencía á comunidade de pescadores, fosen cales fosen os seus méritos.

Asistín ao enterro co ánimo encolleito, pero coa mesma solicitude que puña nos traballos que facía para ela. E non tiven a sensación de que era o último servizo que lle facía, porque sentín entón, e síntoo agora, que ela seguiría encargándose misións que só ela e eu coñecemos, unha das cales é esta que estou realizando ao escribir esta biografía.

II CELIA

Non souben que dicir cando o Dr. García Sabel me dixo:

- Laméntoo, Celia, tes unha enfermidade incurable.
- Canto tempo me queda? - preguntei logo dun silencio atafegante.
- Uns seis meses aproximadamente - contestou el.

Naquel momento sentín que estaba morta, non que ía morrer, senón que xa estaba morta. Non puider dicir nada durante un bo intre, non tiña palabras.

O médico intentou consolarme.

- Non terás dor, muller; será unha morte plácida. En realidade, todos imos morrer un día ou outro.

Don Domingo García Sabel era o médico da familia desde moitos anos antes de que eu casase. Tamén coñecía o meu marido, que era de Muxía, de onde, ao parecer, procedía don Domingo. El coñecíanos ben e sabía que podíamos afrontar a realidade sen subterfuxios, pero o que acababa de dicirme era demasiado forte ata para min. Preguntei:

- Que debo facer?

E el contestou:

- Nada, Celia, non fagas nada. Vai para a casa e arranxa as túas cousas; isto non ten remedio.

Desde que entrei na consulta ata que saín pasaron dúas horas, pero nese tempo cambiara toda a miña vida. Nada do que fixera ou soñara servía xa. Ningún dos proxectos de futuro, discutidos, pensados ou soñados, tiñan xa sentido. Sentíame morta, sen pensamentos ou sentimentos, nin sequera os de rexeitamento á morte.

- Don Domingo, non lle diga ás miñas irmás que eu o sei- dixer.
- Iso si que cho prometo - contestoume.

Cando saín, entraron as miñas irmás. A través da porta oín que discutían co médico. Imaxinei perfectamente o que pasara: as miñas irmás non podían aceptar a súa información. Eu sabía de antemán que non podían aceptala. Non estaban preparadas para recibir unha noticia coma aquela. Eu fora sempre a muller forte, a que nunca estaba enferma e aquela noticia non entraba nos seus cálculos. Elas daban por suposto que eu non podía morrer.

Para as miñas irmás e para min o noso negocio era a nosa vida. Enredámonos nel de tal xeito que xa non distinguíamos entre a vida particular de cada unha e a vida do negocio. Á hora para comer, de pasear ou de durmir seguíamos pensando no negocio, no que se debía facer neste ou naquel asunto, sen que ningunha actividade, nosa ou dos nosos fillos, fose allea a el.

Por iso, a información do médico viña trastornalo todo: o negocio e as nosas vidas. Era, pois, evidente que as miñas irmás non podían aceptala.

Para min, con todo, non era o mesmo, porque eu tiña que soportar a condena que me notificou o médico e daba por certo que o médico non se equivocou no seu diagnóstico. Desde onde estaba oín ou imaxinei o que don Domingo lles dicía ás miñas irmás:

- Lévena para casa e non a molesten, déixena morrer en paz.

Cando saíron díxéronme que o médico lles aconsellara consultar cun especialista en anemias. E eu deixeinas facer, porque sabía que elas loitarían ata o último momento para impedir o inevitable. E así foi. Fixéronse conspiradoras ás miñas costas, consultaron con outros médicos e decidiron que debía verme un profesor da Universidade de Santiago que acababa de chegar de Madrid. Aceptei porque non podía facerlles perder a fe que puxeran na miña curación.

Non sei o que lles dixo a elas o profesor, pero o que me dixo a min foi moi esperanzador.

- Mire, Celia, en Madrid tratei moito esta enfermidade e espero curala; teremos que sometela a algunhas probas molestas, pero son necesarias para a súa curación.

Eu calei. Que podía dicir!

Por petición do profesor, internáronme no Hospital Xeral. Non había camas individuais e tiveron que levarme a un cuarto onde había xa outras dúas enfermas. As miñas irmás desculpáronse comigo dicindo que o profesor o esixiu para poder atenderme mellor. Sentino máis por elas ca por min, porque preferisen unha habitación nun sanatorio particular no canto daquela do hospital que, aínda por riba de males, tiña que compartir con outras enfermas. En certo xeito sentíanse rebaixadas na súa autoestima. Pero a min aquela situación non me importaba xa nada e decateime entón de que as nosas vidas estaban cheas de vaidade, de adornos inútiles, de lucimentos estúpidos que nada tiñan que ver co verdadeiramente importante. Naquel cuarto vinme pequena e inútil, como un bebé acabado de nacer ao que hai que coidar para saír adiante. Toda a miña vida pasou diante de min e, grazas a iso, deime de conta das equivocacións que cometera, dos erros pasados, das ocupacións absurdas que formaran parte da miña vida de sempre. Procurei serenarme e recapitular o que me sucedeu, chegando á conclusión de que, aínda que o fixese todo de distinto xeito, o resultado sería o mesmo e, ao final, eu terminaría morrendo de anemia aplásica.

Aquela conclusión serenoume. O inevitable chegara e eu debía enfrontarme a iso, á morte inminente. E nin sequera nese instante puideron deixar de lado a vaidade persoal, porque me vin morta nun precioso

cadaleito, encargado expresamente para min, e rodeada de xente que choraba desconsolada. Vin a angustia da xente da vila, a xente de Fisterra, que soubo da miña morte, acaecida inesperadamente. Presenciei a dor da miña familia e o seu comportamento comedido, como corresponde a xentes ben educadas. Vin persoas que non me tiñan en moito aprecio e que, con todo, mostraban unha dor que non sentían, para quedar ben coas miñas irmás ou, se cadra, con outras persoas que si me apreciaban. Non puider evitar un sorriso ante o comportamento dalgunhas persoas que recibían os demais coma se fosen elas as damnificadas, a pesar de que nunca cruzara con elas máis aló de dúas palabras. E contemplei o meu enterro, coma se non fose eu a persoa que enterraban senón unha observadora á que nada lle ía no asunto. Pareceume todo un pouco raquíptico, coma se todos tivesen présa en terminar e marchar ás súas ocupacións. Imaxinei a igrexa chea de mulleres e sen homes, que permanecían no adro, falando a berros coma se estivesen nunha feira. E o cura da vila, que falaba de min, sen poder oír ben o que dicía. Nese instante da miña fantasía, desexei que terminase todo e que me deixasen soa coas pantasma do meu pasado. E sucedeu. Vin o meu pai xunto a min, agarimoso coma sempre, que me animaba a entrar naquel mundo novo, levándome da man. E vin a miña avoa Lola, a de Mallas, que me sorría tan alegremente coma cando eu a visitaba na súa casa. Había xente á que eu non coñecía, pero que se achegaba a min con interese e curiosidade. Eu apreciaba nos seus rostros certos trazos familiares, pero descoñecía quen eran e de onde viñan. Non me atopaba mal entre aquela xente que, aparentemente, se alegraba de verme. Ata me pareceu oír algunha voz que comentaba:

- E Celia que acaba de chegar.

E non os atopei alleos. Decateime de que eu formaba parte daquelas xentes descoñecidas, membros, probablemente, das familias dos meus antepasados, que me recoñecían como un dos seus. Tiven a impresión de que non tiña só a idade que me correspondía pola data do meu nacemento, senón que a esa idade se lle engadía a de todos os meus antecesoros desde o comezo do mundo. Detrás de min amontoábanse as persoas ata perderse ao lonxe, pero diante de min non había ninguén, só unha néboa que me impedía ver o que había máis aló. Comprendín que a miña vida só tiña pasado e que xa non tiña ningún futuro.

Das miñas fantasías ou das miñas lembranzas sacábanme as probas médicas, que consistían en transfusións e terapia química, bastante molesta, e que soportaba sen ningunha fe nos seus beneficios, só para ter contentas as miñas irmás e un irmán de América que veu visitarme cando soubo da miña enfermidade.

Naqueles primeiros días, tiveron tempo de ver a miña vida e a das miñas irmás. Eu nin era a maior nin a máis faladora. Sempre falei pouco e tiña máis interese en facer as cousas ca en dar explicacións que, por outra banda, nunca se me deron ben, posto que sempre me faltaban palabras e non acertaba a dicir o que quería con fluidez. Para evitar as explicacións procuraba facer o traballo, así que, cando me preguntaban como debía facerse algo, limitábame a facelo, o que resultaba ser sempre a mellor explicación.

A maior das miñas irmás é María. María sempre estaba pensando. Antes de facer algo, o que fose, púñase a pensar como se podería facer mellor e case sempre atopaba a forma de facelo con menos custo. Eu admirábaa moito e fiábame dela, porque sabía que cando quería facer algo pensara previamente o mellor xeito de facelo. O lado negativo deste xeito de ser era a lentitude. Ás veces, cando chegaba a dicirnos cal era o mellor xeito de facer algo, eu xa terminara de facelo. Ela entón limitábase a preguntar:

- Como o fixeches?
- Que máis dá!
- Fixéchelo así? (Aquí explicaba a forma de facelo).
- Si, si; fixeno como ti dis - contestaba eu sen lle prestar moita atención.

Á miña irmá Palmira non lle gustaba perder o tempo en pensar. “Pensar tamén pensan os burros”, dicía con frecuencia. Era unha simple frase, pero, en certa maneira, resumía o seu xeito de ser. Para ela o máis importante era a estética. Fisicamente sempre foi moi fermosa. Á xente gustáballe falar con ela e, dunha ou doutra forma, rendíanlle acatamento. A min, ás veces, amolábame, pero iso era natural porque a min a beleza física nunca me interesou demasiado. Sempre me gustou o home ou a muller se, na súa conversa, aparecían tal cal eran: simplemente homes ou mulleres. En realidade, esta é unha forma elemental de ver as persoas, pero sempre souben que o meu xeito de ver o mundo tendía á elementalidade. Alguén me dixo un día que eu pensaba esquematicamente e debe de ser verdade porque só entendo o sinxelo. Cando algo é moi complicado, procuro reduci-lo a esquemas sinxelos e case sempre o consigo. Os problemas que se nos presentan na vida son, ás veces, como nós intrincados, pero cando se desfán os nós só queda un anaco de corda. A miña irmá Palmira nin sequera intentaba desfacer os nós, pasaba deles.

A miña irmá Julita é unha das máis pequenas e quixo sempre ser maior. Aprendeu a falar usando as palabras que lles oía ás persoas maduras. Sempre se expresou con moita fluidez e desesperábase con frecuencia se, a pesar de todo, non lle facían caso. Quería ser maior antes de tempo, coma se ambicionase chegar a todo antes ca os demais e, sorprendentemente, ás veces,

conseguíao. Para nós, con todo, seica de xeito inxusto, seguía sendo a pequena e pasabamos das súas propostas.

- Está ben Julita, pero hai cousas que ti non sabes, xa che contaremos.

Iso púñaa de moi mal humor.

A irmá máis pequena chámase Cándida. Nunca pasou de nena. Cos anos medrou o seu corpo, pero non a súa mente. Nós afixémonos ás súas babecadas pero, aos poucos, fomos prescindindo da súa compañía. Andaba ao seu aire e, cando non puido facer nin iso, tivemos que contratar unha persoa para atendela. E, con todo, nos primeiros momentos que seguiron ao descubrimento da miña enfermidade, foi a persoa na que máis pensei e á que sentín máis preto de min, quizais porque eu me sentía coma ela, unha enferma irrecuperable.

Aos poucos días do diagnóstico da miña enfermidade, chegou o noso irmán Ramón. O meu irmán marchou de Fisterra cando tiña dezaseis anos. Levouno o meu pai nunha das viaxes que fixo a Cuba. Desde alí trasladouse aos Estados Unidos e nunca volveu xa a España, agás nas vacacións. Desde que chegou, os círculos da familia multiplicáronse, sempre en segredo para que eu non me decatase, e moitas das decisións que se tomaron sobre médicos ou sanatorios eran froito do seu consello. El pertencía a esa clase de persoas que cren no poder absoluto da ciencia.

- En América non hai enfermidades incurables e aquí tampouco debe habelas - díxolles ás miñas irmás.

- Imos atopar o medicamento que te cure pronto; se non o hai aquí, traerémolo de América.

Eu sorrín. A súa fe na ciencia de Estados Unidos era contaxiosa. Unha acababa créndoo ou, polo menos, desexaba crelo. Pero fronte a ese desexo eu non podía esquecer as palabras do primeiro médico que me viu: “vaite para casa e arranxa as túas cousas; isto non ten remedio”. Nunca llo dixen ao meu irmán.

Estaba pensando no meu irmán e quizais non deba dicir máis del agora. Probablemente aparecerá máis adiante, se é que podo seguir escribindo.

Entre os meus familiares vivos ocupa un lugar especial a miña nai. Nunca souben chegar á súa intimidade. Por algunha razón que descoñezo, a miña nai nunca tivo comigo ningunha confianza. É verdade que nunca se opuxo abertamente ao que eu intentaba, pero sempre me deu a impresión de que me trataba como a unha estraña. Tanto as miñas irmás coma min gardábamolles o obrigado respecto da xente do campo, pero nunca puidemos solidarizarnos coas súas decisións. En vida do noso pai, que se puña sempre

da nosa parte, ela situábase en fronte, facendo contrapeso á inclinación daquel. Ás veces, de noite, oíámoslos discutir e o motivo da discusión eramos sempre nós. A min, con todo, nunca me corrixía, seica porque eu non lle daba opción; atopara o talismán que abría a súa vontade: unha frase que sempre a desconcertaba. Cando me pedía explicacións, eu limitábame a dicir: “papá está de acordo”. e sempre me deu resultado.

Había xa moito que o noso pai morrera cando caín enferma e a nosa nai retirouse ao seu cuarto, do que apenas saía. Non sei como soubo da miña enfermidade, porque vivía á marxe das nosas cousas, pero alguén debeu dicirllle e veu verme, abrazouse a min e chorou na miña cama silenciosamente. Estivo longo intre no cuarto sen dicir nada. Creo que quedei durmida, porque non me dei de conta do momento en que marchou.

Non dixeran nada aínda do meu marido e debo facelo. Ningunha das miñas irmás entendeu nunca a razón do meu casamento. Naturalmente, nunca comentei con elas nada que se referise a el e cando casei fíxeno sen acompañamento. Comprendo o difícil que debeu de ser para todas que non lles falara do meu marido ata despois da voda. Casei en Santiago, sen máis testemuñas ca as necesarias para a validez do acto. As miñas irmás nin sequera tiveron o consolo de xustificar a miña decisión nun embarazo non desexado, porque iso non se pode ocultar cando se vive na intimidade que tiñamos nós. Casei con el porque decidín que chegara a hora de casar. Nin sequera sei se o fixen namorada. Chegou no momento oportuno, preguntoume se quería casar con el e respondílle que si. Iso foi todo. Non me arrepinto de facelo. Temos un fillo que se parece máis a el ca a min e alégrome, porque o meu marido é guapo e un bo exemplar masculino.

A miña irmá María casou con Anxo Pérez Romero, de Baio. É un bo home, educado e independente. Non quixo traballar connosco e levou a María. Antes de casar dedicábase ao comercio e, despois, el e María establecéronse pola súa conta.

Agustín, o marido de Julita, casou moi novo e viviu case desde o principio connosco. Paréceme que traballou algo co seu pai, ao principio, pero incorporouse pronto ao noso negocio. Como era novo, non lle custou moito aprender o oficio e foi para min coma un irmán. Agustín é un traballador profundo. Non perde o tempo en pensar ou inventar métodos para evitar o traballo. Fai sempre o que debe e nunca nega o seu ombreiro cando fai falta. É o meu modelo de traballador: ten forza, aguante e dedicación. Eu non podía desexar outra cousa. Sempre aceptou as miñas decisións aínda que non lle gustasen. Ás veces, cando se acumulaba o traballo, protestaba, pero se me vía ao seu lado acougaba pronto e non lle importaba seguir ata terminar a faena. Comprendo que a Julita non lle gustase tanta submisión, pero eu sabía canto

lle custaba non impor os seus propios desexos, enfrontados cos meus, e nunca apurei o xogo máis aló do razoable. Creo que el soubo sempre que eu nunca lle esixiría máis do que podía dar. Agustín, en realidade, foi o meu home aínda que nunca fose o meu marido. O noso afecto é verdadeiramente fraternal. O meu marido sábeo e nunca se sentiu celoso. É certo que á miña irmá Julita non acaba de gustarlle a situación, pero as súas protestas nunca chegaron demasiado lonxe. No fondo da miña alma sempre llo agradecín.

Neste momento do meu relato, cando non fixen máis que presentar os membros da miña familia, empezo a sentir medo a non poder terminalo. Non sei se me dará tempo de explicar o que nos sucedeu ás miñas irmás e a min e, sobre todo, teño medo a non saber contalo. Intentareino, con todo, porque quero que os nosos fillos saiban de xeito aproximado como foi a nosa vida, malia que, con frecuencia, me asalta a tentación de pensar se tanto esforzo pagou a pena.

III LILÍ

Teño que serenarme e conter as miñas emocións. Decidín escribir a historia da miña familia e non podo substituír a realidade polas miñas impresións persoais. Xa sei que a realidade é sempre aparente e que só vemos aquilo que máis se acomoda ao noso xeito de pensar, pero, aínda así, intentarei ser o máis obxectiva posible e narrar os feitos como se non me afectasen de xeito especial. Confeso, pois, que a realidade que intento describir é a miña e desexaría que a través desa descrición as miñas mamás non saísen prexudicadas.

Comecei a historia da miña familia contando a morte da miña tía Celia porque foi a primeira das irmás Rivas que morreu. E non creo que fose unha casualidade, porque teño a convicción de que fora destinada para iniciar as empresas difíciles da familia e a morte é quizais a máis difícil de todas. Imaxino que cando as súas irmás cruzaron ata a outra beira das súas vidas, estaría ela alí para recibilas e mostrarlles o que debían facer na súa nova situación. Mamá Celia nunca lles fallou ás súas irmás.

Celia Rivas Casais naceu o 26 de outubro de 1912 no lugar de Calcova, que pertence á parroquia de San Martiño de Duio, no municipio de Fisterra, ao bordo da praia de Langosteira e nos cimentos mesmos da lendaria cidade de Dugium. Era a cuarta filla do matrimonio que contraeran Joaquín Rivas Canosa e Josefa Casais Insua, naturais de Fisterra e residentes en Bos Aires, desde onde regresaron a España no ano 1908, cos seus dous fillos maiores, Ramón e María. Entre María e Celia nacera Palmira e, logo desta, Julita e Cándida.

Do meu avó Joaquín herdaron as súas fillas o alcume de *lavancas*, porque ese era o alcume da familia do avó, cuxa orixe procede seica do paxaro lavanco que aniña no mar. Penso eu que se trataría dunha familia de pescadores moi vinculados ao mar e que de aí deriva ese alcume, pero a miña familia chanceaba sempre con outra derivación, supondo que as súas orixes estaban na banca e que debían de ser moi ricos porque contaban as moedas por ferrados, unha medida de capacidade típica de Galicia. A broma tiña certa ironía amarga, porque elas non herdaran nin un céntimo da familia do seu pai, posto que, cando o avó estaba gravemente enfermo, cedulle todos os seus dereitos hereditarios a un irmán.

A miña avoa Pepa nacera no lugar de Mallas, tamén do municipio de Fisterra, e o seu pai era un profesional da Mariña de Guerra. Contáronme que deu a volta ao mundo co *Numancia*, que mandaba Méndez Núñez, e que tivo que mergullarse por baixo da nave, atado a un cabo, para desatascar o temón, coa nave en perigo de chocar contra os arrecifes, fazaña pola que lle concederon

unha pensión vitalicia coa que se retirou á súa aldea natal, exercendo como cabo de Mar en Corcubión. Era o único home de Mallas que falaba sempre en castelán, por ser o idioma que practicou sempre na súa vida profesional, a pesar de que tanto a súa muller como os seus fillos falaban galego.

Cando os meus avós regresaron de Bos Aires, fixeron unha casa en Calcova, dentro dunha leira que herdara a avoa e foi alí onde atoparon vestixios dun castro e un puñal de cobre con espigo, que lle entregaron a don Paco Esmoris, médico de Fisterra e estudoso dos valores arqueolóxicos da comarca, do que deduzo eu que o meu avó adquirira un certo nivel cultural nos seus anos de emigrante. En Bos Aires traballara de mecánico e en Fisterra traballou despois como técnico da estación telegráfica Marconi, establecida no Monte Facho. Máis tarde abriu un taller na súa casa de Calcova.

Neste ambiente criáronse mamá Celia e as súas irmás. As habilidades do avó no taller deberon de impresionar as súas fillas, aínda que a profesión de mecánico non fose naqueles tempos apropiada para mulleres, as cales se ocupaban habitualmente en labores de labranza ou de amas de casa e nos intres de lecer facían encaixe.

E a escola. Había escola en Mallas? Non o sei, realmente, aínda que supoño que si, pero aquelas nenas que vivían illadas nunha leira, algo lonxe do núcleo de poboación, estaban demasiado ocupadas en coidar do



Joaquín Rivas e Josefa Casais. Bos Aires 1906. Pais das irmás Rivas

gando para poder ocuparse, ademais, de ir á escola. Polo que me contou a miña nai, ela que tiña unha letra moi bonita, aprendeu a escribir soa, de onde deduzo que ao ser unha das máis pequenas debeu de apoiarse nas súas irmás para aprender, o que me leva a supor que elas si foran á escola. Dou fe de que todas sabían ler e escribir, aínda que, como é lóxico, non fixeron deses coñecementos a razón da súa vida. Do que estou segura é de que non se conformaban coa vida do campo e de que todas elas soñaban con dedicarse a outras actividades. De feito, logo da guerra, convenceron a súa nai para que vendese a casa e a leira e se fose vivir con elas a Fistera, onde alugaran unha vella fábrica de salgadeira.

Pero non adiantemos acontecementos. Volvamos a Calcova e ao traballo de cada día. O meu avó Joaquín emigrou de novo a Cuba no ano 1925 para volver a España catro anos despois. Mentres estivo en América, chamou o seu fillo Ramón, que só tiña dezaseis anos. En 1926 pasou a Estados Unidos e desde alí reclamou o seu fillo, que xa estaba en Cuba. O meu tío puido así incorporarse á vida dos cidadáns americanos como emigrante de cota por nacer en Arxentina. Xa non volveu a España ata moitos anos despois, cando xa estaba casado, tiña dous fillos e un bo emprego nunha empresa americana.

A miña tía María contoume unha anécdota que reflicte en certo xeito cal era o espírito das nenas e a súa mentalidade de aldeás. Resulta que o seu pai prometeulles levalas á Coruña para que visen por si mesmas como era unha cidade. Para acompañalo elixiu a María e a Celia, porque Palmira, que era maior ca Celia estaba enferma naqueles días. Durante os días que precederon á viaxe nin María nin Celia podían durmir pensando en como sería a cidade e as xentes que vivían nela. Os seus pais faláronlles moitas veces de Bos Aires, dos edificios que había naquela cidade, das amplas avenidas e dos comercios, sobre todo dos comercios. Imaxinaban que A Coruña sería como Bos Aires, algo máis pequena quizais, pero con grandes comercios onde se vendían toda clase de mercadorías. A véspera da saída, viron ás demais nenas da aldea para informalas da noticia:

- Mañá, o meu papá lévanos á Coruña.

Querían –e conseguírono– espertar a envexa das súas amiguiñas. Estaban contentas por ser as primeiras da aldea que visitaban a cidade. Cando o seu pai as chamou pola mañá, non pegaran ollo, pero erguéronse coa maior rapidez que podían, porque tiñan medo de perder o camiión que debía trasladalas á cidade. O seu pai, ao ver a présa que se daban, sorriu comprensivo e procurou sosegalas:

- Tede calma, fillas, que chegades a tempo.

E chegaron a tempo, naturalmente. Subiron á caixa do camiión, que cubriran cunha lona, e tombáronse encima dunha manta estendida no chan,

cubríndose con outra. Ás veces, durante o traxecto, levantaban a lona por unha das súas esquinas para admirar a paisaxe, gritando entusiasmadas:

- Mira, Celia.

- Mira, María.

Coma se estivesen vendo o mundo por primeira vez. Ao chegar á cidade, o seu pai acompañounas ata o aloxamento, situado na praza de Santa Catalina, e deixounas alí non sen recomendarlles antes que non se movesen da casa. Pero a curiosidade das nenas esporeaba a súa mobilidade e non podían quedar quedas, de modo que baixaron á praza e, aínda que ao principio non se atrevían a moverse da porta, non tardaron en desprazarse para ver os escaparates máis próximos. Era o que máis desexaban ver. Aqueles escaparates, cheos de mercancía variada e nunca vista antes, tiñanas subxugadas. Pero nun deses escaparates viron un señor, vestido de frac, o cal lles pareceu rarísimo porque nunca viran a un home vestido con esa roupa. O máis curioso era que aquel señor lles sorría como se as coñecese de toda a vida. Ao principio ruborizáronse e afastáronse do escaparate, pero volveron pouco despois e aquel señor aínda estaba dentro sorríndolles coma se as estivese esperando. Agora o sorriso do señor pareceulles burlón, coma se soubese que ían volver. Miráronse as dúas e víronse con aqueles vestidos de aldeás, tan diferentes dos que había no escaparate, de modo que deduciron que aquel se estaba rindo delas. María mirou a Celia e díxolle:

- Estes señores da Coruña estarán moi ben vestidos pero me parece que están peor educados ca os da nosa vila - e fóronse de alí coa cabeza alta e moi ofendidas.

Cando chegou o seu pai, contáronlle a anécdota e o seu pai deuse conta enseguida de que as nenas confundiran un manequín cun señor. Abrazou as dúas, cheo de tenrura, e explicoulles que non se trataba dun señor de carne e óso senón dun manequín de cartón pedra. A miña tía María, cando me contaba a anécdota, díxome:

- Nunca volví ver un manequín que se parecese tanto a unha persoa de verdade.

De volta na aldea, as nenas contábanlles ás súas amigas o que viran na Coruña. Entre as que escoitaban as súas andanzas pola cidade había unha que lles fixo unha pregunta que impresionara a miña tía entón e que nunca deixara de facelo. O que preguntou a nena foi:

- Vistes as putas?

A miña tía nunca esqueceu aquela pregunta que non tivo resposta.

Non podo evitar evocar neste momento a figura do meu avó entre aquelas mulleres que nunca saíran da aldea. El era para elas o mundo, o horizonte inalcanzable, o que había máis aló, a expresión cultural do mundo inexplorado, un aliciente para a súa curiosidade insatisfeita e a razón do seu

afán aventureiro. Cando evoco as súas andainas por aquel mundo tan pechado, adiviño que era el a razón do seu atrevemento e que era a el a quen trataban de imitar en cantas empresas emprenderon. Aquel home, que viaxara por América desde o sur ata o norte, foi sempre o confidente silencioso dos seus atrevementos. Morreu aos corenta e nove anos e para elas nunca envelleceu. Se houbese que buscar unha clave para interpretar a raíz das súas aventuras, non cabe dúbida ningunha de que esa raíz había que atopala no seu pai morto. Elas vivían buscando sempre a súa aprobación.

Realmente, debeu de ser un home notable. No seu taller de Calcova, converteu nun camión un turismo que se accidentou na estrada, quedando convertido nunha chea de chatarra. O avó comprouno, trasladouno ao seu taller nun carro de vacas e converteuno nunha camioneta de caixa curta. De acordo coas súas fillas, decidiu dedicalo ao transporte do peixe, comezando así unha actividade que as faría famosas anos despois.

Non lles resultou fácil contratar os primeiros portes. Os armadores estaban afeitos a tratar con homes, cos que podían regatear intercalando os xuramentos de rigor, e non estaban dispostos a tratar con mulleres. Só a forza de insistencia e grazas á mediación do chofer que contrataran conseguiron algúns. Pero non eran suficientes e idearon unha artimaña: como algúns armadores tiñan, ademais, comercio, empezaron a comprarlles a crédito, obrigándoos así a darlles portes se querían cobrar. Con aquela camioneta viaxaban coa carga ata A Coruña, pero necesitaban tamén portes de retorno. Para conseguilos visitaban os comerciantes establecidos na ruta, aos que se lles ofrecían para traer mercadoría desde os almacéns da Coruña. As dificultades de comunicación entre eses almacéns, que vendían por xunto, e os comerciantes da ruta, que vendían ao detalle, facía necesario que ao cargar a mercadoría no almacén se pagase en man o importe do seu valor. O transportista tiña que levar o diñeiro do comerciante para pagar no almacén a mercancía que debía traer, o que dificultaba a contratación de portes, porque o comerciante prefería transportistas de confianza dos que sabía que podía fiarse, o que non sucedía con elas que eran estrañas. Iso obrigábaas a buscar fiadores que as avalasen e, en ocasións, a comprar pola súa conta a mercancía que lles vendían despois aos comerciantes do camiño.

- Unha vez - díxome tía María- trouxemos de retorno o camiión cargado de sacas de aveá.

- Como foi iso? - preguntei.

E a miña tía contoume con todo detalle aquela aventura, da que, sen dúbida, estaba moi orgullosa.

- Verás - díxome- , nós levamos á Coruña unha carga de lagostas e non conseguimos portes de retorno. Cando pasei por un almacén, vin na fiestra



Celia e María Rivas

do escaparate uns pratos con avea. Entroume a curiosidade e entrei preguntar canto valía o quilo. O empregado díxome que a avea non se vendía por quilos senón por sacas. Entón preguntei canto valía cada saca. O empregado díxome que cada saca de avea branca custaba vinte e tres pesetas e vinte e unha a de avea negra. Pareceume unha bicoca, porque nós comprabamos a avea moito máis cara.

Interrompín o relato para lle preguntar á miña tía para que servía a avea.

- A avea serve para sementar herba. Cando nos milleirais aínda non se recolleron as plantas de millo, seméntase a avea para que, cando se retiren as plantas, haxa nos milleirais herba para o gando.

- E todos os labradores sementan avea? - insistín.

- Naquelas datas si - respondeume.

- Pero non me interrompas que se me vai o santo ao ceo - engadiu.

Calei para que a miña tía non perdesse o fío e esta continuou o seu relato:

- Cando souben cal era o prezo da avea, calculei cantas sacas podían caber no camiión e o prezo ao que podía vender cada saca e saíame unha ganancia importante, co que resolveríamos o problema dos portes e aínda sobraba moito diñeiro. Saín correndo para contarlle a Celia o que atopara, pero polo camiño deime de conta de que non tiña o diñeiro para comprar as sacas e tampouco coñecía suficientemente o dono do almacén para pedirlle que me fise a mercancía. Entroume unha gran tristeza pola contrariedade, posto que eu sabía que podía vender cada saca a sesenta pesetas e a ganancia estaba á vista. En cen sacas podía gañar tres mil setecentas pesetas e esa cantidade era moi difícil de conseguir naquel tempo. Senteime e a amargura que tiña era tanta que non puiden evitar que me caesen unhas bágoas. Desesperada pola miña impotencia, golpeei o banco cos meus puños, pero a xente que pasaba quedaba mirando e apresureime a saír de alí. Andei sen rumbo fixo ata que me atopei diante dun almacén de xabón con cuxo dono falara algunha vez con motivo de levarlles mercancía de retorno para os comerciantes da ruta. Sen saber ben o que facía entrei no almacén e preguntei polo dono. O dono era un home moi atento e escoitoume en silencio. O que eu lle dixen era o que podía gañar coas sacas de avea pola diferenza entre o prezo de custo e o de venda e ofrecínlle unha comisión se el adiantaba o diñeiro, posto que eu estaba lonxe da miña casa e non podía atopar quen mo prestase. Nin sequera me decatei de que lle estaba proponendo un negocio a un señor que apenas coñecía, pero estaba tan convencida das vantaxes da miña proposición que non me parei a pensar en que podía mandarme a paseo con poucos miramentos. O dono escoitou o que eu lle dixen, quedou algo pensativo e despois díxome:

- Estou convencido de que é un bo negocio para vostede e para Marcelino Alonso, o dono do almacén. Pero non lle vou dar os cartos nin cobrarlle ningunha comisión. O que vou facer é darlle unha carta para Marcelino.

Escribiu unhas letras nun papel amarelo con tinta vermella e deumo para que llo entregase ao dono do almacén. Eu estáballe tan agradecida que o bicaría, pero limíteime a darlle as grazas repetidamente.

- Non me dea as grazas de momento - díxome-, porque vostede non sabe aínda se Marcelino Alonso aceptará ou non. Se acepta, déalle as grazas a el. Eu sentireime ben pagado se podo axudala, porque vostede inspírame confianza.

- Era un cabaleiro - dixo a miña tía, a modo de comentario.

- Cando cheguei ao almacén de Marcelino Alonso - continuou a miña tía- deille a carta ao dono e cando terminou de lela, díxome:

- Imos ver, mulleriña, por que non me dixo a min o que quería antes de falar co meu colega?

- Non me atrevín, señor - contestei eu.

Sorriu e dixo:

- Eu non como a ninguén, muller, e ademais basta verlle a cara para saber que é de fiar.

Vin o ceo aberto e dixeron con ansiedade:

- Daquela, fíame a mercancía?.

- Claro - contestou- , pode vostede levar as sacas de avea que queira.

- Moitas grazas, señor - dixeron apresuradamente- ; vou buscar o camiión.

- Vaia, vaia, aquí a espero - dixo sorrindo.

Saín correndo buscar a Celia. O corazón latexábame tan apresuradamente que tiveron que parar un intre para poder respirar. Sentía un abafo no peito, coma se non puidese controlar a miña respiración, e asusteime.

- Ten calma, María - dixeron para min- , non vaia ser que o botes todo a perder agora que conseguiches o que querías.

Aos poucos fun recuperando a calma e, cando notei que a miña respiración se normalizara, volvíñ emprender o camiño en busca de Celia e do camiión. Celia, coa calma que puña sempre nos seus asuntos, díxome:

- Díxoche cando temos que pagarlle?.

- Non falamos diso - contestei eu-, pero supoño que o faremos cando volvamos á Coruña.

Naquel momento entroume a preocupación pola venda das sacas de avea, que quedara relegada pola máis urxente necesidade de conseguir

o diñeiro para a compra. Tiña que programar un plan que nos permitise vender aquelas sacas no menor tempo posible. Pensei que podíamos ofrecer a mercancía en todos os almacéns da ruta, o que significaba investir moito tempo antes de chegar á casa. Non era un plan moi viable porque nos levaría máis tempo do que dispuñamos, pero tiña a vantaxe de que nos permitía estudar o mercado e comprobar a saída que tiña.

Logo de cargar o camiión e amarrar os sacos para que non fosen caendo polo camiño, tapámoslos cunha lona e emprendemos o camiño de regreso a Fisterra. A estrada era entón de grava e barro e estaba marcada polos sucos que os camiións ían facendo na calzada, de modo que non se podía correr moito e había que evitar saír do suco para non desequilibrar a carga, xa que isto podía facernos envorcar. Nesas condicións a estabilidade do vehículo era escasa e as precaucións que había que tomar non eran pequenas. Postos xa na estrada, fomos parando nos almacéns que había na ruta e o éxito, como eu calculara, foi inmediato. Non puidemos vender toda a mercancía, pero vendemos a suficiente para recuperar o prezo de custo. A partir dese momento xa non paramos máis, porque se facía tarde e aínda nos faltaba a maior parte do percorrido ata chegar a Fisterra. Cando chagamos era xa de madrugada, pero mamá e as nenas aínda non se deitaran, preocupadas pola nosa tardanza. Subín visitar a papá, que se achaba enfermo na cama, para contarlle o negocio que fixeramos. O meu pai, que sempre foi un home moi prudente, escoitou o meu relato e debeu de parecerlle algo aventurada a miña actuación, porque me dixo:

- Está ben, María, pero non esquezas que tes que vender as sacas.

Eu aínda non lle contara que venderamos polo camiño as suficientes para pagar o custo e aproveitei o momento para satisfacer a miña vaidade:

- Non hai problema, papá, xa vendemos polo camiño as suficientes sacas para pagar o custo.

Calou, pero observei que deixou asomar un sorriso de orgullo mentres eu me despedía del.

Aquela noite soñei que levamos a avea a Mallas e que os veciños a sementaron entre o millo. Milagrosamente medrou tanto a herba que afogou as plantas de millo e os veciños botábanme a min a culpa do desastre. Perseguíanme pola aldea e eu trataba de chegar a Calcova, pero as pernas non me obedecían. Cando estaban a piques de alcanzarme, chegou Celia que me chamaba para levar as sacas a Mallas. Conteille o meu pesadelo e Celia díxome:

- Ese é bo sinal, María, o que quere dicir é que as sementes son de boa calidade.

- E ti como o sabes? - preguntei.

- Eu non o sei, María, pero ti si e por iso soñaches que medraban tanto. A xente de Mallas estará encantada coa semente e para o próximo ano pedirannos máis.

Calei e non lle dixeran o que se me ocorreu:

- E se, coma no meu soño, medran tanto que afogan o millo, que pode pasar?

Pero non dixeran nada, Celia non entendería o meu comentario, porque ela nunca saía da realidade ou iso me parecía a min. En calquera caso, non quería desanimala, así que me erguín e fomos vender as sacas de aveá a Mallas. Vendémolas todas ao prezo que pediamos. Foi un éxito rotundo e eu andaba pola casa coa cabeza alta, esperando que as miñas irmás me fixesen reverencias ao pasar, pero tanto a miña nai como as miñas irmás facían a súa vida de sempre e non se acordaban xa das sacas de aveá. Outras tarefas ocupaban o afán de cada día e non había tempo para mirar atrás.

Cando a miña tía terminou o seu relato, eu estaba conmovida.

- Que valentes erades! - dixeran con admiración.

A miña tía sorriume e dixo sen darlle importancia:

- Iso era o pan de cada día, filla.

En 1932 cambiaron de camión. Aquel primeiro camión, do que as irmás Rivas estaban tan orgullosas porque o construíu o seu pai, non daba máis de si e as avarías sucedíanse, o que obrigaba o seu pai a ocupar todo o seu tempo en reparalas. Pero en 1932, o meu avó contraeu unha enfermidade pulmonar que lle impedía traballar no taller e o vello camión, sen a axuda do avó, non podía manterse na estrada. As miñas tías, co consentimento do seu pai, decidiron comprar un camión que substituíse o vello. O 25 de abril, día de san Marcos, trouxeron o camión novo: un Chevrolet de chasis longo, que podía soportar un peso de catro mil quilos. Con ese camión pensaban ampliar o negocio do transporte, do que xa ían coñecendo a complexidade profesional.

Entraron na casa para informar o seu pai da chegada do novo camión. O avó deixounas falar, como facía sempre, e despois, dirixíndose a María, dixo:

- Mira, María, ata agora tivestes que depender dun chofer para traballar co camión. Por que non aprendes ti a conducir?

A miña tía quedou sorprendida pola proposta do seu pai e non se lle ocorreu outra resposta que a de dicir:

- Papá, como vou eu conducir un camión sendo muller?

- A min - díxome a miña tía- nunca se me ocorreu pensar que unha muller puidese conducir un camión.

Pero o avó replicoulle:

- En Estados Unidos vin conducir a moitas mulleres e facíano tan ben coma os homes. Por que non vas poder facelo ti?

A resposta da miña tía non se fixo esperar:

- Aquí non conduce ningunha muller, papá.

- Aínda non, filla - insistiu o meu avó- , pero farano e ti podes ser a primeira.

A miña tía era unha muller atrevida, pero non tanto como para exporse a que a sinalasen co dedo. Estaba disposta a facer o que fixese outra muller, pero non a ser a primeira.

- Eu non me atrevo, papá, teño medo - dixo, e estaba a piques de chorar por ter que contrariar o seu pai.

Daquela falou Celia, que estivera calada mentres a súa irmá María falaba co seu pai:

- Podo aprender a conducir eu, papá?

O avó fixo un xesto afirmativo e non dixo nada. As súas fillas comprenderon que non quería seguir falando e saíron do cuarto.

IV CELIA

Tenho a impresión, neste instante, de que acabo de facer o exame de conducir. O enxeñeiro achegouse ao camión, onde xa estaba eu ao volante, e díxome:

- Señorita, baixe do vehículo.

Eu baixei do camión e quedei ao seu lado. Entón o enxeñeiro dixo:

- Que suba o que se vai a examinar.

E eu volvíñ subir. O enxeñeiro quedou mirándome e engadiu:

- Dixen que suba o que se vai a examinar, non vostede.

Nese momento achegouse o axudante cunha ficha na man e díxolle algo ao oído ao enxeñeiro. Este escoitou o que lle dicía, miroume a min con cara de sorpresa e díxome:

- Está vostede segura de que quere examinarse?

- Segura - contestei.

- Entón, arranque - ordenoume.

Demos unha volta pola zona. Insistiu en que aparcase ao bordo da beirarrúa, primeiro cara a adiante e despois cara a atrás. Cando paramos, díxome que tiña que pór o camión a punto, para o que desmontou as buxías. Para min todo aquilo foi carne sen ósos. Practicara moito antes de ir examinarme, a sabendas de que se non o facía todo á perfección non me aprobarían.

Cando volvemos ao lugar de orixe, díxome:

- Felicítoa. É a primeira vez que examino unha muller, pero vostede fíxoo mellor ca ningún home dos que eu examinei. Parabéns! Está vostede aprobada.

Sentín dentro de min unha calor que me subía desde os pés e se concentraba no meu rostro. Deberon de saírme as cores do arco da vella. O enxeñeiro sorriu.

- Non irá pórse nerviosa agora? - dixo.

- Non, é que estou moi contenta - contestei.

- Por que quixo aprender a conducir? - preguntoume.

- Porque temos un camión na casa e non hai quen o conduza - contestei sen moita convicción.

- Non ten irmáns? - volveu preguntar.

- Aquí non; o único que teño está en América - contestei con certa desgana.

- Pois deséxolle sorte - díxome antes de irse.

A miña irmá María, que me acompañou, abrazouse a min.

- Que contento estaría papá se te vise agora! - díxome conmovida.
- Máis contento estaría se foses ti a que obtiveses o carné - repliquei.
- Si, é certo, pero eu non vallo para iso - dixo a miña irmá.
- En fin, agora xa podemos ir soas co camiión - concluí.

A partir daquel día nunca deixei o camiión noutras mans mentres puiden evitalo. O camiión era a miña arma de traballo e eu sentíao como un ser vivo que obedecía as miñas ordes sen protestar. Parecíame ata que respiraba ou que xemía cando o esforzo era grande, ou que estaba contento cando todo saía ao pedir de boca. O camiión e eu formabamos unha parella cunha linguaxe propia para mellor entendernos. Calquera ruído do camiión tiña para min un significado; era coma se cada ruído me enviase unha mensaxe que eu traducía de inmediato. O resultado foi unha simbiose perfecta: eu proxectábame no camiión e este era o resultado da miña proxección.

- Vou ver o que lle pasa ao meu noivo - dicíalle eu a María.
- Dálle recordos meus - replicaba a miña irmá.
- Dareillos da túa parte - concluía eu.

Estas bromas reflecten o grao de entendemento ao que chegamos co camiión. A miña atención durante a viaxe estaba sempre centrada no que levaba entre as mans, que nunca era só un volante, senón todo o vehículo. Cando pasaba por algunha fochanca e se resentían as bestas do camiión, era eu a que sentía no meu corpo o impacto, e a dor que iso me producía reflectía anticipadamente o dano sufrido no chasis. Esa sensibilidade para percibir os danos do vehículo a través do ruído axudábame moito cando ía aos talleres porque sempre lles indicaba aos mecánicos onde estaba a avaría. Ás veces, sorprendíanse tanto de que eu soubese onde estaba o fallo que os mecánicos foron correndo a voz de que tiña facultades adiviñadoras. Iso deume certo prestixio, pero, como adoita pasar en casos similares, tamén infundía medo, posto que supuñan que esas facultades de adiviñar se estendían a todas as demais actividades. Realmente, a suposta facultade adiviñadora redúcese case sempre a simple concentración. Cando podemos concentrarnos en algo sen desviar a nosa atención do asunto principal, acabamos por saber non só o que sucede, senón tamén o que sucederá despois como lóxica consecuencia. Isto que digo puiden comprobalo ao longo da miña vida, calquera que fose a actividade que exercese. Pero non se nace con esa facultade, senón que se adquire coa práctica. Sentirse unha soa cousa coa natureza, aprender a respirar ao unísono co mundo que nos rodea, produce unha sensación inefable. De súpeto, unha dáse de conta de que o mundo respira por ti ou que ti es o pulmón do mundo, de tal modo que, se ti deixas de respirar, o mundo que te rodea perecerá sen remedio. Neses momentos sentíame coma se estivese



Carné de conducir de 1ª de Celia Rivas. 1932

sostendo a bóla do mundo sen cansarme, coma se fose unha desas estatuas que se ven nos parques.

“Só cando se quere se pode” me dicía unha mestra da miña idade infantil, e eu crina. Desde entón souben que para alcanzar algo só fai falta querelo de verdade.

- María, ti cres que podemos saír adiante?

- Claro, non o dubides, Celia.

- Non, se eu non o dubido, o que quería saber era se tampouco o dubidas ti.

Papá morrera e a miña nai non acababa de entenderse connosco. María era para min, e creo que tamén para as miñas irmás, a directora. Un día díxenllo:

- María, ti es a que debe dirixirnos.

- Non digas iso, Celia, eu non sei dirixir, o único que podo facer é axudarche, pero nada máis.

Desde entón quedou nun segundo plano e eu, sen que ninguén mo indicase, adquirín cada día maior responsabilidade. De min dependía o transporte. Había que mover o camión para poder pagar os prazos. E dedicámonos durante unha tempada ao transporte do cuarzo para a fábrica de Carbuos Metálicos, SA, de Cee.

O cuarzo é un mineral branco e cristalino que a xente do campo extraía de minas improvisadas. Bastaba ver algunha pedra de cuarzo asomando á

superficie para que os propietarios do terreiro ou algún socio destes escavasen en busca do filón. Algunhas veces o filón acabábase pronto, pero outras estendíase cara ao fondo, o que esixía unha escavación máis profunda. Como non se apuntalaba adecuadamente, ás veces producíanse derrubamentos.

Acórdome agora dun deses derrubamentos que tivo lugar en Gures, unha pequena aldea do concello de Cee, situada na aba dunha montaña que baixa en declive ata o mar. O mineiro chamábase José Lourido, un canteiro de profesión que, xunto cos seus irmáns, explotaba a mina. Nun derrubamento quedou enterrado e unha barrena de ferro cravóuselle no baixo ventre, e saíulle por detrás. Ninguén se atreveu a arrincarlla e levárono á casa nunha padiola improvisada, e tivo que ser el mesmo o que a arrincase do seu corpo ante a imposibilidade de que, polo tamaño da barrena, puidese entrar na casa con ela cravada.

Aquel episodio causoume unha gran tristeza. Eu coñecía a José desde había algún tempo. Iniciáramos unha boa amizade debido a que era o xefe da mina, co que eu tiña que entenderme para contratar o transporte do cuarzo. Era un home alegre que chanceaba con todo:

- Atopamos ouro, Celia, canto nos cobras polo transporte dunha tonelada?

- Por ser para ti, confórmome cun peso de prata - contestaba eu, seguindo a broma.

- Terá que ser un peso de ouro, confórmaste con iso?

- Non, ou é de prata ou non hai trato - contestaba eu para seguir coa broma.

- Entón teremos que volver enterrar o ouro ata que atopemos a prata - replicábame el, choscándome un ollo.

Deixou unha viúva e unha filla, ás que procurei consolar o mellor que puiden, pero nada do que lles dixen lles serviu de alivio. Cando saín de alí, pensei: “Seguro que agora seguirá chanceando cos anxos”, pero tampouco este pensamento me serviu de consolo a min.

A morte de José Lourido non cambiou nada. O suceso considerouse como un accidente desgraciado e os seus irmáns seguiron facendo o mesmo traballo que facían antes. Nós transportabamos o cuarzo desde a mina ata a fábrica, pero, desde o accidente, o cuarzo para min xa non tiña a cor branca e brillante que tanto me gustaba antes. O mineral adquirira a cor da morte, pálido e amarelado, e xa non me divertía o seu transporte, así que fun deixándoo aos poucos con varios pretextos, ata que me substituíron totalmente outros transportistas.

Mentres tanto, as miñas irmás continuaban coa compravenda do peixe que eu transportaba á Coruña. O retorno facíámolo cargados de mercancía

propia ou allea, que non sempre era fácil de atopar. María era a encargada de buscar a mercancia allea ou de comprar a propia. Chegaba sempre con présas:

- Imos, Celia, estanos esperando o encargado de Coloniales; quere que lle levemos a mercancia ata Vimianzo.

- Xa vou - contestaba eu mentres me dispuña a acender o camiión.

Un día cargamos o camiión con plantas de repolo. María decatouse de que facían falta plantas de repolo nas aldeas da ruta e axustou un bo prezo cuns almacéns da Coruña. Déronnolas case de balde, porque eran plantas sobrantas dun pedido e podíanse perder se non se plantaban. Nin sequera tivemos que pagalas.

- Vostedes lévenas e págannos as que vendan - díxonos o encargado.

- E que pasa coas que non vendamos - dixo María.

- Tírenas, aquí perderíanse igualmente - dixo o encargado.

Fixemos fardos de cincocentas plantas e metemos os fardos no camiión. De camiño á casa, ocorréusenos preguntar nun almacén de Vimianzo:

- Teñen vostedes plantas de repolo?

- Non nos quedan - contestaron.

- Pois, se lles interesa, podemos venderlles algunhas - dixo María sen moito entusiasmo.

- A como as venden? - preguntaron.

- Canto nos pagaría vostede por planta? - respondeu María con outra pregunta.

E chegamos a un acordo, pois vendémoslles todos os fardos a bo prezo. María estaba exultante:

- Celia, somos unhas comerciantes de primeira - díxome sen ocultar o seu alborozo.

- Non está mal - contestei con certa indiferenza.

María indignouse:

- Como! Non che parece un bo negocio?

- Si, muller, pero agora hai que pensar na seguinte operación; esta xa terminou - contestei sen maior entusiasmo.

A miña irmá calou. Non acababa de gustarlle o que eu lle dixen, pero eu empezaba a sentirme pouco satisfeita co que estabamos facendo. Quería máis. Soñaba cunha gran frota de camiións dedicados ao transporte por toda España. Víame conducindo en todos e cada un daqueles camiións e, ao mesmo tempo, víame nunha oficina coordinando todas as viaxes. Ás veces, sorprendíame a min mesma, dicindo en voz alta:

- Unha cousa cada vez, Celia; non se poden facer todas ao mesmo tempo.

Pero non podía contarlles ás miñas irmás cales eran os meus soños para non desanimalas. Elas crían, crérono sempre, que eu era unha muller práctica e non souberon nunca con cantos negocios soñei. Ás veces, en momentos de lecer, disparábame dicíndolles o que podíamos facer. Pero elas nunca creron que se tratase dun soño, unha fantasía. Tomaban totalmente en serio todo o que dicía e, en máis dunha ocasión, aceptaban a miña proposta con verdadeiro xúbilo:

- É formidable, Celia, fagámolo!

Tiña que ser eu a que daba marcha atrás, porque sempre tivera a cordura de distinguir entre o que era unha simple fantasía e a realidade. E a única realidade que eu admitín sempre era a posible. O imposible era fantasía. María díxome unha vez:

- Celia, como sabes ti o que é posible e o que non?

- Seino - contestaba eu sen máis explicacións. Pero iso só era certo nos asuntos aos que me dedicaba plenamente. Aos demais asuntos nin sequera lles prestaba atención e, algunhas veces, as miñas respostas parecían incongruentes. Xa me pasaba iso de pequena.

- Celia, viches un burro voando? - dicía o meu irmán Ramón.

- Non - contestaba eu.

- Pois acaba de pasar - insistía el.

- Ah, si? - dicía eu.

- Que boba es, Celia, como vai voar un burro? - dicía o meu irmán, partíndose de risa.

Tamén a miña nai dicía en ocasións o mesmo.

- Es unha inxenua, Celia; non todo o que di a xente é verdade.

Eu calaba, pero sabía moi ben que non todo o que din os demais, e ata o que di unha mesma, é certo. Con todo, debía dar a impresión de demasiado crédula, debido á miña falta de interese na maior parte das conversas alleas. En realidade, podía illarme de todo o que sucedía á miña beira e concentrarme nun único asunto: aquel que reclamaba a miña atención. Contestaba mecanicamente, con monosílabos, sen decatarme do que me dicían. Ese costume desconcertaba ata ás miñas irmás, que sempre pensaron que eu tiña moi mala memoria.

- Pero, non te acordas?

- Non - contestaba eu.

- Pois preguntámoscho e ti, contéstanos - repetían unha e outra vez.

- Síntoo, pero non me acordo de nada - insistía eu.

- Vaia desmemoriada! - dicían, deixándome por imposible.

O meu traballo de condutora de camión sorprendía a todo o mundo, non só aos homes, senón tamén, e seica en maior medida, ás

mulleres. Cando falaban comigo, adoitaban confesarme que tiñan unha idea diferente de min. Eu penso que debían crer que era algo marimacho.

- Pois como criades que era? - preguntaba eu.

Dubidaban antes de contestar:

- Muller, supuñamos que eras máis alta - contestaban sen moita convicción.

- E que máis? - insistía eu.

- Non sei, máis forte quizais - e miraban para outro lado.

Pero eu non cambiaba de conversación:

- Pensabades que era tan forte coma un home?

- Máis ou menos igual - confesaban con certo rubor.

- Pois xa vedes que non, mozas - concluía eu, sorrindo.

Tamén os homes se sorprendían cando me coñecían. Oíran falar de min porque naqueles tempos unha muller que conducía un camión non pasaba desapercibida. Algún, cando adquiría certa confianza comigo, dicíame:

- Alégrome de que sexas así, Celia.

- Así como? - preguntaba eu.

- Tal como es - respondía sen maior compromiso.

Pero eu insistía:

- E como che parece a ti que son?

- Pois non crin que foses tan feminina - confesaba, á fin, con certo rubor.

- Grazas, home, pola túa sinceridade - dicía eu riseira.

Ser unha muller e conducir un camión parecían dúas cousas incompatibles. Os máis proclives a aceptar a situación, imaxinaban con todo que a muller tiña que ser o máis parecida posible a un home: alta, forte, con algo de bigote e andares masculinos. Esta imaxe estereotipada de muller-home predominaba sobre calquera outra consideración razoable. Cando se atopaban comigo, que era máis ben pequena, gordinha e de cara redonda, a imaxe cabaluna que se forxaran de min víñaselles abaixo. Algunha vez, ao marcharme, logo de estar cun grupo de mulleres, oía que se dicían unhas a outras:

- Oe, non tiña esta unha irmá que conducía camiións.

Algunha do grupo contestaba entón:

- Non, muller, a condutora é ela.

- Pois non o parece, esta parece normal - dicía a primeira.

De acordo co que parecía normal, eu non podía conducir camiións. Conducir non era entón unha actividade normal e, sobre todo, non era frecuente nin sequera entre os homes. Aprender a conducir parecía moi difícil para quen estaban pouco afeito a ver vehículos rodando polas súas

estradas. A xente de pobo consideraba case milagrosa a automoción: todo o que non fose o coche de cabalos era cousa do díaño. Só desde ese punto de vista se pode entender que ao verme pasar a min conducindo un camión se persignasen as señoras.

Os homes, en cambio, logo de verme ou de falar comigo, convertíanse pronto en admiradores. Eu era para eles unha personaxe mítica, unha especie de lenda vivente, e creaban ao redor de min un halo de misterio que me facía única entre as da miña especie e por iso mostraban cara a min un respecto pouco común.

- Celia, podemos falar contigo?

- Claro.

- Resultouche moi difícil aprender a conducir?

- Non.

- Carallo!, que lista es!

- Non creas, para conducir non fai falta ser moi lista, basta con ter atención.

- Pois se eu soubese conducir, tería resolto o meu futuro.

- E por que non aprendes?

- Porque non son tan listo coma ti.

A conversación non daba máis de si. Permanecían ao meu lado, sen dicir nada, contentos de estar preto de min e de ver como conducía.

Tampouco na miña vila se entendía a miña decisión de conducir un camión. Ao principio sorprendeu e ata se falaba de min con certa admiración. Pero aos poucos, a admiración converteuse en envexa e despois en inquina. O pretexto era a competencia que lles facía aos homes.

- Onde imos parar! Se as outras mulleres fan o mesmo déixannos sen traballo.

- En fin, non é para tanto; foi unha muller moi valente decidíndose a conducir o seu propio camión.

- Valente? Un “marimacho”!

- Pois xa me gustaría a min ter ese “marimacho” para min.

- Ti es parvo, para que queres unha muller así?

- Home, iso nin se pregunta.

Conversacións coma esa repetíanse a miúdo. A min viñan contarmo, non sei se para pórme en garda ou para pórme nerviosa. Sempre había algunha veciña que me contaba esas conversacións da pe a pa. Tiven que plantarme.

- Mira, non quero que volvas contarme máis chismes sobre min.

- Muller, fágoo porque che quero ben.

- Pois non me queiras tanto, porque eu non quero saber de máis chismes.

- Carallo, como te pos! Nin que fose eu a que di esas cousas de ti.
- Está ben, pero tampouco quero que repitas o que din outros. Prefiro non sabelo. E agradeceríache que non foses pregoándoo por aí.

- Descoida, muller, non che volverei contar nada. Vaia un carácter!

O contido desta conversación repetiuse máis dunha vez. Verdadeiramente, molestábame que viñesen contarme o que dician de min. Perturbábanme e iso prexudicaba o meu traballo.

A miña irmá María andaba sempre ao quite:

- Iso é que che teñen envexa, Celia; non te preocupes.

Todo isto recórdoo agora coa mesma nitidez do momento en que se produciu. As anécdotas amontóanseme unhas sobre outras e teño que facer un grande esforzo para ordenalas. Non sei se o conseguirei, porque os sucesos da miña vida pasada, vistos desde este cuarto, preséntanse de súpeto diante de min, sen orde cronolóxica ningunha, como se acabasen de suceder, ou mellor, coma se estivesen sucedendo agora.

Volvendo aos feitos, estaba evocando os comentarios dos meus veciños cando me viron conducindo un camión, o que resultaba entón insólito nunha muller. Máis tarde foron afacéndose e, aínda que nunca pasei desapercibida, fun aceptada no gremio de condutores con relativa



Parte posterior do permiso de conducción de 1ª de Celia Rivas. 1932

naturalidade. Pero xa dixeran que ao principio non foi así. Cando me atopaba con algún camión que seguía a miña mesma ruta, aceleraban de inmediato para que eu non lles pasase. O problema non estaba en correr máis, senón en ter o mellor posto para descargar na lonxa da Coruña, á que todos coñecían co nome do Muro. Chegar ao Muro o primeiro garantía unha mellor venda. Eu tiña un camión novo, que corría máis ca a maioría, e podía adiantarlles con facilidade. Os camioneiros non podían tolerar que lles pasase unha muller e conducían polo centro da estrada ou pola esquerda para evitar que o fixese. Pero eu tiña moita paciencia e esperaba o momento en que se descoidaban para pasar a toda velocidade. Un día, no Muro, oín unha conversación entre dous camioneiros que non sabían que eu os estaba oíndo:

- Non hai nada que facer; esa muller sempre consegue pasarme - dixo un.

- E a min tamén - contestou o outro- . É moi home esa muller - concluíu o primeiro.

V LILÍ

A morte do avó sumiu a miña nai e as miñas tías nunha profunda tristeza. Para elas o avó era o inspirador de todas as súas empresas e o mellor conselleiro. Inculcoulles a idea de que as mulleres podían facer os mesmos traballos ca os homes, fóra daqueles que correspondesen á natureza propia do seu sexo. A súa estancia no estranxeiro déralle á súa vida novos horizontes, evidentemente máis amplos ca os dos seus veciños. Eu imaxínomo loitando contra a superstición do contorno, tratando de abrir a mente das súas fillas para que puidesen adquirir os coñecementos que xa tiñan as mulleres doutros países. E imaxino tamén que a miña avoa, moito máis conservadora ca o seu marido, non vería con moi bos ollos que as súas fillas recibisen unha educación tan liberal. O resultado daquela educación reflectiuse en dúas áreas netamente diferenciadas: a área moral, case unicamente circunscrita ao sexo, e a área da actividade empresarial. Tanto a miña nai como as miñas tías eran moi conservadoras en cuestións de moral sexual e moi liberais, en cambio, en cuestións empresariais. O sexo era un tema tabú na familia e, segundo elas crían, en todas as mulleres decentes. Con todo, nos negocios, pensaban que as mulleres podían actuar coa mesma liberdade ca os homes. Estas dúas actitudes eran, penso eu, produto da educación recibida dos seus pais.

Mentres viviu o avó Joaquín, a miña avoa Pepa só se ocupaba da educación moral das súas fillas. O avó tiña outros labores, entre eles o de exercer de árbitro nos conflitos que xurdían entre as fillas e a súa nai cando as actividades daquelas afectaban os costumes tradicionais. Cando morreu, ese labor de arbitraje xa non puido exercela ningún e os conflitos entre elas multiplicáronse.

Naquelas datas, as mulleres non eran maiores de idade ata os vinte e tres anos, aínda que podían independizarse aos vinte e un se tomaban estado civil ou relixioso, é dicir, se casaban ou se facían monxas. As miñas tías non alcanzaran aínda a maioría de idade e dependían da súa nai para as súas actividades comerciais. Era ela a que tiña que dar a súa autorización para realizar calquera transacción e non estaba disposta a comprometerse con algo que non entendía. Para seguir adiante cos seus proxectos, as fillas utilizaban unha artimaña que sempre lles deu resultado: consistía en dicir que o proxecto fora idea do seu pai. E a avoa, por respecto á memoria do seu marido morto, case sempre daba a súa autorización, aínda que o proxecto fose demasiado atrevido para ser desenvolvido por mulleres.

Cando puideron desfacerse da tutela da súa nai, non o dubidaron e deixárona de lado. Eu lémbroa, nos seus últimos anos, recluída no seu cuarto,

do que saía para visitar as miñas fillas pequenas, subindo lentamente as escaleiras, para chegar ao piso superior no que eu vivía. Ás veces oía cantar cancións relixiosas, sempre de madrugada, cando sabía que non podían oír as súas fillas que durmían o primeiro sono, ou a atopaba preparando a súa propia comida na cociña do seu piso, sen permitir a miña axuda, “porque as comidas que fan os demais prexudican a miña saúde”. Aquelas comidas sen sal que inxería a avoa non eran comestibles pero, grazas a elas e a que Deus así o quixo, puido vivir ata os noventa e oito anos. A propósito, recordo agora que un sobriño meu moi pequeno probou a comida da avoa e, ao día seguinte, pediulle a unha das miñas tías que lle dese daquela comida. A miña tía tratou de disuadilo e díxolle que a comida da avoa era lixo. E o neno gritaba:

- Quero lixo! Quero lixo!

- E iso que demostra?

- Demostra que a comida da avoa non era tan incomedible como pensabamos as persoas maiores.

Mamá Celia aprendeu a conducir porque era “ídea de papá”. A axencia que lles vendeu o camiión, aquel Chevrolet que substituíu o de construción caseira, mandoulles tamén un chofer co que aprendeu a conducir. Para obter o carné tivo que examinarse na Coruña, aloxándose nunha pensión a cuxos donos coñecera o seu pai como emigrantes en Cuba. Obtivo o carné cando aínda non cumprira os vinte anos.

A partir daquel acontecemento, as irmás Rivas xa non dependían dun chofer e puideron dedicarse aos negocios do transporte con maior liberdade de acción. Transportaban peixe para os mercados da Coruña, madeira para os serradoiros e cuarzo para a fábrica de Carburos Metálicos, SA, en Brens. Tanto a madeira como o cuarzo transportábase por conta allea, pero o peixe tiñan que compralo nos portos da comarca, en competencia con outros compradores.

En 1932 pescábase en Fisterra con artes de praia e consistían nunha especie de saco calado no mar, preto da praia, arrastrado desde terra por persoas, animais e máquinas. Dábanlle traballo a moita xente e pescaban sardiña, a especie máis abundante, e calquera outra especie que tivese o seu hábitat na praia. Naturalmente, as artes non se podían calar todos os días, non só porque esgotarían o caladoiro, senón tamén porque a momentánea abundancia faría baixar os prezos ata límites non rendibles. Por esa razón, os distintos propietarios repartían os días en que se podía largar o aparello, tanto no litoral de Fisterra como no doutros municipios.

Pero a sardiña non só se pescaba con artes de praia. Había outra arte tradicional, a única que quedou desde que se prohibiron as artes de praia: o xeito. As redes de xeito cálanse desde un barco e pescan á deriva, suxeitas á

embarcación que as cala. A sardiña que traían estes barcos comprábase en terra, pero, para evitar a competencia, os compradores facíano tamén no mar, percorrendo cunha lancha os caladoiros. As irmás Rivas tiveron que facer o mesmo ca os demais e era tía María, *Betera*, como a chamabamos a miña curmá e eu, a que percorría os caladoiros nunha lancha.

- E non te mareabas?

- Mareábame moito, pero cando hai que facer un traballo, nena, faise.

Logo de comprar a sardiña, transportábase ao almacén e salgábase ou cargábase no camión para a súa revenda noutros mercados. A que se salgaba metíase en lagares e, ao cabo duns días, prensábase en tabais que, máis tarde, eran enviados aos distintos mercados de España, especialmente do sur.

A necesidade de atopar peixe obrigou as irmás Rivas a saír de Fisterra e percorrer outros portos. Un deles estaba no Pindo e para chegar a el había que cruzar o río Xallas pola desembocadura, sobre o que non había ponte. Para pasar dun a outro lado do río había un barqueiro, que facía o percorrido cando había suficiente pasaxe. As irmás tiñan, ás veces, présa para chegar ao porto e recorrían ao primeiro pescador que estivese cerca. Se a urxencia era grande, contrataban a calquera persoa aínda que non a coñecesen e, en máis dunha ocasión, tiveron que saír a nado para evitar o acoso do barqueiro de quenda. Todos sabían que levaban moito diñeiro para pagar a sardiña que compraban e non faltaban os atracadores que, disfrazados de pescadores xenerosos, intentaban roubarlles a bolsa. A pesar de todo, sempre saíron do paso sen maior dano.

Cando non se dedicaban ao transporte, facían os labores da casa coma calquera veciña. Pero, aínda nese caso, estaban sempre pendentes dalgún negocio. Nunha ocasión, cando aínda vivía o seu pai, viron desde a fiestra da súa casa uns vultos flotando no mar. O seu pai, que xa padecía a última enfermidade, estaba na cama e as súas fillas consultaron con el.

- Papá, hai moitos vultos flotando no mar.

- Observade desde terra, fillas, pero non vos metades no mar; neste tempo é perigoso.

As súas fillas calaron pero, cando se viron soas, organizaron a captura dos vultos. A Celia e Ferreiro, o marido dunha curmá, correspondeulles a praia de Talón e María e Julita tiveron que ir á Moíña, unha boleira de cantos rodados situada máis ao sur. Os vultos pasaron por Talón demasiado lonxe de terra, pero na Moíña estaban xa suficientemente cerca. María e Julita comprobaron que se trataba de barricas de madeira, baleiras e novas, e, a pesar das recomendacións do seu pai, metéronse no mar para atrapalas. Con axuda dun varal puideron achegar á beira catorce barricas. Pero entre a praia

e a estrada hai demasiado desnivel e elas soas nunca poderían subilas. Cando estaban calculando a mellor forma de facelo, viron chegar dous homes, o que complicaba a operación porque, se saían buscar axuda, os dous homes faríanse cargo das barricas ao tratarse de bens sen dono abandonados. María fíxose cargo da situación e díxolles aos dous homes:

- Se nos axudades a subilas, imos a medias.

Eles aceptaron a proposición e empuxaron as barricas facéndoo rodar costa arriba, mentres elas as ían calzando para que non volvesen rodar costa abaixo. Ao chegar ao alto, os homes decidiron que o mellor era ir a Sardiñeiro para preguntar o que daba o comercio de Lestón por elas. Fóronse os dous homes e as dúas irmás quedaron á beira do alixo. Cando volveron, informaron que Lestón daba quince pesetas por cada barrica. E, antes de que se decidise nada, María dixo:

- Ese prezo tamén o damos nós.

Houbo certo desconcerto entre os dous homes pero aceptaron, seica porque era máis fácil levar as barricas ata Calcova, o domicilio dos Rivas, que ata Sardiñeiro. Cando chegaron, atoparon a Celia e a Ferreiro, que só puideran coller unha barrica sen fondo. María subiu correndo ao cuarto do seu pai.

- Papá, temos catorce barricas pero tivemos que compralas a sete peseta e media cada unha.

- Está ben, levade as barricas ao baixo da casa, pónede unha debaixo da miña fiestra e golpeade nela; polo son saberei se son boas ou malas.

Fixérono. O pai sorriu cando oíu o son.

- Son boas - dixo. E María mandou subir as irmás.

- Papá, os homes que nos venderon as barricas están esperando na porta e hai que pagarlles.

- Xa o sei, muller, dílles que esperen un pouco. Ti, Julita, vaite a Mallas, a casa de Chico, e dille da miña parte que che preste cento cincuenta pesetas.

Cando chegou Julita, pagáronlles aos homes. Despois gardaron as barricas no almacén da horta e deixaron fóra a barrica sen fondo que atoparan en Talón. Pronto, como xa previran, chegaron os carabineiros, informados por algún denunciante do paso das barricas pola praia.

- Onde están as barricas que collestes?

- Só collemos esta, e ensináronlle a barrica sen fondo.

- Se colledes algunha boa xa sabedes que debedes dar parte. Se non o facedes, teredes multa e comiso. Entendido?

- Entendido.

Eu pregunteille á miña tía se cría que os carabineiros as creron.

- Non o sei - contestou- , en calquera caso, marcharon.

- E que pasou despois?

- Pasou que vendemos as barricas un ano despois, en Carballo, a trescentas pesetas cada unha.

As irmás Rivas ocupábanse tamén de transportar xente ás romarías da provincia. Naquelas datas, a loita pola supervivencia era enorme, así que as expresións festivas eran tan necesarias como o traballo. Acudir ás romarías significaba descansar, darlles saída ás preocupacións diarias, distraerse.

A romaría de San Campio, que se celebraba e se celebra aínda no municipio de Serra de Outes, tiña fama de curar as enfermidades nerviosas. Ese tipo de enfermidades adóitanse sufrir frecuentemente en países de moita bruma e pouca luminosidade e, naturalmente, en Galicia.

Os romeus, de escasas posibilidades económicas, alugaban un cuarto e, para repartir o custo, durmían nela homes e mulleres que apenas se coñecían ou que se coñecían só de participar nalgún acto relixioso. Oín dicir que, nunha ocasión, unha parella deitouse xunto a outras parellas e, pola mañá, a muller díxolle ao marido:

- Es un imprudente!

- Por que? - contestou o marido.

- Home, insistiches en estar comigo e aínda que tratei de persuadirte de que non o fixeses, non descansaches ata conseguilo.

- Si? Non me acordo.

- Pois non creo que estiveses bébedo.

Calou o marido, prudentemente, pero máis tarde confioulle a un amigo:

- O peor do caso é que nin sequera podo dicirlle á miña muller que eu non fun.

A maior parte dos romeus eran familiares dalgún enfermo. Entre os campesiños, asóciase a vida dos homes á vida da natureza e, así como as plantas sofren no inverno unha transformación negativa, tamén algúns homes sofren algunha transformación. Cando iso sucede, os campesiños pensan que ese home ten o demo no corpo. A romaría de San Campio serve para botar eses demos.

Todos os anos, as irmás Rivas organizaban unha viaxe para asistir á romaría. Nun deses anos, cando xa tiñan preparada a viaxe, organizouse unha folga de transportes e o camiión non puido saír. Para resolver a situación, ocorréuselles alugar un barco e trasladar os viaxeiros por mar desde Fisterra ata a Serra de Outes. Conseguiron un que lles cobraba setenta e cinco pesetas e avisaron os seus clientes de que podían ir á romaría ao prezo de dez pesetas por persoa. Todos aceptaron e embarcaron en Calcova, aproveitando as posibilidades que lles ofrecía a praiña da

Pombeira. Encargáronse da expedición María e Julita, e quedou Celia á espera do que sucedese coa folga de transportes. Navegaron sen problemas ata a ría de Noia, pero o patrón do barco coñecía mal a ría e embarrancaron nun banco de area. Para poder seguir tiñan que esperar á nova marea e, na espera, consumiron todas as provisións que levaban e, como non podían saír de alí, os pasaxeiros empezaron a queixarse de fame. Menos mal que un dos homes se tirou ao mar e colleu berberechos, que todos comeron, crus naturalmente.

Cando subiu a marea puideron seguir ata Outes, e fixeron desde alí a viaxe a pé ata o lugar da romaría. Aquela noite durmiron todas as mulleres nun cuarto, mentres os homes se divertían na rúa e, ao día seguinte, oíron misa, e cada un deulle ao santo a ofrenda que lle prometera. De volta xa, un romeiro contou que presenciara un deses espectáculos que adoitan verse, de cando en vez, en San Campio. Parece ser que os familiares dun enfermo o levaron á romaría co pretexto de que ían divertirse. Pero, cando chegaron alí, os familiares invitárono a bicar o santo, ao que se negou e, nese momento, a xente que había ao redor empezou a gritar:

- E teno!, e teno!

Isto exacerbou o ánimo do enfermo, que tivo que loitar non só contra os seus familiares senón tamén contra os miróns. Ás veces, aínda que non sucedeu así neste caso, o enfermo acurralado vomita e os que o acosan berran:

- É o demo, é o demo - entendendo que o vómito é o demo expulsado.

- Ningún dos viaxeiros que foron connosco tiña o demo no corpo - interrompeu a miña nai, mentres a miña tía contaba a historia.

- Era boa xente - sentenciou a miña tía.

O demo botárono todos máis tarde, na viaxe de volta. Á altura do Pindo levantouse temporal. O barco empinábase no mar e volvía caer con estrondo, mentres as ondas corrían de proa a popa. Os pasaxeiros vomitaban todo o que tiñan dentro do seu corpo e non faltou o gracioso que, a pesar de todo, berraba:

- Bótao fóra!, bótao fóra!

Desembarcaron en Corcubión e esperaron alí a que Celia fose buscalos co camiión, posto que a folga xa rematara.

- Foi unha aventura interesante - comentei eu cando a miña tía terminou o seu relato.

- Pero non foi moi agradable. Cando chegamos á casa, prometemos non volver organizar nunca máis unha viaxe por mar - contestou a miña tía.

- O único bo recordo que nos quedou foi o de descubrir o ben que sabían os berberechos crus - concluíu a miña nai a modo de corolario.

VI CELIA

Recupero agora as miñas lembranzas tal como chegan. E entre os meus recordos adquire especial protagonismo a praia de Langosteira, estirada ao bordo da casa onde pasei os anos da miña infancia. Véxome correndo naquela praia, detrás do meu irmán, ao que non chegaba a alcanzar nunca, mentres María e Palmira xogaban a ser tendeiros. A min non me apetecía ser tendeira. As miñas preferencias decantábanse por oficios máis prácticos, como vestir bonecas, facer zapatos para o can ou labrar a praia cun arado de xoguete, arrastrado polo meu can favorito. Non podía entender que as miñas irmás puidesen divertirse simulando que os anacos de tella eran moedas ou que a area era azucre ou sal ou calquera outro ingrediente culinario. A min parecíanme parvadas. Eu quería xogar a facer cousas, para o que transformaba o can ao meu gusto, converténdoo en vaca, en cabalo ou ata en cabaleiro. Podo acordarme agora dunha tarde na que me atrevín a afastarme de casa, ata San Roque, acompañada polo meu can, ao que lle puxen sobre a súa anca unha vara de carreteiro, que tiña un aguillón na súa punta, disposta a conquistar aquel extremo da praia que eu imaxinaba en poder dos inimigos. A min tñanme prohibido afastarme do anaco de praia máis próximo á miña casa e, cando se decataron de que me encamiñaba ao outro extremo, mandaron o meu irmán buscarme. Cando o meu irmán chegou xunto a min, díxome malhumorado:

- Onde vas, Celia?
- Vou conquistar a praia.
- E non tes medo?
- Non; deféndeme o cabaleiro que me acompaña.
- Pois eu non vexo a ningún, a non ser que consideres o can como un cabaleiro.
- Ti non cres que o meu can me defenderá coma un cabaleiro?
- Supoño que mellor, porque nestes tempos, Celia, os cabaleiros xa non defenden as damas.
- Non te creo; papá díxome que se son unha verdadeira dama sempre terei un cabaleiro que me defenda.
- E ti consideras que es unha verdadeira dama?
- Ti non?

É curioso que lembre agora exactamente as palabras que pronunciamos o meu irmán e eu. É coma se as estivese oíndo nun magnetófono. Sentamos no medio da praia. O meu irmán retirou a vara de

carreiteiro da anca do can e este, ao sentirse libre daquel peso, saíu correndo detrás das gaivotas. O meu irmán dixo daquela, sinalando o can:

- Parece que o teu cabaleiro te abandona.

- Iso pasa porque se deu de conta de que agora es ti o cabaleiro - contestei.

Cando volvemos para a casa, a miña nai non foi tan comprensiva coma o meu irmán Ramón e deume unha losqueada.

- Así aprenderás a non desobedecerme - dixo.

Eu nin sequera chorei. Pasei olímpicamente da reprimenda.

Aquela praia chega agora á miña mente. Paréceme que se fixo moito máis grande, coma se fose un deserto no que eu ando perdida. Dóeme a cabeza. “Demasiado sol”, dígame a min mesma. Intento refrescarme no mar pero non podo evocalo, paréceme que queda demasiado lonxe e que non se ve desde a praia. Trato de marcar os límites, pero non podo porque a praia non termina nunca e estou desorientada. Oíu a voz de papá.

- Celia, non che dixen que debes usar o compás?

- Perdino, papá.

- Entón debes orientarte polo sol; lembra que, cando está no alto, podes reconecer o sur, e cando está moi baixo e é pola tarde, sinala o oeste.

- Xa o sei, papá, tamén sei que pola mañá marca o leste, pero agora non sei se é mañá ou tarde.

- Hai moito que estás aquí, Celia?

- Non o sei.

- Entón é pola tarde, o que ves en fronte é o oeste, e ti debes camiñar en sentido contrario.

- Para que, papá?

- Para recuperar a túa infancia, filla.

- Ah!, xa me acordo.

Agora xa podo correr de novo pola praia. Saio cara ás figueiras que medran xunto ao río. Os figos están maduros e apetéceme comer algún, pero están moi altos. Preparo unha cana que ten unha amosega nun extremo, levántoa ata o rabiño do figo, doulle media volta á cana e o figo cae. Chegan as miñas irmás, que tamén queren figos, pero elas poden subir á árbore e comelos subidas sen que lles caia ningún. Non quero humillarme pedíndolles algún e marchu coa cabeza alta.

- Xa non me gustan os figos.

Achégame á casa. A miña nai está facendo a comida. Cando estea feita, María levaralla a papá, que traballa no alto do monte como mantedor das instalacións de Marconi. María non me deixa ir con ela.

- Ti andas demasiado amodo, Celia; non chegaríamos nunca.

Eu boto a correr para demostrar o lixeira que son, pero non convenzo a miña irmá.

- Está ben, Celia, podes correr, pero non se trata de correr senón de andar e ti tes o paso moi pequeno.

Intento alongar o paso, apoiándome no pé esquerdo, o cal me queda atrás, e caio escarranchada. A miña nai, que presencia a escena, bótase a rir. Eu síntome ofendida e voume sen dicir nada.

Agora teño xa algúns anos máis. Medrei. O meu lugar ocúpao Julita, que repite, máis ou menos, todo o que eu facía antes. En realidade, non sei ben se se trata dela ou de min, porque me movo nunha nube onde as lembranzas non aparecen nítidas. O que si aparece aos meus ollos, con toda claridade, é o taller onde papá traballa. Hai encima da mesa diversos obxectos: unha escopeta de caza, dous ou tres reloxos de peto, un reloxo de parede, varios espertadores, a rella dun arado de madeira, cravos grandes e a lamia dun carro do país. Nun recuncho, vexo a forxa. Achégome a ela e tiro do cordel que colga do fol. Papá, que está traballando, sorri.

Uns días antes pregunteille a Ramón:

- É papá o mellor mecánico de Fisterra?

- Papá é o mellor mecánico do mundo - contestou el.

- Pois eu tamén quero ser mecánico.

- Síntoo, Celia, pero ese non é oficio de mulleres.

- Por que non?

- Porque hai que ter moita forza - o meu irmán dobrou o brazo polo cóbado e fixo unha bóla no antebrazo.

- Podes ti facer unha bóla como a miña? - eu intentei facer o mesmo ca Ramón, pero a bóla non apareceu-. Ves agora por que non podes ser mecánico?

Naquel momento sentínme unha muller frustrada, porque quería aprender o oficio de papá e non podía. Pregunteille á miña irmá:

- María, por que non nacemos homes?

- Non o sei, Celia, será porque facían falta mulleres no mundo.

- E para que serven as mulleres?

- Para ser mamás, porque os homes non poden ser mamás.

- Ser mamá é importante?

- Claro, o máis importante.

Pero eu non estaba moi segura, para min papá era máis importante ca mamá. E preguntei:

- Quen é para ti máis importante, papá ou mamá?

A miña irmá nin sequera dubidou.

- Os dous son importantes, Celia, e non me fagas máis preguntas que me mareas.

O bulebule das miñas lembranzas trasládame a Mallas. Renovo a paisaxe, impregnada de verde. Mareas ondulantes de verde: nas leiras de millo que se estenden por todo o val, nas coles aliñadas no medio da herba, na revoltosa avea e na multiplicidade das árbores froiteiras. No poboado está a casa dos meus avós. O meu avó Ramón nunca sabe o meu nome: chámame María ou Palmira ou Julita e raramente Celia. Cando me chama polo meu nome sintome enormemente orgullosa. Pregúntame, como sempre:

- Como está a túa nai?

- Ben - contesto-, e papá tamén está ben - engado.

Pero a última frase nunca a escoita porque xa se foi. Achégome á avoa e pregúntolle:

- Avoa, por que o avó nunca me pregunta por papá?

A avoa mírame sorprendida.

- Non o sei - di-, pero non te preocupes por iso; o avó está xa moi vello e anda un pouco ido.

Non sei o que é ido, pero non pregunto. E recordo que o avó navegou por todo os mares.

- Cantos mares hai, avoa?

- Non o sei, nena, pero debe haber moitos, porque o avó tardou moitos anos en percorrelos.

- Cantos anos?

- Non o sei exactamente, pero marchou de neno, como grumete, e non terminou de percorrer todos os mares ata que foi vello.

- Caray! - digo eu-, pois si que debe haber moitos.

A miña avoa Lola era sempre moi atenta e cariñosa comigo. Contábame contos, moitos contos. Na súa casa paraban todos os paraugueiros e afiadores ambulantes. Reuníanse na cociña, á beira do lume e cada un contaba o seu conto. Despois de cear botábanse á beira da leñeira, encima dalgunha palla e, ao abrir o día, íanse. A miña avoa contábame a min, despois, os contos que a ela lle contaban os seus hóspedes. Todos empezaban coa mesma frase: "Había unha vez..." Ás veces, contábame un conto que xa me contara antes. A min non me importaba, porque me gustaba oíla. Algunha vez durmín oíndoa. Entón a avoa tapábame cunha manta e deixábame durmir. Se se facía moi tarde, viña a miña nai buscarme e rifaba coa avoa.

- Conséntela demasiado, mamá.

E mamá espertábame. Á avoa dáballe pena.

- Muller, déixaa durmir; a criatura é tan pacífica que queda durmida en calquera sitio.

Pero mamá consideraba que non debía ceder.

- Ten que espelirse.

A avoa encollíase de ombreiros.

- Xa o fará ao seu debido tempo.

Pasou o tempo, pero pouco. O tempo non quere apresurarse e eu non acabo de medrar. María está xa moi alta. Palmira tamén medrou. Eu engordo. Trato de andar no bico dos pés e papá dime que así andan as bailarinas. Pero cánsome pronto.

- Papá, as bailarinas non cansan de andar no bico dos pés?

- Non, elas adestran moito.

- Que é adestrar?

- Facer moito exercicio, filla.

- Ti cres que eu podo aprender a bailar?

- Claro, podes aprender todo o que queiras.

Desde aquel día decidín que sería bailarina, pero María díxome que había que estudar moito para selo.

- Ti como o sabes? - preguntei.

- Díxomo papá - contestoume.

Máis tarde atopeime co meu pai.

- Onde se estuda para bailarina?

O meu pai sorriu.

- En colexios especiais, filla.

- Hainos aquí?

- Non, aquí non; eses colexios están nas cidades.

Eu calei, pero quedei moi triste. Se non había colexios en Fisterra, eu nunca podería estudar para bailarina, a non ser, claro, que papá volvease a Cuba e me levase con el. Pola noite, antes de deitarme, recei:

-E que papá volva a Cuba e me leve con el.

Papá nunca me levou a Cuba, pero levoume un día á Coruña. Durante o traxecto, María íame ensinando todo o que se vía desde a estrada, pero a min doíame a cabeza e non me fixei en case nada. Eu só desexaba chegar. Na cidade vimos un escaparate cun manequín. María e eu confundímolos cun señor e saudámolo. Cando chegou papá díxonos que se trataba dun manequín. Eu pregunteille de que estaba feito, porque parecía un home de verdade. Papá díxome que estaba feito de cartón e a min custoume moito crelo porque parecía de carne.

Ese día subimos tamén a un tranvía. Eu nunca vira un tranvía e pareceume un invento formidable. Percorremos un traxecto que terminaba na Torre. Eu crin que era unha igrexa e papá díxonos que era un faro e que o construíron os romanos. Eu tampouco sabía quen eran os romanos. Nin sequera o sei ben hoxe, agás que eran uns soldados que viñeran de Roma.

As miñas lembranzas da Coruña naquela época non pasan de aí. Anos máis tarde fixen en tranvía o traxecto desde Riazor ata a Torre, pasando por Santa Catalina, que era a nosa zona de aloxamento, só para acordarme daquela primeira vez. Na praza de Santa Catalina estaba o Hotel A Paz. Non lembro de me aloxar nunca noutro hotel. A dona foi sempre para nós coma unha nai.

Naquela primeira viaxe á Coruña eu tiña a secreta esperanza de ver algunha bailarina. Supuña que andarían pola rúa, camiñando no bico dos pés e cos brazos abertos. Pero non vin a ninguén que camiñase así. Levei unha certa decepción, pero non dixen nada, porque tiña medo de que me considerasen coma unha parva. Cando volvíamos para a casa, pregunteille a María:

- Ti viches algunha bailarina?

- Non; as bailarinas non andan polas rúas, actúan nos teatros - díxome a miña irmá.

Pero eu tampouco sabía que era un teatro e María díxome que era un local onde actuaban bailarinas e outros artistas.

Eu estaba moi orgullosa do que sabía a miña irmá María. Non sabía tanto coma papá, pero sabía moito. Con todo, non me atrevía a preguntarlle demasiado para que non descubrise a miña ignorancia. Ás veces, aínda que non sabía de que se estaba falando, dábase por coñecedora, coma se estivese ao cabo da rúa de todo. O meu irmán Ramón ríase de min.

- Celia, non tes nada que preguntar?

- Non - contestaba eu moi digna.

Cando chegamos á casa de volta daquela primeira viaxe, a min ninguén me preguntou nada. Á que asediaban a preguntas era a María e ela explicaba, punto por punto, as nosas andainas pola cidade. Algunha vez eu achegábame ao grupo e dicía:

- Eu tamén estiven na Coruña.

Pero a ninguén lle interesaba o que eu tiña que dicir. Naquelas datas, eu carecía de importancia. Empecei a tela uns anos máis tarde, cando os vestidos me quedaban pequenos e non me servían os que usaran María ou Palmira, porque elas eran moito máis miúdas ca min. A frase “hai que comprarlle roupa a Celia” oíase moito na casa cada vez que algún membro da familia acudía ao comercio. A min soábame a música celestial.

Pero non foi só a roupa a que marcou o meu crecemento. Tamén os mozos tiveron algo que ver, desde que empezaron a achegarse a min, facendo caracoleos coma os galos no curral, sen dicir nada e tratando de lucirse coas súas habilidades nos xogos. Houbo un máis atrevido ca os demais que me dixo se podía acompañarme á casa. Estabamos na praia e achegouseme. Só me acordo de que era louro e tiña os ollos azuis.

- Podo acompañarte pola praia?
- A praia non é miña.
- Pero moléstache que camiñe ao teu lado?
- Non podo impedilo, se é iso o que queres.
- O que eu quero é falar contigo.
- Tampouco podo taparche a boca.
- Entón, non che importará que che diga que me gustas.
- Aínda que me importe, non podo impedir que fales.
- Pero, impórtache?
- Non o sei. Mellor dito, creo que non.

Aquel raparigo gustábame. Vía con frecuencia nos pastos do gando ou na praia ou á saída da casa da avoa. Non se achegaba á nosa casa porque, ao parecer, tíñalle medo ás miñas irmás maiores.

- As miñas irmás non comen a ninguén - díciálle eu.
- Iso xa o sei, pero probablemente se burlarán de min - contestaba. - É posible - confirmaba eu.
- Pois deixémolo así.

Era tan respectuoso que nunca se achegaba demasiado a min. Parecía máis o meu anxo da garda ca o meu admirador. Un día preguntoume se podía bicar o meu pelo.

- Só se eu non vexo - respondín.
- Pois pecha os ollos.
- Non, así non vale, ten que ser sen que eu me dea de conta.
- Vale, poreime detrás de ti.

E fíxoo. Sentín un pequeno tirón na trenza e notei que o meu corpo tremía lixeiramente. A calor coloreou as miñas fazulas; ruboriceime porque tiveron a impresión de que perdera a inocencia, así que escapei, correndo, para a miña casa. Pensei que, en diante, xa nada sería igual. Pero, ao día seguinte, nada cambiara e, cando me atopei co meu admirador de novo, nin sequera mencionamos o asunto.

Non sei por que veu agora á miña memoria aquel episodio da miña vida adolescente. En todos os anos da miña vida adulta, nunca me acordei dese primeiro admirador. Pero nestes momentos, nos que repaso a miña vida coa urxencia dos que están xa ao final do camiño, ese episodio recobra un primeiro plano que eu nunca pensara darlle. E, ao recordalo, aínda me emociono.

Medrei máis. Papá fixera un camiión no taller e nós, María e eu, empezamos a traballar con el. María deume a noticia.

- Celia, papá fixo un camiión no taller.
- Iso é imposible, búrlaste de min?

- Non, de verdade, recordas aquel turismo esnaquizado que trouxo papá para o taller.

- Si.

- Pois papá transformouno nun camión.

- E anda?

- Naturalmente, papá xa avisou a un chofer para probalo.

- Pois eu quero velo.

- Agora non podemos porque papá teno gardado e non quere que ninguén o vexa ata que poida probalo.

- Entón, como o sabes ti?

- Porque mo dixo papá, el quere que nós nos dediquemos ao transporte.

- Si?, e como o faremos?

- Compraremos peixe para vender na Coruña e traeremos da Coruña mercancía para os comerciantes de Fisterra.

- Ti cres que saberemos facelo?

- Claro que si, xa o falei todo con papá.

Con aquel camión saído do taller de papá, empezamos o noso traballo de comerciantes. Ata entón eu fixera de modista, de labradora, de cociñeira e ata de experta no encaixe de palillos. A partir daquela data xa nunca puideron volver practicar aqueles oficios.

María iniciou o novo oficio con entusiasmo contaxioso. Visitou os comerciantes de Fisterra para conseguir portes de retorno, falou cos pescadores para comprar o peixe, calculou prezos e consultou con papá en todo o que ela non alcanzaba a entender. As demais irmás íamos a remolque: animándoa a seguir adiante ou acompañándoa onde non estaba ben visto que fose unha muller soa. Aos poucos, quedou claro que debía ser eu a que acompañase a María, porque Palmira pasaba moito tempo enferma e Julita era aínda moi pequena.

María non me comunicaba os seus proxectos ata que xa decidira levalos á práctica. Ás veces, chamábame no último momento.

- Celia, ven comigo.

- A onde?

- Direicho polo camiño.

Non me daba tempo nin para arranaxme. Polo camiño íame explicando o plan que ideara e a forma de poñelo en práctica. Eu tiña fe cega en María e colaboraba nos seus proxectos con entusiasmo.

Nesa época xa non estaba o meu irmán Ramón. Fórase a América nunha das viaxes de papá e non volvera, así que, cando necesitabamos a axuda dun home, chamabamos a Isidoro, un parente da idade de María,

aproximadamente, á que seguía sen protestas cada vez que ela o requiría. Con el facía o mesmo ca comigo.

- Isidoro, tes que vir connosco á Coruña.

- Está ben, a que hora saímos?

Neste momento, a imaxe de Isidoro co pantalón atado cun cordel, que facía as veces de cinto, os pés descalzos e o torso espido aparece, en primeiro lugar, entre os recordos daquela época. Vêxoo traballando na praia, cargando caixas de sardiña para o camiión que deixabamos ao bordo do camiño, ou arranzando as rodas que se picaran. Adquiriu tal habilidade nestes mesteres que se fixo imprescindible nas viaxes. Isidoro podía substituír unha roda, en caso de apuro, cunha almofadiña que ataba con cordeis, evitando así que o disco se deteriorase mentres non chegabamos ao taller máis próximo. Co tempo, aquela habilidade converteuse nun vicio e, cando tivo coche propio, aquelas chapuzas convertéronse en arranxos normais. O coche de Isidoro chegou a ser o máis coñecido da comarca. Todas as pezas estaban atadas por cordeis ou por arames. As chapuzas non sempre eran debidas ao seu xeito de ser, senón que se debían, na maior parte dos casos, a que non tiña diñeiro para comprar pezas de recambio. Parecía un milagre que, en tales condicións, puidese seguir o seu coche rodando polas estradas.

Para as viaxes que faciamos á Coruña, tiñamos contratado un chofer que só miraba á fronte e nunca desviaba a vista cara aos lados. María íalle indicando algún posible perigo que podía xurdir pola dereita ou pola esquerda.

- Ten coidado con ese vaca, que pode cruzar a estrada.

- Que teña coidado ela; eu vou polo meu camiño.

- Si, pero se chocamos con ela, podemos ter algún problema.

- Non te preocupes, muller, as vacas son moi listas, non ves que non son burricanas?

E ríase a gargalladas do seu propio chiste.

Papá dábase de conta de que, dependendo dun chofer, estabamos moi limitadas, á parte do que había que pagarlle. E tratou de convencer a María de que debía aprender a conducir. Pero María non se atreveu. A ninguén se lle ocorría, naquela época, que unha muller puidese conducir un camiión, pero papá estivera no estranxeiro e vira conducir a mulleres, así que trataba de convencer a María para que aprendese. O que pasaba era que María tiña medo a que a considerasen pouco feminina ou algo parecido. A min, en cambio, non me importaba nada. Eu sabía que podía aprender a conducir e non me parecía que fose difícil facelo. E fíxeno.

VII LILÍ

O verán de 1936 foi especialmente axitado en toda España. O 18 de xullo comezou a Guerra Civil. Ata o día 25, a situación en Fisterra foi de incerteza e expectación. A partir dese día, cada cal sabía xa a que aterse. As novas autoridades non ían esquecer nada do que pasara, fose o que fose, e estaban dispostas a determinar que sucesos pasados eran admisibles e cales non. Todos os que, dunha ou doutra forma, se significaran durante a República estaban pendentes do cualificativo que as novas autoridades lle desen á súa actividade. A incerteza ocupaba o lugar da reflexión razoada. Os máis listos ou os que pretendían estar sempre nunha posición destacada apresuráronse a alistarse nas milicias da Falanxe, co que evitaron, nos primeiros momentos da guerra, que os confundisen co inimigo.

As irmás Rivas eran demasiado novas para teren veleidades políticas e, por outra banda, no mundo rural impúñase sempre o máis práctico e non o máis utópico. Sobrevivir era máis importante para elas que soñar con utopías ideolóxicas. Naqueles días apenas saían de casa, por recomendación do meu tío Manolo Mayobre, entón noivo de tía Palmira. Tío Manolo era piloto da Mariña Mercante e ingresara na Mariña de Guerra dous anos antes. Natural de Ferrol, pertencía a unha familia de militares. Había pouco tempo que fusilaran o seu irmán Carlos, ao que detiveran con outros compañeiros en zona republicana, e el ocupaba un posto destacado na Axudantía de Corcubión. Era, pois, o conselleiro adecuado para elas e, por indicación súa, as irmás adoptaron como lema nas súas actividades “ver e calar”.



Os noivos Palmira e Manuel Moyobre. Calcoba (Fisterra) 1935



María Rivas no 1936

En xuño daquel ano compraran un ómnibus de cincuenta prazas, pintado de rosa e verde, destinado a transportar mercadorías e persoas, ampliando así o negocio que viñan realizando. Cando as novas autoridades empezaron a requisar vehículos para transportar soldados e carga, a maior parte dos propietarios de vehículos escondéronos en cortes, alpendres e onde puideron, pretextando que os tiñan avariados. As irmás Rivas non tomaron esa decisión, porque tiñan que traballar para poder amortizar a compra que acababan de facer, así que tiveron que arriscarse. Os días de requisa dábanse a coñecer no concello e no xornal, pero a elas avisábaas un amigo con algúns días de antelación e adiantábanse, ofrecendo o ómnibus para levar soldados á Coruña, que simultaneaban coa carga que metían na parte superior do vehículo. Así continuaron durante algún tempo, ata que, a finais de agosto, lles comunicaron que o ómnibus quedaba requisado e ao servizo do exército.

Postas así as cousas, a miña tía Celia tivo que elixir entre dúas opcións: ou deixar que o exército levase o ómnibus, que sería conducido por calquera soldado anónimo, ou ir ela co vehículo, correndo o risco correspondente. A súa nai e as súas irmás intentaron facerlle ver que unha muller non debía ir á guerra e menos aínda de condutora, insistindo en que, se o facía, o seu xesto podía parecer atrevido e desafiante, o que non conviña a unha muller. Pero a miña tía non quería perder o seu medio de vida, porque estaba moi orgullosa do seu vehículo e sentíase moi liberada conducíndoo, así que elixiu, como sempre, o risco. Desoíndo os consellos da súa nai e das súas irmás, comunicoulles ás autoridades a súa decisión de entregar o ómnibus con ela de condutora. Chegado o momento de marchar, preparou as súas cousas nunha maleta pequena de coiro marrón, que trouxera o seu pai de Cuba e puxo a documentación nunha pequena bolsa de man, despois saíu de casa. A miña tía María interpúxose no camiño:

- Eu vou contigo, Celia, sempre te acompañei e non podo deixarte agora soa.

- Vale, ata A Coruña podes vir coma sempre - contestou Celia-, pero despois, se teño que saír co camión fóra da provincia, ti non podes vir, aínda que as autoridades te deixen, porque fas falta aquí. Julita e Palmira fan o que poden, pero sen ti o negocio non pode saír adiante. Se é necesario, podedes alugar un camión e seguir traballando. Eu volverei en canto poida.

Tía María observou que a súa irmá falaba, aparentemente, con moita tranquilidade. Aínda así, insistiu:

- Está ben, xa decidiremos iso na Coruña pero, se podo, non te deixarei ir soa; xa resolveremos despois os asuntos de casa.

Mamá Celia sorriu. Apreciaba a súa irmá e notou a súa intranquilidade, así que decidiu atender as súas recomendacións. Subiron ao ómnibus e foron botar gasolina a Fisterra. Alí buscaron a Pancho do Café e compraron a gasolina necesaria. Tiveron que pagala máis cara ca nas gasolineiras, porque Pancho vendíaa de estraperlo, pero tiñan medo de que na Coruña xa non puidesen encher. Tamén compraron roupa e algunhas conservas. Na praza, atopáronse con Manolo Mayobre, o noivo de tía Palmira, ao que lle contaron o que lles pasaba e a decisión que tomara Celia. Tío Manolo non o podía crer. El xa sabía que Celia era diferente, pero nunca pensou que a súa ousadía podía chegar a tanto. A imaxe dunha moza conducindo un ómnibus cargado de soldados para a fronte pareceulle inaceptable ata na retagarda e pensou que ela descoñecía o perigo ao que se expuña. Tratábase dunha mobilización de todos os vehículos de Galicia para levar tropas, víveres e armamento ás diferentes fronteas e xa sucederan algúns feitos sangrentos, así que se asustou. Coa maior suavidade posible, colleu polos ombreiros a Celia e díxolle:

- Non vaías, por favor, deixa que leven o coche. Non podes imaxinar ao que te enfrontas. Mira, eu podo gañar o suficiente para manter a Palmira e a todas vós; se non podemos comer trigo, comeremos boroa, pero non fagas iso, por Deus, non sigas adiante.

A miña tía comoveuse, pero sostivo a mirada do que ía ser o seu cunhado e contestou:

- Non insistas, Manolo; non podo deixar o coche en mans alleas. Teño que ir, é o único xeito de poder traelo de novo.

- Se tes sorte - replicou o seu cunhado - , e se non a tes?

- A miña vida e a túa e a de todos está nas mans de Deus - sentenciou a miña tía.

Tío Manolo estaba emocionado; pensou que había que descubrirse ante tanta valentía e só puido dicir:

- Que Deus te axude!

Á saída do ómnibus reuníronse moitas persoas de Mallas e dos arredores para despedir os soldados que se ían. Os familiares dos mozos choraban e as miñas tías, desde a cabina, ao ver as caras chorosas da súa propia familia, non puideron evitar que as bágoas brotasen dos seus ollos.

Polo camiño, María trataba de falar con Celia de cousas intrascendentes, pero esta mantíñase seria e silenciosa; estaba recapitulando

a súa vida. Todos os proxectos se truncaran. Recordaba a loita que emprendera coas súas irmás, sempre soas, enfrontadas aos maiores e aos máis listos, aos que sabían todo e nunca se equivocaban, aos que preferían perder do seu peto antes que recoñecer un erro. Non lle doía a nova situación por ser nova, senón por deixar inacabada a súa tarefa anterior. Sentíase impotente para evitar que lle arrebatasen aquel coche polo que tanto loitara e cuxo custo nin sequera puideran amortizar. Prometeuse a si mesma que nunca se separaría do ómnibus ata que puidese traelo de novo á casa. Absorta nos seus pensamentos, nin sequera oía o ruído do motor; cambiaba as marchas e movía o volante dun xeito mecánico, suavemente, sen brusquidades, evitando en todo o posible danar o vehículo, deixándose arrastrar pola rutina diaria. A través da ventá do seu vehículo, comezaban a distinguirse as formas da paisaxe, debuxadas pola alba, pero sumidas aínda no caos da escuridade. Como as formas vacilantes do amencer, os seus pensamentos amontoábanse na súa mente sen proxecto de futuro. Empezaba a sentirse frustrada.

María, que intuía o que estaba pensando Celia, tratou de distraela sinalando ao seu parente Isidoro.

- Fíxate como dorme, Celia, parece que non vai á guerra. Non ten nin chisco de medo. Sabes? Onte contoume que ía contento porque podía ver mundo e amolar a algún incauto que, segundo pensa, os hai en todas partes, e que non volverá cunha man chea de nada e a outra de cousa de ningunha. Ou sexa, que non quere dar algo por nada. Paréceme a min que os da guerra non o van a pasar ben con este, aviados van.

Pero Celia non escoitaba. E María, que non sabía como interesala na conversa, rendeuse.

- Celia, vas moi calada, nin que vises o lobo.

- Déixao durmir - contestou Celia- , o que dixo é certo, el sempre saberá defenderse e, por outra banda, non ten nada que perder, así que nunca poderán facerlle dano.

E engadiu, dirixíndose directamente a María:

- E non te preocupes máis por min; estou ben, vaia, máis ou menos coma ti. E aínda que ti e eu non somos coma Isidoro, temos que estar tan alerta coma el e conquistar cando non poidamos conseguir ou descubrir cando non poidamos ver; temos que evitar o dano que poidan facernos os que mandan.

Despois, cun sorriso forzado, continuou:

- En calquera caso, espero que o futuro non sexa tan malo como nos auguran.

María aproveitou o momento para chancear:

- Estoume acordando dalgúns homes aos que lle tomabamos o pelo; acórdaste daquel do dente de ouro, que viña de Bos Aires e se ría, ata sen ganas, para poder ensinalo. Que tío! Quería casar contigo, de súpeto, e abría continuamente a carteira para ensinar os billetes. Que estupidez! Pensaba que así podía conquistarte máis facilmente. Pobre home! E ti veña levarlle a corrente para darlle plantón despois. Canto nos rimos del no baile de Pepe do Café.

Falaba seguido, sen pausas, coma se quixese aparvar a Celia coas súas palabras. E Celia, por fin, entrou no xogo.

- Claro que me acordo, acórdome dese e doutros. Que inxenuos eran! Parece mentira que non soubesen que o único que queríamos era divertirnos.

Chegaran a Arteixo. Alí reuníanse todos os coches. Ían chegando lentamente e púñanse en fila para seguir ata a Coruña en caravana.

- Nunca vin tantos coches xuntos - dixo María.

De súpeto, un dos camións intentou adiantarlle. Celia dixo:

- É de Muxía e quere adiantarme, pero non lle vou deixar, aínda que hoxe non me importa porque imos sen carga.

A pesar de todo acelerou a marcha, non quería perder a súa fama de boa condutora. Iso era o que facía cando ían ao mercado. Chegar o primeiro era importante para ocupar os mellores postos. Isidoro espertou por mor dunha freada para evitar atropelar un cabalo. Preguntou:

- Xa chegamos á Coruña?

María fíxose a enfadada:

- Vaia, home!, como acompañante es formidable; traémoste connosco na cabina e pasas a viaxe roncando. Non mereces nin un café.

Isidoro nin se inmutou.

- Si muller, si, xa vos bastades vós; estou seguro de que non me necesidades para nada - dixo.

Cando chegaron á Coruña achegáronse á dársena, nos Cantóns, onde debían concentrarse todos os vehículos. O tenente Suárez separaba os turismos dos camións e dos ómnibus, agrupando separadamente uns e outros. Despois elixía de cada grupo os vehículos que facían falta. Os donos ou encargados dos camións esperaban á beira do seu respectivo vehículo as ordes do tenente. As fileiras de vehículos enchían os xardíns de Méndez Núñez e estendíanse polos arredores. As miñas tías oíron que facían falta ómnibus con bos condutores para recoller mouros en Mérida. Ao parecer, seleccionaban os mellores coches e, como o seu era novo e rechamante, deduciron que sería un dos seleccionados, o cal as deixou moi preocupadas. Elas mantiñanse na fila, dentro da cabina do ómnibus, ao que se achegaron algúns coñecidos para saudalas e charlar un intre.

Un deles, fillo de Lerio de Malpica, que roldaba a Celia, ofreceuse voluntario para ir conducindo no seu sitio. Ela agradeceullo, emocionada, pero rexeitou o ofrecemento, para o que alegou que tiña a obriga contraída coas súas irmás de non abandonar o vehículo. O mozo, ante a negativa de Celia, falou cos condutores e un deles achegouse ao sarxento encargado do grupo.

- Perdoe vostede, meu sarxento, esa muller non debe ir á fronte porque, cando teña a regra, estará indisposta para conducir e pode retardar o convoi.

Pero o sarxento considerou que aquela observación era unha insolencia e aproveitou a ocasión para dar unha lección de autoridade.

- Silencio! - díxolle, dándolle unha labazada- . Vostede e os demais falarán só cando eu lles pregunte.

A continuación sacou a pistola e, apuntándolle con ela ao raparigo, dixo:

- Esa señora é a condutora do vehículo e está obrigada a conducilo onde se lle mande, entendido?

O condutor que recibiu a reprimenda marchou de alí sen pestanexar e o sarxento, xa máis acougado, achegouse ao ómnibus e díxolle á miña tía Celia:

- Vostede vaia comer e volva ás tres da tarde en punto.

Despois, ao ver que as dúas irmás estaban impresionadas pola reprimenda militar que presenciaran, dixo con xesto amigable:

- Vaian comer e volvan ás tres; procuren non demorarse.

As miñas tías comeron, como de costume, no Hotel A Paz. Ao terminar, recolleron os abrigos, meteron pan e queixo nunha maleta e cincocentas pesetas no peto que levaban colgado do peito e dispuxéronse a saír. Estaban nerviosas e, coas présas, esqueceron a maleta no cuarto, marchando co posto. Cando chegaron de novo aos xardíns de Méndez Núñez, colocaron o ómnibus na fila que lle correspondía, seguindo as indicacións que lles facían por altofalante.

- Lerio, de Cerceda, co número un; o segundo coche de Lerio co número dous; Lerio, de Malpica, co número tres; Celia Rivas, co número catro... Vaian á estación de servizo de Catro Camiños e enchan; alí daranlles máis información.

Xa na estación de servizo, tiveron que esperar quenda para encher, mentres uns mecánicos examinaban as rodas e o motor. Celia, que mantivera sempre unha enteireza pouco común, abandonouse á desesperanza e díxolle á súa irmá:

- Mariquiña, escapamos?

María, sorprendida por aquel abandono de Celia, dixo:

- Por onde, Celia?

E Celia, xa sobreposta, contestou:

- Non, non podemos porque nos matan.

Ao terminar a revisión, o tenente díxolles:

- Vaian cara a abaixo e paren xunto a aquel sarxento que lles dará as últimas recomendacións.

O sarxento saudou a condutora e despois dixo:

- Aténdame ben; vai vostede para a fronte de Mérida e xa lle indicarán alí onde debe dirixirse para recoller os soldados que veñen de África. Polo camiño, se se achega a aviación vermella, apague as luces e saia do coche; tómbese na cuneta. Pero se a aviación é nacional, pode seguir.

De súpeto mirou a María, coma se a descubrise nese momento e dixo:

- Vostede baixe do coche.

- Eu vou coa miña irmá á fronte, señor - contestou María.

O sarxento dulcificou o rostro cun conato de sorriso e replicou:

- Síntoo, señorita, esta non é unha viaxe de pracer, é a guerra.

- Pero eu sempre viaxo coa miña irmá - insistiu María.

- Baixe de inmediato - dixo o sarxento xa de mal humor- ; non me obrigue a usar a forza.

María sentiu que as bágoas corrían polas súas fazulas e, mentres baixaba, invadiuna unha gran tristeza. Abatida, quedou mirando como Celia se afastaba co ómnibus, pero repúxose pronto para pensar no que debía facer.

O primeiro que debo facer, pensou, é ir á Requisa, a ver se consigo ir con Celia. Tomou o tranvía e dirixiuse á rúa de Santo Andrés. Desde alí achegouse ao Teatro Rosalía de Castro, onde o exército establecera a sede da Requisa. Entrou no edificio moi decidida, pero non atopou alí ningún mando; só viu unha señorita sen uniforme, sentada e escribindo á máquina sobre unha mesa. Non puido evitar desafogarse con ela. Ao primeiro, contoulle o que lle pasaba con certa calma, pero pronto rompeu a chorar.

- Acougue, muller, eu non podo facer nada; só podería axudarlle o capitán De Ramón, que é moi bo, pero non está; foi á dársena para determinar os destinos dos vehículos.

A miña tía decidiu que debía atopar ao capitán De Ramón e volveu á dársena, pero como non coñecía os galóns do exército, non se atreveu a preguntar polo capitán; tivo medo de que a botasen de alí a punta de pistola. Moi desanimada, encamiñouse a Catro Camiños, pero da estación de servizo xa marcharon todos os vehículos militarizados. Xa non sentía os pés de andar dun lado para outro; pasaba un tranvía para o centro e subiuse a el. Baixouse

ao final da estreita de Santo Andrés. Sentía unha calor inmensa e unha gran debilidade; apoiouse na varanda dun escaparate e pensou:

- Meu Deus, como estará Celia? Canta pena debe ter!

Pero non tiña tempo de lairse; tiña que volver ao Teatro Rosalía. E tivo sorte, porque alí atopouse coa señorita de antes e un militar con galóns que resultou ser o que buscaba. A moza, ao ver a María de novo co rostro demudado pola angustia, explicoulle ao capitán o problema das dúas irmás. María asentía coa cabeza e mostraba a súa cara de ollos chorosos e cansos, realmente conmovedores. O capitán estivo escoitando mentres movía a cabeza en sinal de asentimento e, cando a señorita terminou, levantou o teléfono, marcou un número, e dixo:

- Oia, aquí o capitán De Ramón. Que saian dous coches blindados, un pola estrada Rosais e outro pola Ponte Pasaxe, que busquen e devolvan a esta base o coche número catro e a súa condutora.

Cando colgou, dirixiuse a María.

- Non chore, señorita, agora traerán o coche e a súa irmá. Aínda temos homes para defender España.

María, logo de lles dar as grazas ao capitán e á señorita, facendo moitas reverencias, saíu correndo esperar a Celia en Catro Camiños. Cando levaba alí un intre, viu chegar o coche e comezou a chamar a Celia a berros. Cando subiu ao coche, contoulle o que pasara con todo detalle. Celia escoitouna, sen interrompela, pero cando María terminou, díxolle:

- Todo iso está ben, pero a min déronme unha orde e, mentres non teña outra, teño que cumprila, porque, creme María, hai pouco díxome o sarxento que tanto levaban ao paredón a un home como a unha muller, e estou segura de que o farán.

- Non fagas caso, muller, tranquilízate - replicou María- , que me dixo a min mesma o capitán De Ramón que non vas á fronte e eu oínlle dar a orde por teléfono, pero tes razón, agora mesmo volvo á Requisa e pido que me dean algunha credencial.

María volveu á Requisa e pediu a credencial. O capitán De Ramón considerou razoable o que dicía María e ditoulle o texto á secretaria, e despois entregoulle a credencial.

- Poñan esta credencial no parabrisas do ómnibus e espero que non volvan mandar á fronte á súa irmá, aínda que o ómnibus segue suxeito a requisa temporal. Cando o precisen xa a chamarán - dixo o capitán.

A miña tía repetiu o agradecemento polo favor que lle facían e saíu de alí. Na antesala viu a Isidoro, que adurmiñaba nunha cadeira de brazos. Ao velo, tivo a sensación de que a el nunca podería pasarlle nada, pero non o espertou. Buscou o ómnibus pola cidade e, na rúa Real, atopou

a Matías López, un profesional da Mariña, veciño de Fisterra. María preguntoulle:

- Viches por aí o coche?

- Si, vino pasar polo Campo da Leña - contestou.

E ao ver que María parecía cansada, engadiu:

- Descansa un momento, María, que che vai dar algo.

- Non podo - contestou a miña tía- , a miña irmá e eu estamos en apuros, xa che contarei.

Saíu correndo cara ao Campo da Leña. Ao pasar polo cuartel, atopou cun falanxista coñecido que lle dixo:

- Buscas a túa irmá Celia?

- Si - contestou.

- Pois vai cara ao cemiterio - aclarou o falanxista.

Ela empezou a asustarse, porque xa anoitecía. Saíu cara ao Orzán e, ao pasar por outro cuartel, preguntoulle a un soldado que estaba na porta:

- Viches pasar un ómnibus rosa e verde, conducido por unha muller?

- Si - contestou o soldado- , na porta puña Viúva de Rivas; pasou hai pouco, pero foi cara a abaixo.

María xa non podía máis e rendeuse. Sentou un momento nunha pedra, á beira do cuartel, e suspirou longamente. Por fin, decidiu volver ao hotel. Cando chegou, sentiu unha alegría inmensa ao ver o coche aparcado na praza. Subiu correndo as escaleiras e, ao atopar a Celia, as dúas irmás abrazáronse chorando.

- Celia - dixo María, axitando o papel que levaba- , estamos salvadas de momento: pon este papel no parabrisas, que é a credencial para non ir á fronte.

Agora as miñas tías xa podían volver ao traballo.

VIII CELIA

O camión, o meu primeiro camión, foise facendo vello. As estradas eran malas e o chasis resentíase dos moitos golpes recibidos. Pensamos que debiamos cambialo. A min doeume. Eu sentía polo camión un amor difícil de explicar. El era o meu compañeiro, o meu confidente, o que mellor me comprendía entre todos os obxectos que me rodeaban. Estableceuse unha especie de harmonía cósmica entre os obxectos e eu; o camión era o solista do grupo e eu sentíame perfectamente representada por el. A min encantábame dirixir o grupo de obxectos que me rodeaban, camión incluído, e sentíame ante eles como unha directora de orquestra. Eran as miñas cousas e o camión formaba parte desas cousas. Para min era perfecto, só que se fixera vello e a María non acababa de gustarlle. E decidimos cambialo por un ómnibus. Cando o deixei na casa vendedora, non puideron evitar unha bágoa. Non me fixen, con todo, ningún reproche por abandonar aquel vehículo co que me sentín tan identificada. Chegara o momento da substitución e fíxose. Iso foi todo.

O ómnibus, rosa e verde, era unha preciosidade. A parte posterior tiña asentos desmontables, para cargar de mercancía se facía falta. Pero a parte dianteira destinábase soamente a viaxeiros. Aos poucos, fixeramos xa con anterioridade unha clientela de pasaxeiros, que viaxaban connosco na cabina ou na caixa do camión. Algunhas veces contratábanos para levar xente ás festas e viámonos obrigadas a colocar bancos na caixa para que puidesen sentar os viaxeiros. O ómnibus, sen dúbida, cubrirlía mellor este servizo. Cando o vin por primeira vez, souben que podía entenderme perfectamente con el. Resultoume moi fácil conducilo; as marchas entraban silenciosamente e a dirección era moi sensible. Estaba contenta con el, non só polo que acabo de dicir, senón tamén porque tiña un aspecto encantador.

Naquela época, estabamos tan ocupadas co noso traballo que nin sequera detectamos que a sociedade estaba en ebulición. Este cualificativo, que aplico agora ás axitacións da época, dá unha idea aproximada do que sucedeu despois. Estabamos en xullo de 1936. O día 18 comezou a Guerra Civil española. Sete días máis tarde chegaron a Fistera os primeiros falanxistas. Nesa semana non nos movemos da casa, pendentes das noticias que daban pola radio. A nós o único que nos interesaba realmente era saber cando poderíamos traballar sen trabas porque, naquela situación, era demasiado perigoso saír á rúa co ómnibus, xa que nos expuñamos á acción incontrolada dalgún exaltado dun ou

doutro bando. Entre nós corría unha consigna, que non sei a cal das miñas irmás se lle ocorreu, aínda que supoño que sería a María, sen dúbida, a máis prudente de todas. “Ver e calar”, diciámonos unhas a outras cando presenciabamos algo que, na nosa opinión, debía quedar oculto. Ese lema converteuse xa para sempre no noso código de conduta.

Un día recibimos a orde de que había que levar o ómnibus á Coruña para pólo á disposición do exército. Ese día houbo na casa unha reunión familiar para decidir o que debíamos facer. A primeira que falou foi María.

- Ordénannos levar o ómnibus á Coruña - dixo- . Parece que as autoridades se propoñen organizar un convoi para levar mouros á fronte. O que debemos decidir é a quen lle encargamos que conduza o coche ata A Coruña.

Antes de que seguise falando, interrompina:

- Non buscaremos a ninguén, levareino eu.

Produciuse un silencio que ninguén se atrevía a romper. Por fin, falou mamá:

- Ti non podes levalo, Celia, estamos en guerra e é perigoso.

As miñas irmás asentiron, pero eu insistín:

- Eu son a condutora para o bo e para o malo.

Oíra esa frase nalgunha voda; soábame ben e solteina. María interveu, falando moi amodo:

- Nós temos moito que facer aquí e ti fasnos falta. Non sabemos ben o que pretenden facer co coche, pero, fagan o que fagan, non podemos impedilo. O mellor que podemos facer é que leve o ómnibus un chofer e que sexa o que Deus queira.

Eu non podía estar de acordo. Compráramos o coche con grandes esforzos e nin sequera termináramos de pagalo. Non podíamos deixar que o levase alguén a quen non lle importaba nada o que fixesen con el. Ao final da miña rápida reflexión, ocorréuseme un argumento que me pareceu definitivo.

- Se o levo eu - dixer- , é posible que me deixen volver con el.

Aquel argumento convinceunas. En realidade, era máis un desexo ca unha esperanza, pero agarrámonos a el e repetíámolo coma se fose unha oración. María, unha vez decidido que sería eu a condutora, dixo:

- Eu irei contigo.

Non me acordo se intentei disuadila ou non. Supoño que usaría os seus propios argumentos, os que ela usou comigo, para recordarlle que facía falta na casa. Ou quizais non dixer nada. Do que si me acordo é de que tiver unha conversación co meu cuñado Manolo Mayobre. Díxome o que xa supuña que me ía dicir, pero nada que puidese influír na miña decisión.

E tampouco me acordo en que momento falou comigo. O que lembro agora como se estivese sucedendo é que, logo de falar coa miña nai e coas miñas irmás, me acheguei ao coche. O ómnibus estaba ben e eu non tiña ningún motivo para achegarme a el, pero unha forza interior arrastrábame e deixei levar por ela. Subín e púxenme ao volante. Non acendín o motor senón que me agarrei ao volante, tal como fan os nenos. Pero eu non estaba imaxinando que conducía, estaba rezando. Aquel ómnibus facía, nese momento, as veces de capela. Era, ou a min pareceumo, o único lugar do mundo onde podía atopar a Deus.

Eu nunca fun unha persoa moi relixiosa. O meu pai, que exercía de liberal, non era partidario das efusións relixiosas, pero tampouco se opuña ás que practicaba a miña nai. Tiñamos certa liberdade de acción que, como case todas as mozas, aproveitabamos para non ter que seguir as indicacións de mamá. Aquel día, con todo, sentín por primeira vez a necesidade de buscar apoio en Deus.

Sempre tiven fama de valente, pero non o era, se se entende por valente a persoa que non ten medo. Tiña un medo terrible, pero, desde moi nena, prometíme a min mesma que trataría de vencelo. E por iso o medo era para min un desafío do que sempre tratei de saír triunfadora. Cando na reunión familiar dixen que eu conduciría o coche, estaba, en realidade, tratando de vencer o medo á guerra. Cando saín da reunión e quedei soa, entroume unha angustia tremenda que só se deixaba translucir no case imperceptible tremor das miñas mans, as cales só quedaron quietas cando agarrei o volante. Alí, naquela posición, atopei de novo a serenidade perdida.

María seguía aferrada ao argumento de que se eu conducía o ómnibus era posible que me deixasen volver con el e, como facía sempre, estudaba un plan, neste caso para convencer as autoridades de que necesitabamos o coche.

- Podemos dicirlles que nos ofrecemos para estar ao seu servizo dous días á semana, a ver se nos deixan traballar os demais días.

Eu non cría que aceptasen.

- Eles cumpren ordes, María; e cando non teñen ordes invéntanas, así que non creo que acepten a túa oferta.

E María, sen mirarme, dicía en voz baixa:

- Quen sabe, ata ver é bo calar.

Mentres tanto, preparaba as maletas con todo aquilo que, segundo a súa opinión, íamos necesitar durante o tempo que estivésemos fóra. María era sempre a encargada de facer ese traballo, porque planificaba mellor ca as demais. A min nin sequera me consultaba. Eu afíxenme a pedirlle a ela o que

necesitaba e ela dábamo. Nunca preguntei de onde o sacaba nin ela mo dixo, pero imaxinaba a resposta que me daría se llo preguntase.

- Pregúntoche eu, seica, como fas para ter o coche a punto.

Diría iso ou outra cousa polo estilo.

E chegou a hora. A despedida foi penosa. A miña nai nin sequera se despediu de min; seguía considerando que non debía ser eu a que levase o coche. Todas as demais estaban alí, na porta de casa, facendo enormes esforzos para non chorar. Cando acendín o motor, nin sequera mirei para atrás; non quería que visen a emoción no meu rostro.

Polo camiño fómomos atopando cos camións que habitualmente transportaban peixe á Coruña. Como ían baleiros, non tiñan necesidade de chegar os primeiros, así que fomos esperando uns polos outros, non sen que, nalgún momento, fixésemos simulacro de iniciar unha carreira, tal como faciamos outras veces. Mentres esperabamos polos camións de Laxe, achegouse a min un camioneiro.

- Como estás, Celia? - díxome.

- Ben, e ti?

- Preocupado.

- Por que? Se cadra, só queren saber con cantos vehículos contan.

- Non, Celia, isto vai en serio.

- E que nos poden facer?

- Polo menos, quedar cos nosos coches.

- Iso si que non - dixen eu alterada- ; se quedan co meu coche, terán que quedar comigo tamén.

- Pois iso, Celia, sería peor, porque nos obrigarían a ir á fronte.

- Ti prefires deixar o camiión?

- Verás, díxome, o camiión xa é vello e non perdería moito; a miña vida é para min moito máis importante.

Eu procuraba falar desenfadadamente, pero as palabras do camioneiro estabanme facendo moito dano. Non estaba disposta, con todo, a mostrar debilidade e repliquei:

- Pero ti cres que alguén quere a túa vida?

Contestoume con certo descaro:

- Non sabes ren, Celia; na fronte morren moitas persoas.

A mención da fronte foi suficientemente expresiva para os dous. A min suxeríame unha loita sen cuartel, próxima ao corpo a corpo, no que as posibilidades de vivir eran escasas. Un tremor percorreu o meu corpo, e foi suficientemente visible para o camioneiro, que intentou tranquilizarme.

- En calquera caso, Celia, a ti non te levarán á fronte.

Pero eu insistín:

- Se levan o coche, terán que levarme a min.

Aos poucos foron chegando os camións que faltaban e dirixímonos á cidade todos xuntos. Á entrada había un retén que foi pasando lista. Alí ordenáronnos que nos dirixíssemos aos xardíns de Méndez Núñez.

Non me acordo ben se foi nese momento ou despois cando fixeron baixar a María, que se resistiu o que puido, pero non serviu de nada. Ao baixar miroume e puiden ver nos seus ollos que se despedía de min. Eu fixen un xesto coa man para tranquilizala e emprendín a marcha. O que lembro agora con toda claridade é que aquel momento foi un dos máis tristes da miña vida. Cando me vin soa, sen a compañía da miña irmá, sentínme indefensa, totalmente vulnerable, rodeada de homes aos que só coñecía de vista, e lamentei, aínda que xa era tarde, a miña decisión. Pensei que debía de facerlles caso á miña nai, ás miñas irmás e a todos os que intentaron convencerme de que me equivocaba coa miña decisión. Lamentei a ousadía de querer aparentar unha valentía que non tiña e tiven a tentación de escapar, de fuxir de alí e, se podía, volver á casa e esperar alí que viñesen determe. Pero non vía posibilidade ningunha de saír ben librada e seguíu adiante por inercia, sen fixarme noutra cousa que non fose o coche que me precedía.

Cando chegamos aos Cantóns, un sarxento situou os coches por orde numérica, e informounos que ese sería o número que lle correspondía a cada coche no convoi. Aínda non marchara María cando o sarxento se achegou ao ómnibus.

- Onde está o condutor deste ómnibus? - dixo.

- Eu son a condutora - contestei.

- Vostede?

- Si señor.

- Ensíneme o permiso de conducir.

Eu ensineillo. Estivo mirándoo un intre e despois preguntou:

- Desde cando conduce vostede?

- Desde 1932 - contestei.

- Conduciu sempre ómnibus?

- Non, señor, antes conducía camións.

Mentres o sarxento me interrogaba, fóronse achegando algúns camioneiros. Un deles preguntoulle ao sarxento:

- Perdoe, meu sarxento, non sería posible deixar marchar esta muller?

- Como se atreve a interromper? - case berrou o sarxento.

- Pídlle desculpas, pero penso que cunha muller no convoi non imos seguros.

O sarxento acougou algo e preguntou:

- Por que o di?

- Explíquese!

- É que as mulleres pónense moi malas cando teñen a regra - dixo o camioneiro.

- E vostede como o sabe?

- Son casado, meu sarxento.

- Ten vostede fillos?

- Teño cinco.

- Pois se a súa muller puido criar cinco fillos coa regra, mellor pode esta señorita conducir este ómnibus.

O camioneiro quedou calado un momento e despois replicou:

- É que os demais camioneiros non estamos de acordo.

Esta observación indignou de tal modo o sarxento que o sangue lle subiu ao rostro. Quedou conxestionado, vermello o rostro e os ollos a saírenlle das órbitas. Temín que lle dese un síncope, pero reaccionou dándolle unha labazada ao camioneiro, que perdeu o equilibrio e case cae.

- Aquí o que manda son eu! Vostedes son paisanos, é dicir, nada! -

berraba como se quixese que o oísen os últimos da fila- . A min non me importa nada que vostedes estean de acordo ou non. Eu dou as ordes e vostedes obedecen.

Sacou a pistola da funda e apuntoulle con ela ao camioneiro.

- Merecía vostede que lle pegase dous tiros por insubordinación, non sei por que non o fixen; volva á fila antes de que me arrepiña - levantou a voz para que o oísen todos- . Recórdeno! Todos vostedes deben obedecer as miñas ordes. E non admito insubordinacións. A próxima vez que suceda, usarei a pistola.

Non sei por que recordo con todo detalle esta anécdota. Foi así, realmente, como eu a conto? Quen sabe. Pero si, iso si, aquel incidente deume unha idea do que era ir á guerra. O sarxento deixouno claro: nós estabamos alí para obedecer. A nosa opinión non contaba. Non estabamos alí como voluntarios; recrutáranos para ir á fronte e nada do que fixésemos podería impedilo.

Mentres escribo, as lembranzas mestúranse e, ás veces non distingo ben se o que conto sucedeu nun determinado lugar ou noutro. Pasaron moitos anos e é posible que o que agora recordo non sucedese tal como eu o conto. Intento aproximarme á verdade, pero a verdade que eu lembro agora é posible que estea viciada polo meu actual estado. En calquera caso, non deixarei de contalo e espero que as miñas irmás me perdoen se elas non o lembran do mesmo xeito.

Volvo aos Cantóns. A situación era penosa. Aquele sarxento que se comportaba como un energúmeno púxome a carne de galiña. Polo meu corpo pasaba un frío que non viña da rúa nin do interior do coche; aquel frío saía do meu interior e estaba producido polo medo. Porque eu tiña medo, un medo terrible que me afrouxaba as pernas e me producía calafríos. E no medio dese medo, que aflora agora no meu recordo, aparece o rostro dun raparigo de Malpica, amigo meu entón e co que coqueteara en máis dunha ocasión. Aquele rostro agradable, no que destacaban os ollos negros, subiu ao ómnibus e fíxome unha proposición.

- Mira, Celia, eu vin co meu tío, pero non teño camión; déixame que sexa eu o que leve o ómnibus á fronte. Non vaías ti, por favor.

Oín aquela proposición con alivio, porque alí tiña a solución dos meus problemas. A tentación era demasiado forte e estiven a piques de caer nela. Pero aquelas palabras do meu amigo de Malpica tiveron a virtude de serenarme. Pensei, de súpeto, que sempre hai unha solución para cada problema e que nunca hai que desesperar. E non aceptei.

- Canto cho agradezo - díxenlle- ; antes de chegar ti estaba asustada, pero xa me pasou o susto.

- Entón, aceptas? - díxome.

- Non, non podo facelo; non podo aceptar que te sacrifiques por min - contestei.

- Iso non importa, Celia; por ti sería capaz de facer calquera cousa - replicou.

A conversación estaba tomando un rumbo que non me gustaba; nin era o momento nin a min me interesaba que tomase a miña negativa como unha forma de coquetería.

- Moitas grazas, pero, como sabes, eu non podo facer o mesmo por ti, e tampouco podo exporte a ningún perigo; ademais - engadín sorrindo- , non mo permite o coche.

- Non te entendo - dixo sorprendido- . Quero dicir que o coche está da miña man e non podo deixalo noutras mans sen que protesten as miñas irmás - expliquei- ; iso xa o expomos antes de vir aquí e fun eu a que decidín ser a condutora: agora xa non podo volverme atrás.

A conversación interrompeuse porque o sarxento deu a orde de ir encher á gasolineira de Catro Camiños. O meu amigo tivo que baixar do ómnibus a fume de carozo e nin sequera tivemos tempo de nos dicir adeus. No meu corazón tivo, con todo, unha calorosa despedida. Nunca volví velo. Foise á fronte, non como condutor senón como soldado. Morreu alí, pero, durante moito tempo, viviu no meu afecto con especial agarimo. Ata agora o recordo con amor.

Na gasoleira de Catro Camiños enchemos. Ao saír de alí para volver aos Cantóns, atopeime con María, que me fixo acenos de que parase. Fíxeno. María xemía. Díxome que estivera correndo ata atoparme. Cando acougou, explicoume que falara co mandamáis da Requisa e que este dera a orde de que o noso coche non fose á fronte. Eu pregunteille se lle deran algunha credencial e díxome que non, pero que ía buscala. Decidimos que eu non debía volver aos Cantóns. E non volví. Dei a volta por Juan Flórez, subín por Santo Andrés ata a Torre e dei a volta pola beira do mar ata o Orzán, para volver despois ata Santo Andrés. Non me acorde de canto tempo me levou. Non podía pararme en ningún sitio por temor a que algún militar me interrogase. Tiña preparada unha resposta se me detiñan. Tiña que dicirlles que me perdera e que non sabía por onde ir. Nin sequera pensei se me crerían ou non porque só pretendía saír do paso. Polo si ou polo non, procurei conducir coa maior prudencia posible para non chamar a atención. Ao final, decidínme por aparcas en Santa Catalina. Cando chegou María coa credencial, era xa de noite e, ao atoparnos, abrazámonos chorando de alegría.

- Xa podemos volver a casa! - repetiamos unha e outra vez, abrazadas.

Nunca, nin antes nin despois, me causou tanta alegría unha frase.

IX LILÍ

A volta ao traballo foi case unha liberación. Foi como se a normalidade volveuse ás súas vidas. A xente íase afacendo á nova situación de levas, requisas e medos. Resignadamente aceptábase aquilo como unha consecuencia natural da guerra. En todo o val de Duio, os vellos, as mulleres e os nenos substituían os mozos nos labores do campo. En realidade, facían o mesmo de sempre: substituír os homes, por mor da emigración antes e da guerra agora. Celia e a súa familia trataban de sobrevivir, realizando o seu traballo habitual baixo a ameaza dunha requisa temporal, sempre inminente. E sucedeu o esperado.

Un día chegou a Calcova un raparigo de Corcubión chamado Chete, ao que coñecían desde que eran nenas. Pertencía á Falanxe e exercía na zona funcións relacionadas coa requisa das mercancías. Chegou á casa ao amencer e só se atopaban levantadas Julita e Candidita, ás que a súa nai lles encargara recoller mazás tabardilla na horta que tiñan alén da estrada. Ao oír a chamada de Chete, acudiron á porta, sobresaltadas.

- Avisade a Celia, pronto - díxolles Chete- , que traio moita présa.

- Non podes esperar? - contestou Julita- , é que se deitou tarde, porque onte tivo que facer unha viaxe a Vigo.

Chete insistiu.

- Verás, trátase dun asunto urxente.

Julita, a miña nai, de mala gana, avisou a Celia, que baixou malhumorada, mostrando aquela mirada peculiar dos seus ollos claros cando trataba de ocultar o seu enfado.

- A que veñen tantas présas? - preguntou.

Chete achegouse a Celia sorrindo.

- Síntoo, pero necesito o teu coche urxentemente, teño que cargalo con toda a requisa das aldeas e levalo despois a Ávila.

Celia non podía crer o que estaba oíndo.

- Iso non pode ser, Chete, o coche necesítoo eu, porque teño comprometida unha viaxe para Carbueros e despois teño que saír para Vigo con xurelo; xa me comprometín cos pescadores e non podo romper o trato agora.

- Pois síntoo moito, neniña, eu cumpo ordes da Coruña e, ademais, non fai falta que te molestes en vir; conducirei eu e coidarei o coche coma se fose meu.

- Non digas bobadas, Chete, ninguén pode coidar o coche coma min e xureime a min mesma non deixarllo a ninguén. Así que, se queres o coche para algún enredo, esquécese.

- Xúroche que non, Celia, son ordes da Coruña e débense cumprir con urxencia; nesas ordes non estás incluída ti.

Á miña tía, como adoitaba pasarlle cando se enfadaba, marcóuselle na cara, desde a fronte ata o pescozo, unha vea azul que resultaba moi expresiva e que o seu interlocutor coñecía moi ben; era o aviso de que ía explotar.

- Pois négome a cumprilas - dixo.

Chete esperou a que acougase e despois contestoulle, sen levantar a voz pero con determinación.

- Non podes facer iso, Celiña, estamos nunha guerra, xa sabes, e as cousas cambiaron moito. Estás obrigada a colaborar.

Calou un momento e despois, con xesto serio, engadiu:

- E ademais, son ordes e punto. Por esta vez, descansa. Levo o coche e prometo devolvercho intacto, palabra.

O aire cheiraba a mazá; a colleita de froita fora abundante e a miña nai e a miña tía Candidita recollían as mazás caídas. Pararon un momento para mirar como Chete arrincaba bruscamente e levaba o coche para Fisterra. A miña tía Celia entrou no garaxe e volveu saír moi nerviosa, paseando dun lado para outro, coa cabeza baixa e dándolles patadas ás pedras da cuneta. Chete non tardou en volver. Traía algúns sacos de patacas e fariña e díxolle a Celia que deixaba alí o coche mentres el se achegaba a Mallas para recoller o resto da mercancía. Celia non podía xa conter a rabia que sentía; a súa mirada era, naquel momento, desesperadamente dura. Acougou un pouco cando viu as súas irmás. Julita insinuou timidamente.

- Non podemos sacarlle unha peza ao coche para que non funcione?

Celia mirouna con tenrura.

- Oxalá puidésemos, pero a este non é posible enganalo; sábeas todas.

Temos que aguantarnos.

Produciuse un silencio espeso e pesado que deixou case sen alento as dúas irmás. Tiñan a impresión de atoparse diante dunha barreira infranqueable contra a que se estrelaba a súa impotencia.

Chete non volveu ata a tarde. Viña acompañado de labradores de Mallas e Vigo, que traían aves, ovos, fariña, patacas e outras mercadorías, todas procedentes da requisa. Os labradores estaban calados e amoucados. Detrás chegaron algunhas mulleres rifando e braceando.

- Non hai dereito - dicían- , lévannos o pan do inverno e vós deixades marchar a este home con todo o que é noso. Un só home pode máis ca todos vós?

Os labradores facían xestos para que calasen, pero elas non lles facían caso e seguían protestando. Chete sorría, seguro de si e convencido de que toda aquela histeria non conducía a ningunha parte.

- Sodes unhas ignorantes - dixo- , isto non é para min, é para a patria; os nosos soldados da fronte necesítano. Eles están loitando por todas vós.

Despois, dirixíndose a Celia, dixo:

- En fin, a ver se colaborades vós tamén con algún saco de mazás, non lles virán mal aos nosos soldados como sobremesa.

Sorría. E baixando a voz, engadiu:

- Estas cousas hai que tomalas tal como veñen, Celia; non perdamos o humor.

Cando terminou de cargar o ómnibus, púxose ao volante e, logo de dicirlle a Celia de novo que non se preocupase e que pronto lle devolvería o coche, marchou en dirección a Corcubión. Pasaron uns días sen que Celia e as súas irmás soubesen nada do vehículo, ata que recibiron un aviso da Coruña comunicándolle que o ómnibus estaba avariado en Ordes, onde podían pasar a recollelo. Cando viron o coche, coñeceron de primeira man a gravidade da avaría. Polo visto, baixando unha costa, o condutor non puidera dominalo e chocou contra un muro. Fixeron en Ordes os arranxos necesarios para poder levar o coche ata o taller da Ford, na Coruña, onde terminaron de arranxalo, aínda que a carrozaría non quedou ben, pois notábaselle unha rascadura ao longo dun dos laterais. Cando o trouxeron para Calcova, gardárono no garaxe, de onde non querían sacalo xa para evitar que se repetise o que lles sucedeu. Desde aquela, decidiron alugar camións cada vez que debían transportar mercancía.

A miña tía María, namentres, mantiña unha especie de noivado cun mozo simpático e de falar mesurado que coñecera na parada habitual do ómnibus, en Baio. O noivado durou pouco tempo, pois o mozo foi recrutado polo exército e destinado á fronte en calidade de artilleiro da aviación militar. As miñas tías puxéronlle o alcume de *Largabombas*. O mozo escribíalle á tía María contándolle as súas andainas e as penurias polas que pasaba. A miña tía, en convivencia coa miña nai, que tiña mellor letra ca ela, contestou unha desas cartas e dicíalle nela que tiñan o ómnibus escondido no garaxe, porque estaba avariado, polo que supuña que non volverían requisalo. A carta pasou pola censura e, cando apenas pasara unha semana desde que a escribiran, chegaron a Calcova uns vehículos militares e un guindastre. Os militares achegáronse á casa e preguntaron de súpeto:

- Díganos inmediatamente onde esconderon o ómnibus.

A miña tía Celia, facéndose rapidamente cargo da situación, contestou:

- Nós non escondemos o ómnibus, señor, témolo no garaxe porque está avariado; un falanxista levouno cargado de víveres para a fronte e no

camiño tivo un accidente. Arranxamos o coche o mellor que puidemos, pero non puidemos deixalo como estaba, así que o deixamos no garaxe.

Mentres a miña tía falaba, a súa nai apertoulle o brazo, pero a filla nunca soubo se o apertón fora para animala ou para censurala polo que estaba dicindo. O militar que escoitou as desculpas de Celia, dixo:

- Teremos que comprobar todo iso. É vostede María Rivas?
- Non - contestou Celia-, son a condutora do ómnibus.
- E sabe vostede onde está María?

A miña nai, que intuía por que facía a pregunta o militar, adiantouse a Celia e dixo:

- María saíu de viaxe e non sabemos onde se atopa agora.
- O militar non indagou máis e ordenou:
- Abran a porta do garaxe.

Abriron a porta e o militar atopouse co ómnibus, que tiña as rodas desinfladas e estaba encima duns tacos de madeira. Pediu que acendesen o motor, pero non puido facelo porque a batería estaba descargada. O militar chamou por outros compañeiros e díxolles:

- Hai que inflar esas rodas, a ver se podemos sacar o coche co guindastre.

Ao cabo dun tempo terminaron a faena, engancharon o ómnibus ao guindastre e sacárono do garaxe. O militar que levaba o mando do grupo volveu á beira da familia e dixo:

- Como xa saben, o ómnibus está requisado e levámonolo. Pero busquen a María Rivas canto antes e díganlle que se presente no Estado Maior do Exército, na Coruña, mañá sen falta, porque poden formarlle un consello de guerra e sería moito peor que non acudise. O militar non quixo dar máis explicacións. Cando se foron, Celia preguntoulle a Julita:

- Ti sabes algo disto?

A miña nai tratou de zafarse, pero Celia insistiu:

- Que é o que sabes ti?

Non tiña escapatoria e dixo para saír do paso:

- Eu limiteime a escribir o que María me ditaba.

As dúas quedaron caladas, pero Julita tratou de rematar o asunto:

- Non creo que veñan pola carta.

Celia estaba sorprendida e un pouco fóra de si.

- Meu Deus, dixo, eu non entendo nada. Vén toda esa xente e levan o coche. Non conformes con iso queren deter a María e, para máis envurullo, ti fálasme dunha carta, de que se trata?

A miña nai mirou a súa irmá, un pouco asustada por aquel paso en falso que dera ao mencionar a carta, e contoulle a historia do noivo de María.

Non lle gustou romper o segredo que gardaban ela e a súa irmá, pero tivo que facelo. Cando terminou o relato, Celia comprendeu e calou. Era algo típico na miña tía. A súa capacidade de comprensión era tan completa que nunca necesitaba moitas explicacións. Enseguida se fixo cargo da situación. Chamáran a súa irmá por teléfono ao hotel para darlle o aviso dos militares. Non lle darían moitas explicacións; polo si ou polo non, se interviñan as cartas, podían tamén intervir o teléfono. Pola tarde, baixou Julita á vila e, desde a central da casa de Cardalda, chamou a María. Tivo sorte; atopou a súa irmá no hotel e foille dicindo o que sucedera, explicándolle que lle parecía que souberan do coche pola carta. Intentou, con todo, tranquilizala informándoa de que os militares comprobaran que o coche estaba avariado. María recibiu a información como se lle deran un mazazo, pero non era unha muller afeita a perderse en lamentacións. Analizou a información que lle deu a súa irmá e empezou a prepararse para saír do apuro o mellor que puidese. Acordouse de que no Estado Maior había un soldado ao que coñeceran nunha das viaxes á Coruña. Chamábase Xosé Cambón e vírono por primeira vez á altura de Coristanco, de noite, cando alzaba a man para pedir un sitio no ómnibus. María lembrou a escena e a cara daquel mozo moreno, de pelo negro e brillante, que lucía uniforme novo e coidado. A Celia non lle gustaba recoller xente descoñecida no camiño, pero aquel raparigo, que as miraba en actitude risoña, tiña cara de bo e caeulles en graza. Paráronlle e fixéronlle un sitio na cabina. Aquel raparigo, ao que sempre lle chamaron *O Soldadiño*, expresoulles, moi educadamente, o seu agradecemento por recollelo, posto que tiña que presentarse moi cedo no Estado Maior, onde era secretario do tenente coronel. Pronto se estableceu entre eles unha corrente de simpatía e faláron sobre asuntos da guerra, que empezara escasamente un mes antes. María, con moita cautela, interesouse por algúns homes que fusilaran naqueles días.

- Foi unha pena - díxolles- , que non houbese quen mirase por eles. Agora xa é tarde.

- Pero ti cres que nestes casos se pode facer algo? - preguntoulle María.

- Sempre se pode facer moito - contestou- . Cando necesitedes algo de min, pedídemos, é posible que poida favorecervos, porque estou nun sitio privilexiado.

Naqueles días, uns raparigos de Corcubión foran detidos por mor de facer unha gabiá na estrada para impedir o paso dos soldados, e María preguntoulle:

- Sabes onde están eses mozos de Corcubión?

- De momento, presos - contestou.

Pero pódenos fusilar? - seguiu preguntando a miña tía.

- Poder si poden - dixo- , que o fagan ou non é outra cuestión.

- Iso si que sería unha pena - comentou a miña tía- , porque algúns deles son amigos nosos; podes facer algo por eles?

- Xa vos dixen que sempre se pode facer algo - respondeu.

- E que se pode facer? - insistiu tía María.

- Tedes moito interese? - preguntou o soldado.

- Como non imos telo se son amigos nosos? - contestaron as dúas irmás.

- Pois entón podedes dicirlles ás súas nais que veñan todas á Coruña, que entren pola porta de atrás do edificio e que choren, sen alborotar, pero que choren moito. Xa me encargarei eu de que o saiba o tenente coronel - dixo.

Mentres María recordaba esta escena, pasou pola súa mente, en rápida sucesión, todo o que pasou despois. As dúas irmás visitaran as nais dos mozos e informáronas do que lles dixo o soldado. As nais, aínda que ao primeiro non as creron, seguiron as súas indicacións, a falta de algo mellor, con resultado positivo, pois, aínda que lles fixeron un consello de guerra, non os detiveron por moito tempo.

Aquela noite en que a miña tía lembraba o encontro co soldado, apenas durmiu. Cando as primeiras luces da mañá asomaban pola fiestra do dormitorio que daba á praza de Santa Catalina, comezou a vestirse. Tomara xa a decisión de pedirlle axuda a *O Soldadiño*. Estaba moi preocupada pero procuraba manter a serenidade. Pensou un momento no desgusto que tería Celia pola imprudencia que tivera ela ao escribir aquela carta, pero non dispuña de tempo para laiarse; tiña que afrontar a situación e fíxoo. Baixou ao comedor para almorzar, aínda que era moi temperán. Atopouse con dona Elvira, a dona do hotel, que a apreciaba moito, e sentou con ela na mesa.

- Erguícheste moi cedo, que pasa? - preguntou a señora.

A miña tía quixo manter a serenidade pero non puido; as bágoas viñéronlle aos ollos. A dona, estrañada, volveu preguntar, pondo cariñosamente a súa man sobre a de María:

- Pero que pasa, criatura?

A miña tía contestou xa atropeladamente:

- Temo que vaian determe, dona Elvira, teño que presentarme no Estado Maior esta mañá.

- A ver, serenáte, María, e cóntame o que pasou.

A miña tía contoulle o que lle dixo a súa irmá por teléfono.

- Pobre! - comentou dona Elvira- , outras mozas da vosa idade non fan outra cousa que flirtear con mozos todo o santo día e vós, cansadas de traballar, metidas nestes balbordos. Verdadeiramente, este mundo é inxusto.

A miña tía, xa máis serena, dixo:

- Pois xa ve, a pesar de todo, isto sucedeume por escribirlle unha carta a un soldado da fronte.

- Non, filla, non, isto sucedeuvos por tratar de gañardes a vida traballando - sentenciou a señora.

Dona Elvira estaba conmovida. Coñecíaas desde que eran nenas e sempre admirara a coraxe que puxeran para saír adiante nas súas actividades. Estaba moi orgullosa de que parasen no seu hotel e pensara moitas veces que se volvea a nacer lle gustaría ser coma elas.

- Ben - dixo- , agora tes que saber que acordan no Estado Maior e, en canto o saibas, avísame. Se hai que pedir favores, pedirémolos.

- Moitas grazas, señora, o único que lle pido é que, se non volvo, lle diga á miña familia que farei todo o posible polo coche, que as quero moito e que me perdoen - contestou a miña tía, emocionada.

A dona Elvira, aínda que procuraba disimulalo, tamén se lle soltou algunha bágoa.

- Anda, nena, non che vai pasar nada porque non fixeches nada malo - díxolle para tratar de animala.

A miña tía recolleu o abrigo e o bolso, deulle un bico a dona Elvira e saíu.

Cando entrou no edificio do Estado Maior, viu, ao fondo, a *O Soldadiño*. María achegouse a el e preguntoulle para que a citaran. O raparigo recordou ao vela todas as viaxes que fixera con elas desde aquela noite en que o recolleron na estrada. Recordou as conversacións que mantivera coas dúas irmás, tan pouco comúns entre xente da súa idade. E fixouse, sobre todo, nos ollos escuros de María, con pegadas evidentes de chorar. Non fixo falta que llo pedise; decidiu facer por ela todo o que puidese.

- Imos ver, María, escribiches ti esta carta? - dixo ensinándolla.

- Si, claro - contestou.

- Pois vante interrogar sobre ela e se é verdade que tiñades o coche escondido no garaxe - dixo el- . Tiñádelo?

- Non, non - contestou a miña tía- , tiñamos o coche no garaxe porque estaba avariado e non podíamos saír con el.

- Está ben, María, xa saben que estaba avariado. O coche está agora nun taller de Catro Camiños e estano deixando coma novo; poderás velo cando saias de aquí. Eu vou agora a falar co tenente coronel. Cando te chamen, dilles o mesmo que me dixeches a min e non che vai pasar nada.

A miña tía, que xa se serenara moito ao falar con Xosé Cambón, tivo a sensación de que todo se ía arranxar satisfactoriamente, o cal a tranquilizou moito máis. Cando entrou na oficina onde a ían interrogar, estaba xa

convencida de que non lle ía pasar nada, así que contestou a todo o que lle preguntaron con todo detalle, contándolles como se avariara, como tiveran que ir buscalo a Ordes e as dificultades que pasaron para levalo de novo a Fisterra. Convenceu os interrogadores non só da súa inocencia e da das súas irmás, senón tamén dos grandes esforzos que tiñan que facer para saír adiante co seu traballo. Cando saíu, *O Soldadiño* estaba ocupado cuns oficiais, pero chiscoulle un ollo e a miña tía marchou alegre como unhas pascuas. Evitou un consello de guerra.

X CELIA

A volta á casa resulta sempre agradable, pero esta vez foino moito máis ca nunca. Traiamos o coche de volta, cunha credencial que nos eximía de ir á fronte, e podiamos volver traballar. María foi recibida como unha heroína e toda a familia eloxiaba o seu comportamento. Grazas a ela, salvouse o ómnibus de ir á guerra e, en consecuencia, tampouco tivera que ir eu. Pero eu non estaba tan contenta como se debe e recriminábame a min mesma aquela falta de entusiasmo polo éxito de María.

- Celia - díciame- , non está ben, ti tes que estar máis contenta, sabe Deus o que podería pasarche se tiveses que ir á guerra.

Pero enseguida me contestaba:

- Xa estou contenta, creio; tampouco é cousa de estar dando abrazos todo o día.

Pero feita esta reflexión, insistía:

- Non, non, non... Ti non estás contenta como debeses, sabes por que?

- Non - contestábame.

- E queres sabelo? - preguntaba de novo a miña conciencia.

- Dimo ti - respondía eu.

- Vaidade, Celia - aclaraba a miña conciencia- , ti querías ser a protagonista, elixiras ese papel e María rouboucho; no fondo, estás enfadada con ela.

E novamente protestaba eu:

- Iso non é verdade, eu estoulle agradecida, porque estou segura de que o fixo por min.

Pero a miña conciencia non pensaba o mesmo.

- Segura? Ti non o cres; ti pensas que María fixo todo o posible para evitar que o ómnibus fose á fronte porque a ela non a deixaron ir nel.

E eu contestaba:

- En fin, en realidade, se a ela non a botaran do coche non podería ir á Requisa.

- Velo? Xa estás quitándolle méritos - dicía a miña conciencia.

- Iso non é quitarlle méritos, é a verdade - contestaba eu.

Pero a miña conciencia non paraba:

- Que verdade, a túa ou a dela?

E eu, un pouco molesta:

- A das dúas, ela fíxoo por min, pero non o faría se puidese ir á fronte co ómnibus.

Lembrei este diálogo entre a miña conciencia e eu porque realmente existiu e reflicte, en certo xeito, a competencia que había entre nós. María trataba de protexerme, pero quería seguir sendo a irmá maior. En certo xeito, non me deixaba medrar. Decía sempre que admiraba a miña capacidade de decisión, pero asumía a responsabilidade das miñas decisións como se fosen tomadas por ela. E cando ela non podía cubrirme baixo o seu manto, facía todo o posible para impedir a execución do decidido.

Chegamos á casa co ómnibus de noite. Non nos esperaban e xa se deitaran. Cando chamamos á porta, tardaron moito en contestar. Julita oíunos e chamou a mamá. Naquelas datas, era perigoso abrir de noite porque non se sabía o que podería pasar. Contábanse historias de detencións en plena noite, de persoas das que nunca se volvía saber máis. Había, pois, un temor xeneralizado a abrir a porta de noite, sobre todo se, como ocorría no noso caso, non se esperaba a chamada. Mamá contestou desde dentro, sen abrir a porta.

- Quen é?

Contestamos rapidamente.

- Mamá, somos nós.

Houbo un berro alborozado das miñas irmás, que acompañaran ata a porta a mamá, e percorreron os ferrollos.

María contoulles a odisea que vivíramos desde que saíramos da casa. A miña irmá sabía contar e, mentres falaba, ninguén a interrompeu, nin sequera para pedir algunha explicación. Estabamos sentadas na cociña, ao redor da mesa de carballo na que comíamos, e a min atacoume o sono. Sen dicir nada, saín da cociña e metínme na cama. Nin a miña nai nin as miñas irmás me botaron en falta.

Aquela noite soñei coa guerra. Saíramos da Coruña, camiño de Mérida, sen grandes problemas. Pero cando só percorríramos uns douscentos quilómetros, apareceu no ceo un avión que ninguén soubo distinguirse era amigo ou inimigo. O xefe do convoi deu a orde de abandonar os vehículos. Todos os condutores saíron espavorecidos ocultarse entre a maleza, pero eu non podía saír do coche. O xefe do convoi berrábame:

- Saia vostede, muller! Rápido! Non me oe?

Eu oíao moi ben, pero algo, non sabía que, impedíame saír. O xefe ocultouse como os demais e eu quedei dentro do vehículo, chea de medo, esperando a chegada do avión que se ía aproximado ao convoi. De súpeto, empezaron a caer bombas ao meu arredor. O estrondo que facían ao caer no chan mesturábase co rebumbio que se levantaba no lugar onde caían. Milagrosamente, nin unha soa caeu sobre o ómnibus. O avión, logo de soltar a súa carga explosiva, marchou. O xefe do convoi achegouse a min e díxome:

- Por que non saíu do vehículo? Non oíu as miñas ordes?

Eu, aparvada, dixeran:

- Si, señor, oíñas, pero non me obedeceron as pernas.

- Comprendo - dixo o xefe- , ese efecto prodúceo o medo; a próxima vez xa non lle sucederá.

María entrou no cuarto e espertoume.

- Celia, pásache algo?

- Non - contestei- , por que o dis?

- Estabas suando - aclarou a miña irmá- , e movíaste na cama coma se tiveses un pesadelo.

- Sería iso - dixeran.

Non lle contei cal fora o meu soño. Pareceume que podería interpretalo mal e non quería darlle máis preocupacións.

Ao día seguinte, empezamos a traballar de novo e, como estabamos sometidas ás ordes da Requisa, tiñamos que informar as autoridades das viaxes que faciamos. A explicación que nos deron era a de que aínda non estaban pacificadas todas as vilas e había francotiradores por todas as partes. Cada vez que viaxabamos á Coruña, ía connosco unha parella da Garda Civil. Habitualmente, viaxabamos en convoi, pero, outras veces, íamos soas, aínda que acompañadas sempre pola parella de gardas, que nos deixaban, con todo, ao chegar á Coruña, volvendo soas para a casa.

Nun daqueles días, cargamos a metade do ómnibus de caixas de xurelo, para o que tivemos que retirar os asentos. Cando avisamos as autoridades, díxéronnos que non podíamos saír porque había perigo de que estivese cortada a estrada nalgúns sitios, antes de chegar á Coruña. Nós compramos xa o xurelo e non podíamos esperar para vendelo, así que lles dixemos que non podíamos esperar, xa que se trataba dunha urxencia. As autoridades de Corcubión negáronse, ao principio, a autorizarnos a viaxe porque tiñamos que saír de madrugada, de noite aínda, e non querían responsabilidades, pero insistimos tanto que accederon a pedirlle autorización á Coruña. As autoridades da capital non só nos deron autorización para viaxar con escolta, senón que fixeron responsables as de Corcubión se o vehículo non chegaba san e salvo á cidade. Ao parecer, a cidade estaba desabastecida por mor das dificultades de transporte e, desde a Coruña, trataban de eliminar os obstáculos para a chegada das mercancías. En Corcubión, con todo, descoñecían cal era a situación e, ao recibir aquela orde, creron que se trataba dalgún amigo noso importante que nos facilitaba o pase.

- Señoras - díxonos o tenente da Garda Civil - parece que teñen vostedes bula; pero, a pesar da xente importante que as avala, non abusen porque nos terán en contra.

Aquela casualidade da cidade desabastecida deunos na zona un prestixio que antes non tiñamos. Contáronnos que os membros da Garda Civil se recomendaban uns aos outros que nos respectasen moito, porque “teñen xente moi importante que as protexe”. Evidentemente, nunca intentamos sequera desfacer o engano.

Na Coruña, soubemos que había grande abundancia de sardiña en Vigo, a diferenza do que sucedía alí, e decidimos ir alá, comprar sardiña e vendela despois nas poxas de Sada. Fixémolo. Pero cando volvíamos de Sada, xa de noite, ao chegar á Ponte Pasaxe, tivemos a mala sorte de que se nos avariasse o coche. Cando intentabamos levantar o capó do vehículo para localizar a avaría, oímos unhas voces que nos ordenaban apagar as luces e saír cos brazos en alto. O vendedor Luís Cortés, que viña connosco, foi o primeiro en saír berrando:

- Por favor, non disparen, somos xente de ben. Arriba España!

Nós, María e eu, vímonos sorprendidas por un garda civil que, coa metralleta empuñada e apuntándonos, se achegaba para informarse de quen eramos. Logo de identificarnos, axudounos a localizar a avaría, non sen tranquilizar antes ao compañeiro que permanecía oculto na escuridade, e puidemos saír de alí.

Ao día seguinte, volvíñ á casa soa. A miña irmá quedou na Coruña para cobrar o diñeiro que nos debían polo xurelo e pola sardiña. Á saída da cidade había un retén militar que, logo de identificarse, me informou da situación na estrada e me indicou –en realidade ordenoume– que non debía recoller a ninguén polo camiño. Pero a xente que saía da cidade, ao ver que chegaba un ómnibus, facíame sinais de que parase. Non puiden facelo porque estaba demasiado cerca aínda do retén, pero máis adiante recollín unha señora maior, de Laracha, que me deu pena porque tiña dificultades para seguir andando. Segundo me contou, vivía na Coruña cunha filla, pero decidira volver á súa casa de Laracha porque na cidade tiña dificultades para atopar suficiente comida. Levaba esperando por un ómnibus desde mediodía. Díxome que casos como o seu se daban moitos na cidade, pero que non todos tiñan casa nos arredores. Indubidablemente, aqueles foron tempos difíciles para todos. Unha mostra desas dificultades deuse na miña propia aldea de Mallas. O fillo dun amigo dos meus pais soltou unha ventosidade cando pasaban ao seu lado uns falanxistas e un destes entendeu que o mozo se mofaba deles, así que lle disparou a unha perna; como tardaron tanto os pais en levalo ao hospital de Santiago, morreu desangrado. Eu souben da súa morte cando cheguei a Calcova. Outro falanxista amigo noso, este de Corcubión, presentouse un día na nosa casa coa orde de requisar o ómnibus para levar víveres á fronte. A min sentoume moi mal, pero tiven que aceptalo. O peor foi que non quixo que

fose eu ao volante, a pesar de que eu sabía que non tiña suficiente experiencia para dominar o coche. Desculpouse dicindo que as autoridades non querían testemuñas da requisa de víveres, pero repetiu unha e outra vez que coidaría do coche como se fose seu e que mo devolvería en perfectas condicións para traballar. Doeume moito máis ca a requisa o feito de que fose un amigo o que a facía. Naquel momento devecíaa por lle dicir que o coche era demasiado grande para el, que esperase a medrar para conducilo, pero non puiden facelo. O meu amigo Chete, que así se chamaba, era demasiado imprevisible naqueles días de incerteza. Presentouse voluntario para ir á fronte, pero non o aceptaron, en parte pola súa mocidade e en parte pola influencia dos seus pais, e consolárono dándolle un posto de responsabilidade na comarca de Corcubión. A diferenza doutros mozos, que trataban de fuxir da guerra, el trataba de facer méritos para ir á fronte e merecer un respecto. Pero pasou despois o que era previsible que ía pasar. O coche era demasiado grande para el e non puido dominalo. En Ordes tivo un accidente e o vehículo quedou mal parado. Daba pena velo. Ao motor non lle afectou moito, pero a carrozaría quedou maltreita. Fixémoslle unha reparación de urxencia para poder traelo para a casa e metémolo no garaxe. Baleiramos as rodas de aire e deixámolo encima de catro tacos de madeira. Cambiamos a batería por unha vella e deixámolo durmir. Esa era a palabra que empregabamos entre nós cando alguén preguntaba polo coche ou se refería a el. Mentres tanto, traballabamos con camiións alugados. E non nos ía mal. Pero un día chegaron á casa uns militares da Coruña preguntando onde tiñamos escondido o ómnibus. Desde o primeiro momento tiven a sospeita de que alguén nos denunciara. Máis tarde souben que a denuncia partira do encargado da censura. A miña irmá María cometera a imprudencia de contar nunha carta que tiñamos o coche no garaxe. Ela nin sequera imaxinaba que a censura podía abrir calquera carta, aínda que fose de carácter privado. Imaxínome que o encargado de abrilas era de Fisterra, aínda que nunca me interesou saber quen era. O resultado de todo aquilo foi que os militares levaron o ómnibus cun guindastre e a María fixérona comparecer no Estado Maior, baixo a ameaza dun consello de guerra.

Intento recordar agora o que pensaba eu cando sucederon os feitos que acabo de relatar. Non estou segura, pero me parece que os aceptei con resignación animal. Non estabamos en condicións de protestar e tampouco podíamos aceptar os feitos con boa vontade, pero procurabamos sacar o maior proveito das situacións en que nos metían os demais e a maior satisfacción posible das que buscabamos nós.

Agora estou algo cansada. As miñas irmás entran e saen do cuarto de cando en vez e eu procuro facerme a durmida cando entran; así saen

antes e eu podo seguir coa miña historia. Ás veces asáltame a tentación de lles dicir que me manden unha mecanógrafa para ditalle as miñas lembranzas, pero non me crerían, seguro que non me crerían, porque temerían que eu quixese seguir traballando desde aquí e que fose o pretexto para renovar a miña vida de traballo. Elas non saben que eu sei que nunca volverei traballar.

Debín de quedar durmida un momento, porque tiveron un soño. A miña irmá María estaba diante dun consello de guerra. Formaban o consello cinco militares. O fiscal era tamén un militar. E aínda había outro militar máis, que supoño que sería o defensor da miña irmá.

- Acuso a esta muller - dicía o fiscal- de sabotaxe; simulou un accidente para que a patria non tivese á súa disposición un ómnibus, e subtraeu o vehículo, ocultándoo nun garaxe.

- Protesto - interrompeu o avogado defensor- ; a sabotaxe non se probou.

- Non se preocupe, señor letrado - dixo o fiscal, sorrindo- ; probareino ao seu debido tempo. Cito á testemuña Celia Rivas.

- Que pase a testemuña - ordenou o presidente.

Eu aparecín, de súpeto, na cadeira de testemuñas. O fiscal estábame interrogando.

- É certo que a súa irmá María escondeu o ómnibus no garaxe pretextando que estaba avariado?

- Non señor - dixen eu - a miña irmá nin sequera sabe conducir; o que pasou foi que o coche tivo un accidente en Ordes e como non puidemos arraxalo para traballar, tivemos que deixalo no garaxe, pero fun eu a que o fixo.

- Significa iso - insistiu o fiscal, mirándome fixamente- , que vostede lle axudou á súa irmá a meter o ómnibus no garaxe?

- Non, señor - contestei eu, levantando a voz- ; significa que a miña irmá non tivo nada que ver niso: a decisión tomeina eu.

- Confesa entón - dixo o fiscal - que foi vostede a que cometeu a sabotaxe?

- Non, señor - contestei eu apresuradamente- , confeso só que fun eu a que meteu o ómnibus no garaxe.

Nese momento, levantáronse os cinco membros do tribunal e dixeron a un tempo:

- Confesou! Confesou!

Apareceron, a continuación, uns gardas, armados ata os dentes, que intentaban prenderme. Eu resistíame, berrando:

- Son inocente! Son inocente!

Pero os gardas non me fixeron caso e arrastráronme pola sala, mentres os membros do tribunal e o fiscal aplaudían. Naquel momento, berrei con todas as miñas forzas:

- Asasinos!

O meu berro debeu oílo a enfermeira, porque entrou correndo no cuarto e díxome:

- Que lle pasa?

- Nada, nada - dixen- ; só tiven un pesadelo.

Realmente, iso é exactamente o que nos pasou: un pesadelo.

XI LILÍ

Cando María volveu ao Hotel A Paz pediu unha conferencia con Fistera e deixou un recado para que subise Celia. O que pretendía era acordar con ela a forma de sacar o ómnibus do taller onde estaba. Celia subiu ao día seguinte. María estábaa esperando e xuntas volveron ao hotel. Alí contoulle o que lle sucedeu.

- Onte pasei moito medo, Celia. Tremíanme as pernas cando me interrogaban os militares, puxen o bolso diante dos xeonllos para que non visen como tremía.

Celia non fixo comentarios, pero preguntou:

- Sabes xa onde está o coche?

María sentiuse coartada, porque parecía que á súa irmá non lle importaba o medo que tivera, pero coñecía suficientemente para saber como era. A Celia non lle gustaba falar dos aspectos psicolóxicos da xente; era demasiado tímida para estar cómoda con confesións como aquela. Contestoulle a Celia:

- Si, díxome *O Soldadiño*.

- E como está? - volveu preguntar aquela.

- Eu non o vin, pero el díxome que estaba ben - dixo María- . Se non fose pola miña carta, non pasaba isto.

- Non te preocupes, muller, xa sairemos desta - tratou de tranquilizala Celia- . Ademais ti non tiveches a culpa; tívoa o que abriu a carta e nos denunciou.

Pero María seguía desgustada e coa moral moi baixa. Parecíalle que o seu descoído era imperdoable.

- Ao feito, peito, María, non lle deas máis voltas - concluíu Celia.

- Tes razón - dixo María- , pero ultimamente estanme pasando tantas cousas que xa non sei que dicir nin que facer. Conteiche o do alcalde Fernández?

- Non, que pasou?

E María contoulle o que lle pasou. Resulta que, cando chegaron os soldados a Fistera, nos primeiros días da guerra, levaron os empregados da Marconi, unha estación de radio situada cerca do faro, entre os cales estaba Fernández, alcalde do municipio. Na Coruña interrogáronos e puxéronlles unha chapíña de militarizados, e destináronos á estación de radio da cidade. Fernández e a súa muller aloxábanse no Hotel A Paz. Pero un día, cando paseaba coa súa muller, Vitoria, parou diante deles un coche do que baixaron dous homes e levaron detido o marido, deixando a muller morta de medo.

Vitoria acudiu á policía, aos cuarteis, preguntou, investigou, pero ninguén lle deu información. Estaba desesperada e choraba continuamente. A miña tía escoitaba as súas lamentacións e consolábaa o mellor que podía. Fuxindo de tanta lamentación, baixou dar un paseo e, ao cruzar a rúa, atopouse cun falanxista de Zas, ao que coñecía por viaxar con elas no ómnibus. O falanxista, ao vela, preguntoulle:

- Oe, coñeces á muller de Fernández?

- Si, por que? - contestou a miña tía.

- Pois dislle a esa señora que lle vaia facendo o funeral ao seu marido, hoxe matámolo na Costa do Sal. Ah! e dille que non revolva máis ou acabaremos por mata-la tamén a ela.

A miña tía quedou arrepiada vendo como aquel falanxista se afastaba logo de dicirlle con toda frialdade que matara un home. Non saía do seu asombro e preguntábase por que a elixiu a ela para darlle tan macabra información. Estaba presumindo diante dela ou quería darlle unha mensaxe para que lla transmitise a Vitoria? Decidiu que tiña o deber de dicirlle a esta tal e como llo contou o falanxista. Subiu as escaleiras do hotel moi nerviosa, buscou a muller de Fernández e transmitiulle a mensaxe, tratando de suavizar todo o posible a información, pero sen omitir nada do seu contido. O resultado non puido ser peor. A muller de Fernández púxose histérica e gritaba desesperadamente. Acudiu dona Elvira, a dona do hotel, e algún dos hóspedes, que trataban de acougala, mentres a miña tía lles ía contando, atropeladamente, o sucedido. Cando, á fin, acougou a muller, dixo:

- Isto non pode ser certo, así que vou confirmalo.

E saíu á rúa. Xa de noite, á miña tía espertárona uns golpes na porta do seu cuarto. Á luz da lúa mirou a hora no reloxo, pero non puido distinguir ben os números. Preguntou:

- Quen é?

- Son a doncela, abra, por favor - dixo unha voz alén da porta.

A miña tía abriu. A doncela, un pouco asustada, dixo:

- Síntoo, pero ten que levantarse inmediatamente, a policía está abaixo preguntando por vostede.

A miña tía vestiuse o máis rapidamente que puido e baixou. No portal esperábaa unha parella da policía militar que, logo de identificala, a invitou a que os acompañase.

- Señorita, ten que vir connosco ao cuartel.

- Pero que fixen? - preguntou a miña tía.

O soldado que falaba dixo:

- Non o sei, temos orde de levala ao cuartel; se lle dá vergoña que a vexan entre dous policías, vaia un pouco máis adiante e nós seguirémola.

Aquela contestación do policía tivo a virtude de sosegala e contestou:

- Moitas grazas, pero como é de noite, creo que irei máis segura con vostedes.

Ía frío. A miña tía levaba o abrigo posto e un pano de la na cabeza. Comezaron a andar cara ao cuartel. A lúa non iluminaba suficientemente a rúa e na cidade apagáranse todas as luces, pero podíase andar sen necesidade de lanternas. Os policías gardaban silencio e a miña tía lembraba o que se contaba dos detidos que paseaban de noite e non se volvía saber deles. Un calafrío percorreu o seu corpo e procurou distraerse contando as pisadas que ía dando na rúa; non quería que os seus acompañantes se desen de conta de que tiña medo. Cando chegaron ao cuartel, os policías indicáronlle un banco para sentarse e dixerónlle que esperase. A miña tía mirou ao seu redor e viu que no teito saltara a pintura, que tiña manchas de humidade, que o chan era de madeira gastada e sen vernizar e, sobre todo, reparou nun recuncho da estancia onde había unha chea de látegos feitos con cordas anoadas. Ao ver os látegos, tivo unha especie de mareo, púxose pálida e un tremor percorreu todo o seu corpo. Os policías, que non a perdían de vista, acudiron a tranquilizala antes de que se desmaiasse.

- Non tema, señorita, non creo que a cousa chegue a tanto. Tranquilícese e espere uns momentos máis. Enseguida lle tomarán declaración. Non creo que lle vaia pasar nada.

A miña tía calou. Tiña medo de botarse a chorar se falaba e aguantou estoicamente aqueles momentos de espera, que se lle facían insoportables, ata que a chamaron.

- Que pase María Rivas!

O interrogatorio foi moito máis soportable ca a espera.

- Que sabe vostede de Cipriano Fernández?

- Só sei o que me dixo a súa muller: que estaba detido.

- E que máis?

- Non sei nada máis, xúroo.

- Que foi o que lle contou vostede á súa muller?

- Conteille o que me mandou un falanxista que lle dixese.

- Que falanxista? Como se chama?

- Non o sei, só sei que é de Zas.

- De que o coñece?

- De viaxar algunha vez connosco no ómnibus.

- A que ómnibus se refire?

- A un ómnibus da nosa propiedade que transporta viaxeiros e mercancías desde Fisterra ata A Coruña.

- Quen son vostedes?
- Somos Fillas de Joaquín Rivas, de Fisterra.
- Cantas son?

- Somos catro irmás, pero elas non teñen nada que ver nisto, porque non estaban comigo cando o falanxista me dixo que lle dese un recado á muller de Cipriano Fernández.

- Cal foi ese recado?

- Que mataran o seu marido na Costa do Sal e que non revolvese porque tamén podían matala a ela.

- Díxolle a vostede a que hora o mataron?
- Non señor, díxome que o fixeron aquela noite
- A quen máis informou vostede?
- A ninguén máis.
- Está ben, espere fóra.

Un soldado achegouse a ela e cun xesto indicoulle a saída.

Non a molestaron máis. Esperou no mesmo cuarto onde estivera antes do interrogatorio, pero agora estaba moito máis tranquila. Pola mañá, díxéronlle que podía marchar. O soldado que llo dixo mostrouse moi amable con ela.

- Xa pode irse, señorita, e outra vez manteña a boca pechada; é un bo consello, créame.

Celia escoitara o relato de María, sen interrompela nin unha soa vez. Ao final, non puido evitar abrazarse á súa irmá; estaba impresionada. Finalmente, preguntoulle:

- E que pasou con Vitoria?

Non o sei - contestou María- , porque agora pasa por onda min e mira para outro lado.

Celia moveu a cabeza, como se quixese desaprobalo aquel xesto, e dixo:

- Sempre pasa iso, María, nas malas noticias a culpa tena sempre o mensaxeiro.

E saíron xuntas para dirixirse ao taller onde, segundo lle dixo a María *O Soldadiño* estaba o ómnibus.

María vestía un abrigo de pano negro, con pescozo de pel de raposo, e Celia un de coiro marrón, tipo aviador. Adoitaban vestir ben, aínda que elas mesmas deseñaban os seus vestidos, encargándolle a confección a algunha modista. Como viaxaban moito, estaban moi ao tanto da moda que se levaba.

O taller estaba en Catro Camiños e, cando entraron nel, non puideron localizar o ómnibus. Preguntáronlle a un mecánico e este, logo de

informarse do que buscaban as dúas irmás, levounas ao fondo. Alí estaba o seu coche, perfectamente reparado, pero pintado cunha camuflaxe militar que o facía irrecoñecible.

- Meu Deus! - exclamou Celia- , que lle fixestes ao coche?

E pasou a man pola carrozaría, como se estivese acariñando un animal mallado. Fóra de si, falaba co coche, daba voltas ao redor del, agachábase para miralo por baixo, abría e pechaba as portas e non cesaba de mover a cabeza en sinal de desaprobación. O mecánico deixábaa facer e, cando creu que xa pasara a sorpresa das dúas irmás, dixo:

- Deixámolo novo, eh!

- Disfrazárono - contestou María.

- Quedou horroroso - interveu Celia, de moi mal humor.

- A verdade é que non o coñece nin a nai que o pariu, pero a reparación foi completa - explicou o mecánico- . Quedou coma novo, non?

- Pero que van facer con el? - preguntou Celia.

- Non o sei exactamente - contestou o mecánico- , pero me parece que van instalar nel unha panificadora ao servizo do exército.

- E iso que é? - preguntou María.

- Un forno de facer pan para os soldados da fronte - aclarou o mecánico.

Aquela noticia deixouas tesas, pero preguntáronlle ao mecánico:

- Sabe vostede como podemos recuperar o vehículo?

O mecánico non o sabía, pero díxolles que debían apresurarse para facer as xestións se desexaban recuperalo antes de que fose demasiado tarde.

- Unha vez instalada a panificadora xa non será posible a devolución - dixo.

A idea de que debían apresurarse se querían recuperar o vehículo foi para as miñas tías unha verdadeira obsesión, pero non sabían o que tiñan que facer nin a quen dirixirse. Ningunha das súas amizades da Coruña sabía o que debían facer para evitalo, pero todas as persoas coas que faloron estaban de acordo en que a solución pasaba porque alguén da confianza das miñas tías se presentase voluntario para conducir o camión. Esta vez, as miñas tías nin sequera o dubidaron. Elas ofreceríanse voluntarias para levar o camión á fronte. Por consello do marido de Palmira, Manolo Mayobre, visitaron un irmán deste, Juan, que era capitán da Mariña Mercante e estaba destinado na Coruña. Juan Mayobre era home educado, de bo talante, e coñecía moi ben a familia Rivas. Logo de escoitalas, fíxolles unha instancia na que a miña tía Celia se ofrecía como voluntaria para conducir o camión.

- Tedes que levar esta instancia, mañá pola mañá, ao Parque Móbil - díxolles- . Cando chegedes alí, saudades coma sempre: “Bos días, señor,

como está vostede?”, e entregádeslle esta instancia en man. Tedes que dar a impresión de que sodes unhas mozas educadas e a eles non lles consta que o sexades.

Ao día seguinte, moi cedo, dirixíronse ao Parque Móbil e preguntaron polo xefe do parque. O soldado de garda non as deixaba pasar e chamou ao cabo. O cabo preguntoulles que querían e elas dixéronlle que levaban unha instancia para lle entregar, en man, ao xefe do parque. O cabo preguntou quen as enviaba e elas contestaron que as enviaba o capitán don Juan Mayobre.

- Esperen aquí - dixo o cabo. Pasado un tempo volveu- . Veñan comigo.

Fíxoas pasar ao despacho do xefe. Cando entraron, saudárono tal como lles indicara don Juan Mayobre, e entregáronlle a instancia. O xefe deixou a instancia enriba da mesa e púxose a falar por teléfono con alguén que o informaba desde a fronte. As miñas tías ían escoitando a conversa que versaba sobre o avance dos nacionais. As noticias debían ser moi satisfactorias porque o aspecto do xefe era de ledicia. Cando colgou o teléfono, leu a instancia e preguntou:

- Cal de vostedes é Celia Rivas?

- Son eu - contestou Celia.

- De modo que vostede, señorita Celia, pretende ir á fronte, como voluntaria, conducindo un ómnibus. Cando aprendeu a conducir?

A miña tía, no canto de contestar, mostroulle o seu carné de conducir. O xefe examinouno e dixo:

- Dáse vostede de conta do perigo ao que se expón. Xa sabe que estamos en guerra e, como o seu vehículo está xa preparado para prestar un servizo inmediato, vostede terá que levalo.

- Si, señor, dixo a miña tía, sei ao que me expoño e estou disposta a prestar o servizo que se me ordene.

- Está ben, gústame a súa resposta - asentiu o xefe- , esperen aquí que vou consultar o caso cos meus axudantes.

Ao fondo da sala había algúns oficiais. O xefe falou con eles e, durante algún tempo, deu a impresión de que discutían; miraban para as dúas irmás con cara de sorpresa e seguían falando. Ao final, achegouse a elas cun escrito na man e dixo:

- Moi ben, señorita Celia, aceptamos a súa petición e irá vostede co seu vehículo á fronte de Asturias. Teña vostede en conta que a misión que se lle encomenda é de moita responsabilidade. Persoalmente, creo que poderá desempeñala satisfactoriamente. Espero que non teña problemas para cumprir as ordes da expedición. Tome esta orde e entréguea no enderezo que consta aí. Mañá, ás seis da mañá, partirá co convoi; levará o correo militar ata Grado.

A miña tía María, que permanecera calada mentres o xefe falaba coa súa irmá, interveu entón:

- Perdoe vostede, señor, espero que me permita acompañar a miña irmá á fronte, porque sempre viaxo con ela e con maior razón debo de facelo agora.

Mentres falaba, a ansiedade reflectíase na cara da miña tía. O xefe fíxose cargo do caso e aceptou a súa petición. Dirixiuse ao fondo e ordenoulle a unha secretaria que redactase a orde. Desde o fondo, dixo con voz máis alta:

- Como se chama vostede?

- Chámome María, María Rivas - contestou.

Cando volveu, entregoulle a orde a María, mentres lle dicía:

- Esta orde é para vostede como acompañante da condutora; entréguea no mesmo enderezo ca a súa irmá. Deséxolles moita sorte ás dúas e que lle fagan un bo servizo á patria.

As miñas tías non cabían en si de gozo cando saíron de alí. Non só recuperaran o coche, senón que podían permanecer xuntas. Estaban dispostas a enfrontarse a calquera situación, sen temor ningún, conscientes do perigo que corrían, pero confiadas na súa capacidade para saír de calquera dificultade. Entregaron a orde no lugar convindo e o xefe da expedición achegouse a elas, desconcertado.

- Son vostedes Celia e María Rivas?

- Si, señor - contestaron as miñas tías.

- Encantado de coñecelas - dixo o xefe- . Resulta sorprendente que lles encarguen a vostedes esta misión. Un non debía de sorprenderse do que pode ocorrer nunha guerra, pero teño que recoñecer que o de vostedes me sorprende moito. Sairán mañá, moi cedo, sería conveniente que viñesen por aquí sobre as cinco, porque teñen que sacar o coche do taller. A miña secretaria daralles o visado de saída. Adeus e boa sorte.

As miñas tías volveron ao hotel. Só tiñan o tempo preciso para avisar a súa familia antes de se deitaren.

XII CELIA

A miña irmá María chamoume para dicirme onde estaba o ómnibus. Subín inmediatamente e fomos ao taller no que o repararon. Non lo recoñecemos, estaba tan cambiado que ningunha das dúas pensamos que era o noso. Cando o examinei de cerca, souben que era o mesmo aínda que o atopei diferente. Pareceume que adoptara outra personalidade na que eu non encaixaba. Puxéronlle pintura de camuflaxe para pasar desapercibido, pero dábame a impresión de que a camuflaxe non se limitaba á parte exterior da carrozaría. Por dentro tamén cambiara. Senteime no asento do chofer, pero non me atopei a min mesma como condutora e tiven medo a que non me obedecese; parecíame demasiado agresivo, como se adquirise o carácter dun guerreiro e eu non estivese á súa altura. Non podía eu sentir o mesmo ardor combativo e tiven a sensación de que non podería conducilo.

A miña irmá deixoume facer. Nin ela nin o mecánico que nos indicou onde estaba o coche dicían nada ou, polo menos, eu non os oín, porque estaba de moi mal humor e non me gustaba nada todo aquilo. Compramos un vehículo para transportar viaxeiros e mercancía e non para combater na fronte. Sentíame estafada; alguén nos fixo trampa.

O mecánico, que se estaba divertindo moito cos meus movementos, díxonos que ían instalar no coche unha panificadora. E iso, aínda que pareza estraño, acougoume; entraba máis na categoría do normal. Xa non se trataba de convertelo nun tanque de combate, senón de transformalo nun forno rodante. Pero sentín pena, porque me pareceu que intentaban rebaixalo de categoría e decidín acudir na súa axuda. Aquela noite dialoguei con el nun estraño soño. O ómnibus apareceu ante min disfrazado de guerreiro e saudoume.

- Ola, Celia! Vou á fronte.

- Que dis? Como vas ir á fronte? Ti non sabes combater.

- Para combater só fai falta ter coraxe e eu téñoa - dixo enfadado.

Tratei de tranquilizalo.

- Non nego que teñas coraxe, pero iso non basta; ti es un ómnibus para a paz, non para a guerra.

Púxose filosófico:

- A paz e a guerra son dúas situacións da vida, pero o que importa é vivir cada situación do xeito máis adecuado; agora estamos en guerra e hai que adaptarse a ela. Eu adaptacióno, por que non o fas ti tamén?

- Porque eu non estou en guerra e ti tampouco - contestei.

- Que ilusa es! Iso non o decidimos nós; son outros os que deciden por nós e nós temos que aceptalo, queiramos ou non.

- Pois eu non o acepto - rebeleime- . Non lle declararei a guerra a ninguén e tampouco lle dei permiso a ninguén para que o faga por min. Que combata o que a declarou.

- Es pouco consecuente, Celia.

- Por que o dis?

- Porque ti decides por min aínda que eu non che dea permiso - explicou.

- Iso é distinto e nada ten que ver co que eu dixen - protestei- ; ti es un ómnibus, non unha persoa.

- Non me fagas rir - púxose farruco- , ti cres que eles, os que mandan, te consideran unha persoa? Ao máis que poden chegar é a considerarte súbdita, así que non es tan diferente de min como cres; ti estás tan sometida a eles coma min.

- Coma ti non - dixen sentíndome molesta- ; ti estás sometido a min, non a eles.

- Desvarías outra vez, Celia; se fose así, como te explicas que me trouxesen aquí contra a túa vontade?

Estábase burlando de min e non me facía ningunha graza.

- Iso é provisional - dixen- , pero eu son a propietaria e ti es a miña propiedade.

Quedou calado, pero pronto reaccionou.

- Se esa afirmación te consola - dixo compracente- , non teño nada que obxectar; en realidade, todo é provisional e non hai situacións perdurables. Eu son agora un ómnibus e mañá podo ser chatarra.

Deume pena.

- Chatarra non - aclarei- , pero teño entendido que te van converter nun forno.

- Que! Como o sabes? - sobresaltouse e estaba asustado.

- Pola túa exclamación deduzo que non che gusta - dixen.

- A quen pode gustarlle iso? - contestou de moi mal humor. Gustaríache a ti que te convertesen nun forno?

- Recórdоче o que me dixeches antes; o teu desgusto non vai cambiar as cousas - tratei de tranquilizalo- . Se decidiron converterte nun forno, farano, desgústete ou non.

- Seino - contestou- , pero nin eles nin ti podes impedir que me desguste. Prefiro ser guerreiro.

O soño interrompeuse de súpeto, pero cando espertei tivera a sensación de que alguén me mandara unha mensaxe. Podía ser eu mesma a

mensaxeira, obsesionada polo destino que ían darlle ao coche, pero a min pareceume que era o propio ómnibus o que falaba comigo e tomei o soño como unha petición de axuda.

María xa se erguera cando espertei. Iso era algo habitual na miña irmá; durmía pouco cando as cousas non ían ben e aquela era unha delas. Vestínme rápido e baixeí ao comedor. María estaba almorzando e, ao verme, díxome sen preámbulos:

- Temos que visitar a don Juan.

Referíase a un cuñado da miña irmá Palmira, ao que xa visitáramos outras veces.

- E que lle imos dicir?

- Que nos axude a retirar o coche do taller - contestoume sen titubeos.

- Como? - dixen eu.

- El sabe dirixirse ás autoridades militares; é o único que pode axudarnos - díxome con xesto adusto.

Eu estaba de acordo. Decidíramos xa que eu me presentaría voluntaria para conducir o camión á fronte e que se ela podía acompañarme o faría. O que non sabíamos era como facelo. A decisión de lle pedir axuda ao cuñado da miña irmá Palmira pareceume acertada, aínda que eu nunca tiven moita fe nos intermediarios.

Mentres estou recordando aqueles sucesos, xa tan afastados, asáltame unha dúbida. Recibiu a miña irmá aquela noite unha mensaxe similar á do meu soño? Tivo ela tamén o convencemento íntimo, calquera que fose o medio de transmisión, de que se convertían o coche nunha panificadora fracasáramos como transportistas? Son preguntas ás que nunca lles poderei dar resposta neste mundo, preguntas que nin sequera me atrevo a lle facer á miña irmá, pero que seica atopan resposta máis aló das estrelas. Comprendo que este tipo de preguntas (por exemplo, teñen vida propia os coches e reaccionan como seres vivos, con independencia de quen os crea?) non se me ocorreron noutras circunstancias, pero sempre tiven o convencemento de que os coches, unha vez creados, teñen, a diferenza dos robots, vida propia e, por iso, andando o tempo, nunca quixen ter un coche moito tempo comigo. Sempre os cambiei antes de que se fixesen vellos, porque non quería sentir por eles o mesmo ca polos cans, dos que nunca puiden desprenderme ata que morrían de vellos.

Estaba recordando, antes desta digresión, que fomos visitar a don Juan Mayobre. Don Juan tratábanos coma se fósemos nenas, tiña un aire patriarcal e falábanos como se non crecésemos. Imaxino que o feito de nacer en Calcova e non en Ferrol tiña algo que ver co tratamento que

nos daba. Para el debíamos ser máis ignorantes aínda do que en realidade eramos e trataba de ilustrarnos todo o que podía.

- Cando entredes na oficina do xefe tedes que dicirle “Bos días, como está vostede”. E non pasedes sen que vos dea permiso, é de mala educación.

Foramos visitalo para que nos dixese a quen tiñamos que dirixirnos para solicitar ir á fronte co ómnibus. Cando oíu a nosa proposición, quedou de pedra.

- Pero vós sabedes o que é a fronte?, tedes idea do que se coce alí? Morren miles de persoas en cada combate. E non hai compaixón para ninguén. Na fronte, a morte non respecta nin os anciáns, nin as mulleres, nin os nenos.

Non disimulou o seu enfado. Segundo el, só a nosa ignorancia desculpaba a nosa proposta.

- Hai que ser moi ignorantes, mozas, para facer unha proposta semellante. É que credes que ides a unha festa?

Nós escoitamos o que dicía coma quen oe chover. A miña irmá María, que habitualmente era a que falaba, deixou que terminase o sermón de don Juan e dixo:

- Isto non o facemos por gusto, don Juan, senón por necesidade. O ómnibus custounos moito diñeiro, máis do que tiñamos, e non podemos permitirnós quedar sen el. Se Celia o conduce é como se non nolo levasen. A guerra non vai durar toda a vida e temos que arranxar as cousas para recuperar o coche cando termine.

Don Juan escoitou a María e debeu de ver algo nela porque cambiou de actitude.

- Pero pensastes no perigo que corredes?

- Si, pensámolo e, malia todo, queremos ir - contestou a miña irmá.

Eu permanecera calada todo o tempo. Don Juan, mirándome, dixo:

- Celia, ti non tes nada que dicir? Es a condutora e a que máis perigo vai correr, estás de acordo en ir á fronte?

Eu tiña xa preparada a resposta.

- Se non estivese de acordo, non viría aquí.

A don Juan sorprendeuno a miña resposta, non tanto polo que dixeran como pola rapidez desta.

- Daquela, que é o que queredes que faga?

A miña irmá volveu tomar a palabra.

- Queremos que nos diga a quen debemos dirixirnos e que debemos facer para conseguilo.

- Imos ver - respondeu - , os ómnibus e os camiões dependen do xefe do Parque Móbil, xa que logo, é a el a quen hai que dirixirse. Ten o seu despacho en Catro Camiños, así que faremos unha solicitude e vós mesmas lla levades; procurade entregarlla en man con moita educación e moito respecto. Podedes dicirlle que ides da miña parte; aínda que non me recorde, sempre fai efecto dicir que ides de parte do capitán Mayobre. Pero acordádevos de que antes de entrar debedes dicir “Dá vostede o seu permiso?”, e non entredes ata que volo dea. Ao entrar, non esquezaades dicir “Bos días, señor, como está vostede?”. Portádevos como señoritas, pero sen pasarse, vale máis que vos considere educadas, aínda que lle parezaades moi ignorantes, ca sabichonas. Agora esperádeme aquí, vou facervos a instancia.

Nin a miña irmá nin eu mostramos sorpresa ningunha polo xeito de falar de don Juan, porque xa o coñeciamos, pero agradecemoslle o traballo de nos dar todos aqueles consellos. Eu creo que foron acertados, porque nós non podíamos presentarnos alí falando coma os militares: “Ás súas ordes, meu tenente coronel”, porque nos considerarían ao mesmo nivel da clase de tropa e a nosa forza estaba en ser mulleres, tan ignorantes como o seu orgullo de home nos xulgase e tan dignas de protección como a súa cortesía o permitise. En contra tiñamos a singularidade da situación, porque xa era raro que unha muller fose condutora dun ómnibus, pero érao moito máis que pretendese levalo á fronte.

O resultado da xestión foi satisfactorio. Conseguimos o permiso para ir á fronte e o dominio sobre o noso coche. Ao xefe do parque debeu de parecerlle tan insólita a nosa petición coma extravagante.

- De verdade sabe vostede conducir?

Deille o meu carné de conducir.

- Non o falsificou, verdade?

Eu non contestei.

- Non, creo que non - dixo, mentres se achegou a outros militares. Volveu ao cabo dun intre e deunos unha orde para lle entregar ao xefe da expedición. Cando lla entregamos, mirounos asombrados.

- Isto non pode ser - dixo - , aquí ten que haber algún erro. Como van conducir vostedes un ómnibus? É unha broma?

- Non, señor, non é ningunha broma - contestou María - , a miña irmá leva conducindo camiões desde hai máis de catro anos.

Tiven que ensinarlle o carné de conducir. Cando o viu, dixo:

- Encantado de coñecelas, en realidade, non debía de sorprendeme xa de nada, pero o de vostedes é demasiado. E deunos o visado de saída; tiñamos que estar alí ás cinco da mañá do día seguinte.

Cando chegamos de volta ao hotel, mandámoslle por teléfono un recado a Calcova para que nos chamasen urxentemente. Chamounos miña irmá Julita.

- Que pasa?
- Saímos mañá para a fronte co coche.
- Que? A que fronte?
- Á de Asturias.
- Pero alí hai guerra?
- Onde imos nós non.
- A que parte ides?
- A Grado.
- E en Grado non hai guerra?
- Non, muller, non ves que se a houbese non nos mandaban a nós?
- Menos mal!

María, para disipar as dúbidas que puidese ter Julita, dixo:

- Que queres que che traíamos de alá?

Julita dubidou un pouco e, despois, contestou:

- Nada, non quero que me traiades nada; o diñeiro que levades faravos falta para comer, así que non se vos ocorra gastalo en parvadas para nós.

Logo dunha pausa, engadiu:

- De verdade que non hai perigo?

Eu estaba oíndo polo auricular, que tiñamos no medio das dúas, e dixeran:

- Non te preocupes, Julita, que non vai pasar nada.

- Es ti, Celia, crin que estaba María soa - contestou ela de inmediato.

- Pois xa ves que non, estamos as dúas e tamén imos xuntas a Grado. Dille a mamá que lle traeremos un agasallo para ela. Adeus, temos que irnos.

Mentres eu falaba con Julita, a María esvaroulle unha bágoa pola fazula: estaba emocionada. A min sempre me sorprendeu esa capacidade de María para disimular. Mentres falou con Julita daba a impresión de que non había nin o menor asomo de perigo, pero cando eu empecei a falar, ela separouse un pouco e, silenciosamente, empezou a chorar. Menos mal que cortei a conversación telefónica, porque se non íase decatar Julita.

- Veña, María, non podemos virnos abaixo agora - dixeran, tratando de animala.

- Tes razón, imos durmir - contestou a miña irmá.

XIII LILÍ

As catro da mañá erguéronse. As miñas tías apenas puideran durmir, aínda que ningunha das dúas o recoñeceu.

- Durmiches ben?

- Bastante ben, grazas.

A xuízo da miña tía María, a miña tía Celia nin sequera deu voltas na cama, sinal de que durmira coma unha pedra, pero ela non podía deixar de pensar en que ao día seguinte ían á guerra. Non estaban informadas de nada. A guerra era para elas algo que se libraba nalgures, neste caso en Asturias, pero que non lles afectaba a elas. Sabían, con todo, que algunhas consecuencias da guerra afectaban a persoas civís, pero sempre tiveron coidado en non significarse e pasar o máis desapercibidas posible. A cuestión era non chamar a atención, dicían, como se chamar a atención ou non dependese delas. Tampouco conviña preguntar moito. “Fai o que che digan e así non crearás problemas”. Era unha filosofía de andar pola casa, pero ata entón dera resultados. No entanto, María sabía que aquela vez a cousa era diferente. Onde elas tiñan que ir non era un lugar da retagarda máis ou menos revoltó, senón á zona da fronte, onde os soldados dun e outro bando se saudaban a canonazos todas as mañás. A miña tía era consciente diso, pero non quería falar do asunto con Celia por temor a preocupala demasiado.

Cando decidín escribir esta historia da miña familia, tiven que informarme da situación na que se achaba a fronte de Asturias cando elas fixeron a súa primeira viaxe. O destino era a vila de Grado, cabeza de operacións das forzas nacionais que pretendían liberar Oviedo, onde quedara cercado o coronel Aranda con 3200 homes ás súas ordes. O coronel Martín Alonso, ao mando das chamadas “columnas galegas”, recibiu o día catro de outubro de 1936 o reforzo dunha Bandeira do Terzo e un Tabor de Regulares. O día once ocupa El Escamplero. O dezaseis ocupa a vila de Gallegos. O dezasete, unha compañía asalta o Nora e ocupa o Naranco. Esa mesma noite, tres compañías máis das columnas de socorro entran en Oviedo. Durante o sitio de Oviedo, os republicanos sufriron 14.000 baixas dun total de 26.000 a 30.000 atacantes. A defensa tivo 2300 baixas e a poboación civil 1000, como consecuencia dos bombardeos, e outras tantas causadas polo tifo.

Copiei eses datos da fronte de Oviedo porque dan unha idea da situación na que estaban involucradas as miñas tías pola simple razón, para elas suficiente, de que non querían perder o seu vehículo e non atoparan outro xeito de recuperalo. Pero estaban satisfeitas das manobras que tiveran que facer para conseguilo. Non eran, xa que logo, voluntarias por ideoloxía ou

por afán de aventuras. Eran dúas mulleres de aldea que sabían o que valía o ómnibus e as dificultades que tiveran que pasar para conseguilo. Gustaríame poder dicir que se trataba de mulleres valentes ou “modernas”, que desafiaban o poder dos homes para reivindicar os valores femininos, ou que se trataba de mulleres avanzadas ao seu tempo, conscientes de selo. Pero iso non sería verdade. Eran só mulleres de aldea, tímidas e pobres mulleres, que defendían con uñas e dentes a súa propiedade, requisada polas autoridades en nome da patria. Elas só loitaban pola súa familia e dou fe de que foi o único que fixeron na vida. E porque eu formei parte da súa familia, apláudoas.

Pido perdón por esta digresión, algo fóra de ton, quizais, pero quería deixar claro que esa aventura non foi algo excepcional e nunca tivo para elas máis valor ca o que fixeron antes ou despois. A viaxe a Grado foi unha viaxe máis, diferente porque viaxaban por lugares novos, e perigosa porque se achegaban a zonas quentes nas que a guerra se oía e non só se contaba. Con todo, cando chegaron ao lugar convido para embarcar, os seus temores disipáronse e dispúñanse a realizar a viaxe con bo ánimo, satisfeitas por conseguir recuperar o seu vehículo. Os farois da cidade estaban acendidos e este detalle pareceulle de bo agoiro, porque normalmente as luces adoitaban permanecer apagadas por temor a bombardeos ou inspeccións aéreas. Levaban pezas de abrigo porque o relente da madrugada metíase nos ósos e podía derivar en enfermidades ou arrefriados. Levaban os abrigos postos e amplas bufandas e portaban as súas bolsas de viaxe nas que puxeran o máis imprescindible. De momento, formaban o convoi dous coches máis, pintados tamén para camuflaxe e conducidos por choferes militares. María esperou a que chegase Celia, que fora buscar o ómnibus, e presentoulle as súas credenciais ao militar que estaba á fronte da operación. Debía xa estar sabedor de que se trataba de mulleres, porque non fixo ningún comentario, limitouse a dar o visto e praxe e a sinalar o lugar que debían ocupar no convoi que, por algunha razón descoñecida para elas, foi o primeiro. Pregunteille á miña tía María por que cría ela que lles deron o número un e non soubo dicirme a razón, pero aventurou que podía ser para telas máis controladas.

- Ou quizais - dixen eu sorrindo - , porque non se fiaban de que non fósedes atacar os outros coches.

A isto a miña tía contestou cun xesto moi peculiar:

- E sería...

Achegouse a elas un soldado e un mecánico para informalas sobre o recoñecemento que fixeran do vehículo e máis tarde chegou un sarxento con bolsas e un cartafol de documentación.

- Era un raparigo novo e ben parecido - dixo a miña tía.

A miña tía Celia xa estaba ao volante do vehículo e o sarxento dirixiuse a ela:

- Son o sarxento que as acompañará ata Grado e fágome responsable da carga do vehículo. Espero que nos levemos ben. Irei na cabina con vostedes e indicareilles o que deben facer en cada momento e o camiño que deben seguir. É a primeira vez que fan o percorrido, segundo teño entendido, así que deberán fiarse de min que xa fixen este percorrido outras veces. Espero que non teñamos problemas.

As miñas tías gustoulles a desenvoltura do raparigo e a seguridade coa que falaba. Pensaron que tiveran sorte, porque sempre era máis fácil entenderse cunha persoa nova ca cun home maior, contrariado quizais por unha viaxe que non desexaba e, por outra banda, sempre sería máis amena a conversación. Á miña tía Celia, de xeito especial, gustoulle que non fixese mención ningunha ao seu sexo, e as tratase como se fosen compañeiros de toda a vida. É de supor que viña xa sabedor de todo o que se refería a elas, porque non fixo preguntas referentes ao motivo do seu recrutamento.

Nos ómnibus subiran mercancía, soldados e algunhas mulleres e familiares de mandos con paquetes e equipaxes para os seus. Chamoulles a atención que ningunha das mulleres subise ao seu vehículo.

- Non debían de fiarse moito das vosas habilidades - díxennlle eu á tía María.

Ela repetiu aquel xesto que facía cos ombreiros e díxome:

- E sería... - pero non fixo máis comentarios.

Antes de saír chegaron máis ómnibus con soldados e, cando o convoi estivo formado, deron a orde de saída. O coche das miñas tías ía o primeiro da fila e a miña tía María tivo medo de que a súa irmá non puidese arrincalo. Había tanto tempo que non o conducía que pensou que igual puideran cambiar algo do coche que a súa irmá non puidese controlar, pero non lle dixo nada a Celia que, por outra banda, parecía feliz co volante nas súas mans. Tampouco tiña motivos para desconfiar porque a súa irmá xa o trouxo desde o taller onde estaba gardado e non parecía que estivese preocupada.

Saíron cara a Betanzos a boa marcha e mamá Celia foi afianzándose cada vez máis, conducindo coa confianza de costume, como se o fixese todos os días, malia que levaba xa algún tempo sen subir ao vehículo. Comentaron as dificultades da Costa do Sal, pero Celia dixo:

- Se o coche está como estaba cando eu o deixei, non hai problema, porque ten bos freos e as marchas curtas aguantan ben do vehículo.

Entrementres estableceuse certa confianza entre o sarxento e elas e xa se chamaban polos seus nomes, aínda que seguían tratándose de vostede. Chamábase Emilio e portouse con elas coma un cabaleiro, tratándoas co

respecto debido a unhas señoritas, aínda que é posible que se debese ao cargo oficial que desempeñaba no convoi e non á súa natural inclinación. Pola súa banda, elas procuraron manterse con certa reserva debido ao temor de que as considerasen demasiado frívolas e lles faltasen ao respecto por iso.

- Como trates aos demais, así te tratarán a ti - dixo a miña tía, como se fose unha sentenza aprendida de antigo.

Ata Betanzos, a paisaxe era xa coñecida por elas pero a partir de aí todo era novo e a miña tía María distraeuse contemplando o que estaba vendo. Quizais por iso non prestou atención ao que lle dixo a súa irmá:

- María viches eses vultos que hai na cuneta?

Celia tivo que repetir a pregunta, agora levantando máis a voz. Pero quen contestou foi o sarxento:

- Non se preocupe por iso, Celia; dentro dunha hora ou dúas retiraranos de aí.

A miña tía María deuse de conta entón dos vultos aos que se refería Celia. A luz da mañá reflectíase sobre aqueles vultos e decatouse de que se trataba de corpos mortos. Pensou que debían estar preto dalgún cemiterio, aínda que non podía explicarse por que non estaban metidos en cadaleitos. Non fixo ningún comentario, porque oíra a recomendación do sarxento e optou por calar. Máis tarde, comentando aquel suceso coa súa irmá, chegou á conclusión de que debía de tratarse de “paseados”, esa xente que sacaban das súas casas pola noite e á que mataban en calquera cuneta. Non se preguntaron quen eran os autores deses paseos, porque sabían moi ben que estaban en tempos difíciles, de vinganzas persoais, ás veces, que se disfrazaban de crime político, xustificado case sempre na seguridade e a orde da comunidade.

O convoi non parou ata chegar a Mondoñedo. Alí pararon para comer. Elas comeron cos demais choferes, todos militares, pero o sarxento púxose ao seu lado e procurou que se distraesen cunha conversación distendida. A compañía que lles fixo o sarxento deu os seus froitos e ningún dos demais choferes lles fixeron preguntas, senón que mantiveron unha conversación respectuosa e amigable. Non sei se o sarxento falou antes con eles ou se eles se comportaron así por cortesía, porque a miña tía nin sequera se cuestionou ese problema.

- Como cres que ían comportarse? - dixo a miña tía.

- Non sei - contestei eu- , ao peor xurando ou dicindo procacidades como adoitan facer os homes cando están xuntos.

Pero a miña tía replicou:

- O que pasa é que non estaban sós, muller; estaban connosco.

A súa aclaración pareceume definitiva para entender cal era o trato dos homes con elas e o respecto que elas inspiraban. Cando oín a explicación

da miña tía non puiden evitar un sentimento de orgullo familiar. Esas eran as miñas mamás, as que me criaron como se fose a filla de todas e non só a de Julita, as que sempre deron por suposto que eu me comportaría como unha lavanca e non doutro xeito.

Ao chegar a Ribadeo fixeron outra parada. Entraron na terraza dun bar a tomar un café e pronto se deron de conta de que algunhas persoas sinalaban co dedo a Celia, porque a viron aparcado ao bordo da beirarrúa. A curiosidade da xente non se limitaba á rareza de ver conducir un ómnibus a unha muller, senón que se acrecentaba polo feito de que ese ómnibus fose militar, onde se supón unha disciplina impropia de mulleres.

Uso a palabra ómnibus e non autobús, que é a que se emprega hoxe, porque elas sempre a empregaron cando mencionaban o seu primeiro vehículo para viaxeiros e porque, en realidade, ese é o verdadeiro nome dun vehículo grande que servía para toda carga, como indica o seu significado etimolóxico.

Pero volvo ao meu relato e á curiosidade da xente ao ver a miña tía como condutora dun camiión. Ao parecer, esa circunstancia era tan rara alí coma na súa vila, o que demostra que os costumes están máis xeneralizadas do que cremos. Era xa tarde e o cabo díxolles que tiñan que saír para Vegadeo, onde farían noite antes de continuar ata Grado. Estaban satisfeitas porque non tiveran contratempos no camiño e o cabo comentou con elas que era a mellor viaxe das que realizara ata aquela data.

- Espero que a sorte nos acompañe - dixo, mentres lles facía coa man o sinal de saída aos demais vehículos que os seguían.

Tía María comentou, mentres avanzaba no seu relato, que a noite se presentou inesperadamente, quizais porque, mentres estaban na terraza do bar, non se deron de conta de que se facía tarde, e os faros iluminaban a ponte sobre o río Eo, que permanecía en calma mentres cruzaban por encima. Alén da ponte, pisaron por primeira vez terra de Asturias e, aínda que pareza raro, iso causoulles unha boa impresión. Era como se iniciasen unha aventura por terras descoñecidas, pero acompañadas por outros coches que non as deixarían soas. Porén, pronto volveron á realidade porque xa se achegaban ás primeiras casas de Vegadeo. Aparcaron preto da praza e entraron nunha fonda para cear, guiadas polo sarxento que lles indicaba o que debían facer en cada momento. A dona da fonda levounas ao comedor e sentaron nunha mesa grande para cear. A miña tía lembraba que cearan troitas, lentellas con chourizo, xamón, queixo do país, pan moreno e unha botella de sidra, que escanciaba un camareiro nuns vasos grandes.

- Parece que ceabades ben - interrompín eu, logo de oír a lista de pratos.

- Sempre comemos ben nesas viaxes; en ningunha das vinte e unha que fixemos á fronte de Asturias pasamos fame - comentou a miña tía.

- Pois custaríavos unha pasta - dixeran eu.

- Que va! Era todo gratis; o exército tiña preferencia en todos os sitios onde íamos - comentou, cun sorriso de complicidade.

Despois quedou pensativa, como recordando, e dixo:

- En fin, eu tiña que pagar as miñas consumicións porque non estaba en nómina, pero Celia non só non pagaba senón que lle daban, ademais, cinco pesetas diarias que nos sobraban para as dúas.

Cando terminaron de cear, a dona da fonda ensinoulles o cuarto onde durmirían aquela noite. Pecharon a porta con chave e deitáronse. Estaban rendidas e non tardaron en durmir. Ás cinco da mañá chamaron á porta: era o sarxento que as avisaba de que debían levantarse. Fixérono rápido, por temor a chegar tarde e antes das seis xa estaban no ómnibus preparadas para saír, logo de revisar o vehículo.

A subida a Castropol, pola beira da ría, fixérona de noite, antes do amencer. Achábanse en Asturias, nunha zona que, ata había moi pouco tempo, estaba baixo o mando do exército republicano. O sarxento advertiullo a Celia:

- Terá que pór os cinco sentidos na condución porque pasamos por zona liberada e os contratempos poden xurdir en calquera momento.

A miña tía calou, como adoitaba facer cando lle facían algunha indicación, pero sentiu un calafrío. O eco da guerra que se libraba nas terras de Asturias chegou á súa mente como unha advertencia. Era coma se lle estivese dicindo:

- Ten valor, Celia, que a guerra non vai contigo.

Precisaba darse valor para seguir adiante, porque, a medida que se achegaban á zona de perigo, o temor ao descoñecido era máis evidente. A pesar de todo, o seu aspecto revestiuse dunha máscara na que non podía adiviñarse o seu estado de ánimo. María, cando vía a Celia ensimesmada, achegábase a ela e puña unha man encima da súa para darlle confianza. A miña tía María tiña seis anos máis ca a súa irmá e trataba de protexela, aínda que Celia procuraba non dar mostras de debilidade ante a súa irmá maior.

Ata Navia non tiveron ningún contratempo, pero cando estaban chegando á vila, o ómnibus de Celia tivo unha picada. Tiveran sorte e ata aquel momento libráranse das picadas, bastante frecuentes naquelas datas, a pesar de que, máis dunha vez, tiveran que deterse para que os mecánicos arranxasen as avarías dalgún dos vehículos. O convoi levaba un grupo de mecánicos para intervir cando algún dos ómnibus que formaban parte del

sufría algunha avaría, pero o vehículo de Celia saíra do taller con rodas novas e totalmente reparado, polo que non tivera aínda ningún contratempo. Os mecánicos non tardaron en arranxar o dano e puideron seguir. Pasaron por Navia sen deterse e non tardaron en chegar a Luarca.

A baixada a Luarca fixérona con moita lentitude, encima das marchas curtas e cos freos a piques de intervir se fose necesario. Cando chegaron, a vila estaba bastante deteriorada polos efectos da guerra, pero ás miñas tías pareceulles un lugar de extraordinaria beleza. Sempre lembraron aquela vila, levantada no fondo dunha valgada natural e rodeada de montañas case inaccesibles. Alí encheron o depósito e aproveitaron para comer algo. A miña tía María só recordaba daquela comida as luras na súa tinta. Ao lembralas facíasele a boca auga:

- Nunca me souberon tan ben unhas luras - díxome, mentres pechaba os ollos para acordarse mellor.

Non estiveron moito tempo en Luarca, porque o sarxento quería chegar pronto a Grado, así que tiveron que saír de alí antes do que desexaban.

En Caneuru, a uns once quilómetros de Luarca, desviáronse ao sur, pola estrada que pasa por Grado antes de chegar a Oviedo. Non tiveron dificultades antes de chegar ao porto da Espiña, pero a subida a ese porto foi a máis difícil de todo o percorrido. As curvas sucedíanse de forma inesperada e, cando crían que xa superaran unha, metíanse noutra e noutra, como se non se terminase nunca de pasalas. A miña tía María arrimouse a Celia, como se coa súa presenza puidese aliviar o traballo da súa irmá. Tamén o sarxento estaba pendente da condución, desconfiando quizais das forzas físicas de Celia. O volante daqueles coches non tiña as axudas mecánicas que teñen hoxe e facía falta movelo a pulso, sobre todo se as curvas eran tan pechadas e se atropelaban unhas a outras como era o caso. Como se todos se puxesen de acordo, produciuse un silencio audible no interior do vehículo, só roto polo pousado run run dos motores. En sucesivas viaxes, aquel porto non lles daba xa medo, pero aquela era a primeira e non pasaran nunca por unha costa con tanta dificultade. Cando, por fin, chegaron ao alto do porto, produciuse dentro do vehículo un aplauso unánime e Celia, sorprendida, sorriu:

- Grazas - dixo, sen que fixese falta preguntar por que aplaudían.

En Salas, o convoi parou e o grupo de mecánicos repartíuse polos vehículos para lles preguntar aos condutores se tiñan algún problema. Cando un deles se achegou ao ómnibus de Celia, preguntou desde a porta se había algunha novidade.

- Ningunha - dixo a miña tía, e o mecánico foise. Pouco tempo despois deron a orde de seguir adiante.

En Cornellana, a miña tía María viu un grupo de mulleres da Sección Feminina que estaban lavando nun río. Ao pasar os vehículos, as mulleres puxéronse de pé e a miña tía coñeceu a unha delas, a súa veciña e parente Ramona Rivas, á que saudou coa man, pero o seu saúdo non tivo resposta. A miña tía deu por suposto que non a coñecera, pero Ramona díxolle máis tarde que tiñan prohibido saudar os soldados e, en xeral, a xente que viaxaba nos convois. Díxolle tamén que non podía imaxinar sequera que puidese viaxar María no convoi e que quedou moi preocupada ao vela nel, aínda que despois deu por suposto que non sería ela. Á miña tía, con todo, aquel encontro deulle tranquilidade. Era coma se chegase a un lugar coñecido. Tivo esa mesma sensación cando chegou a Grado.

En Grado tiveron un recibimento apoteótico. Alí esperaban o convoi un gran número de persoas, tanto militares como civís. Entre eles, algúns soldados de Fisterra, que esperaban o correo como todos os demais, pero que se viron sorprendidos pola presenza das miñas tías. A veciñanza é un valor sentimental cando se está lonxe da terra e a vida pende do fio da sorte. Ao ver ás miñas tías, os soldados de Fisterra e os naturais dos concellos veciños, viron nelas as súas irmás, ou as súas curmás, ou as súas noivas e sentíronse máis preto da súa casa, como se de súpeto atopasen a calor do seu fogar, encarnado naquelas mulleres que aínda cheiraban á súa terra. Pola súa banda, elas estaban desbordadas, porque nunca se atoparon nunha situación similar e non sabían como debían comportarse con aqueles soldados que prescindiran das convencións sociais e se mostraban coa impudicia da intimidade familiar. O sarxento acudiu na súa axuda e puxo algo de orde naquela explosión de familiaridade, reclamando a súa presenza no convoi.

- Teñan coidado - díxolles- , porque os soldados, aínda que sexan amigos, non son boa compañía cando están na fronte.

A miña tía María recuperou o seu sangue frío e contestoulle con certa sequidade:

- Non se preocupe, sarxento, os que nos coñecen saben que sempre nos demos a respectar e non será aquí onde non o fagamos, pero dámoslle as grazas pola súa axuda.

O sarxento quedou un pouco sorprendido polo comentario da miña tía, pero non dixo nada e levounas ao hotel onde debían pasar a noite.

Ao día seguinte, cando se ergueron, estábanas esperando os soldados de Fisterra, que desexaban saber como estaban as súas familias e as novidades que había na vila. A miña tía recordaba algúns nomes e mencionoumos como se estivese pasando lista. Alí estaban Nazario Fernández, Mauricio Lado de Pomiano, Juanito de Belarmino, Elías Toba, Laureano Trillo, Humberto Romaní, Chete Blanco e outros que dixo non lembrar.

- E de que falabades? - dixeran eu para interromper as súas lembranzas nominais.

- Cos de Fisterra, da súa familia, claro, pero Humberto Romaní, de Corcubión, quería darnos un paquete de cartas para a súa madriña de guerra, que era de Baio.

- Dícidesslle como me atopastes e que pronto nos levarán á fronte do Ebro, segundo acabo de saber agora. Oe - dixo baixando a voz - , fanme falta cen pesetas; se mas prestades, pedídesllas aos meus pais cando volvades á casa.

A miña tía non me dixo se llas deron ou non. Cen pesetas era bastante diñeiro e non me parece que puidesen darllas ao primeiro que llas pedise, por moi amigo que fose. Ao parecer, o raparigo morreu na fronte do Ebro, aínda que non estou moi segura de que fose así.

Pasaron en Grado ese día, pero ao seguinte tiñan xa que volver á Coruña, co correo. A miña tía díxome que fixeran vinte e unha viaxes coma esa, aínda que non sei agora se o total de vinte e unha se contaba só coas viaxes de ida ou deben incluírse nesa cifra as de ida e volta. En calquera caso, foron moitas viaxes, porque calculando unha de ida e volta por semana, implicaría que fixeron ese traxecto ata o dezasete de marzo de 1937, data na que decae a presión republicana sobre Oviedo e o seu corredor e Mola inicia a Campaña do Norte, co ataque sobre Biscaia, momento en que xa serían prescindibles os seus servizos.

A volta á Coruña foi moito máis relaxada. Elas traían o correo militar e no resto do convoi volvían algúns soldados con permiso ou enfermos graves. En Cornellana, pediron permiso para buscar a Ramona Rivas e atopárona con facilidade, posto que traballaba nun lavadoiro mecánico que se dedicaba a lavar a roupa da tropa. Ramona pertencía á Sección Feminina de Falanxe e a súa misión era a de lles prestar axuda ás tropas que loitaban nas fronte de guerra. Ramona non daba crédito ao que vía.

- Tamén vós estades na Sección Feminina? - preguntou moi sorprendida.

- Non, Ramona, a nós requisáronnos o ómnibus e a nós con el - contestou tía María, sen dar máis explicacións.

Non puideron estar moito tempo con ela, porque o convoi dispúñase a partir e despedíronse coa promesa de que lles contarían aos seus pais e ás súas irmás que estaba ben.

- Estaba moi ben e contenta, aínda que tiña as mans inchadas pola sosa e o frío. Formaba parte dun grupo de voluntarias que querían ser útiles - comentou a miña tía, non sen certo orgullo.

Cando baixaban a Luarca, o convoi tivo que deterse porque un turismo avariado interrompía o tráfico. Polo visto viaxaba nel o bispo de

Mondoñedo, que morreu no acto, e estaban intentando apartar o vehículo para deixar o paso libre. No noso coche viaxaban unhas nenas a cargo dunha mestra, ata Mondoñedo.

- Encargáronme que as levara á casa duns familiares porque, ao parecer, en Galicia hai menos perigo ca en Asturias - dixo a mestra a modo de explicación.

En Mondoñedo fixeron noite e, ao día seguinte, á tardiña, chegaron de volta á Coruña. Fixeran a súa primeira viaxe a Grado.

XIV CELIA

Que recordo eu daquela miña primeira viaxe a Grado? En realidade, só me acordo dos preliminares. O demais aparece confundido coas miñas experiencias en Asturias. Todas as viaxes que fixemos á fronte, mentres Oviedo permanecía rodeada polo exército republicano, non aparecen nítidas na miña memoria, quizais porque ata a terceira ou a cuarta viaxe non puidemos entrar na capital e o que lembro agora mesmo é a impresión que me produciu o aspecto exterior da catedral de Oviedo. Eu non tiven nunca unha gran relixiosidade; sempre tomei a vida como algo que só se vive unha vez e procurei apurar as miñas vivencias ata o límite. Pero cando vin o aspecto exterior da catedral de Oviedo, cribada polos impactos das balas, souben, sen que ninguén mo contase, o grao de sufrimento que padeceron os asediados. Ningún outro edificio da capital ofrecía tal mostra de acoso alleo; era coma se aos habitantes da cidade lles fosen arrincando aos poucos algúns anacos da súa pel.

Entramos en Oviedo tan pronto como se liberou a cidade. As forzas nacionais romperon o cerco o 17 de outubro de 1936, pero en novembro o exército republicano cortou as comunicacións de Grado no alto da Cabruñana, o que dá unha idea da fragilidade dos nacionais. Non podo recordar agora o que pensaba eu daquela situación tan inestable. Pero eu tiña vinte e catro anos e unhas inmensas ganas de vivir. Non me preocupaba tanto o que podía ocorrer ao día seguinte como o que estaba ocorrendo naquel momento. E neste momento, aínda que pareza estraño, encantaríame estar sentada no parque de San Francisco para poder revivir os meus sentimentos daqueles días.

A primeira vez que chegamos a Grado sentínome como unha heroína, aplaudida polos soldados de Fisteria e os dos concellos veciños, que nos esperaban como se fósemos as súas liberadoras e lles levásemos os seus no canto das súas cartas. Pero esa sensación non se dissipou nas seguintes viaxes, porque nós levabamos as noticias que esperaban, o amor das madiñas de guerra que fantasiaban co seu afastamento sen compromiso ningún pola súa banda, o agarimo dos seus pais e demais familiares, e a convivencia, sempre pacífica en comparación coa fronte de guerra, dos conveciños das súas respectivas comunidades. A miña irmá María, sempre tan animosa, recordaba con todo que abandonáramos o noso traballo e que a nosa nai e as nosas irmás non o pasarían tan ben sen nós, porque o noso negocio, sen nós, non daba rendemento. Pero eu, e dígoo con certo remordemento, non pensaba para nada nos negocios da casa; só me

interesaba o pan noso de cada día, a ocupación de cada momento, o afán de cada hora. Nin pensaba no pasado nin no futuro, quizais porque sabía que diso se ocupaba a miña irmá. No que eu pensaba, e dáme vergoña dicilo, era en pasalo o mellor posible, coquetear prudentemente cos soldados e rexeitar sorrindo as abundantes proposicións dos homes, excitados pola inseguridade do momento.

- Que che dicía ese soldado, Celia?

- O que todos, María: que está tolo por min.

- Vaia por Deus! A falta de pan, bos son sopapos - replicaba a miña irmá, chiscándome un ollo.

A miña irmá tiña a prudencia das mulleres da miña vila e non podía imaxinar sequera que houbese alguén que se namorase a primeira vista.

- Son andrómenas, Celia, falar por non estar calados; o amor é outra cousa.

- Que cousa? - dicía eu para amolar.

- Coñecemento, Celia, coñecemento; como se pode amar sen coñecer o que se ama?

- Caramba, María, parece unha profesora, onde aprendiches a falar así?

- A vida, Celia, a vida; aos trinta anos non se ve a vida do mesmo xeito ca aos vinte e catro.

- Calquera diría que xa es vella - replicaba eu con desenfado.

- A verdade é que o son - contestou a miña irmá- , máis vella do que quixese.

A conversa adquirira unha seriedade que eu non desexaba. A miña irmá tiña trinta anos e na miña aldea esa era xa unha idade que non adoitaban alcanzar as mozas solteiras. As necesidades do campo e quizais a precocidade das súas mulleres fomentaban os matrimonios entre mozos. Aos trinta anos, unha muller solteira considerábase vella e o seu matrimonio adoitaba ser acordado entre as familias. A miña irmá non tivera tempo de mocear, ocupada en coidar de nós, e a súa queixa, expresada como unha reflexión persoal, doeume a min máis ca a ela.

A miña irmá Palmira casou en agosto dese ano e Julita en novembro. Manolo, o marido de Palmira, era contramestre da Mariña e prefería vivir en Fisterra coa súa muller. A miña irmá Julita casou con Agustín en novembro e tamén se foron vivir a Fisterra. Na casa de Calcova só quedou a miña nai e Candidita. Entre as dúas nin sequera podían atender os labores do campo, do que se fornecía parte da despensa da nosa casa. A situación non era a máis desexable para nós e a miña irmá María debatíase entre as súas obrigacións con mamá e o seu compromiso comigo e co vehículo. Algunhas veces, eu

picábaa dicíndolle que xa non facía falta que me acompañase, pero ela nunca recolleu a luva:

- Eu metinte nisto e non te deixarei ata que volvamos á casa co coche.

Era unha ladaíña que recitaba tanto cando as cousas se puñan mal como cando nos sorrían.

Entre viaxe e viaxe, faciamos algunha escapada a Vigo para comprar sardiña e levala a Sada. Cando non tiñamos que saír de viaxe, podíamos mover o ómnibus para traballos propios, sempre que non interrompésemos os plans dos militares. O xefe da Coruña facía a vista gorda e avisábanos cando debíamos estar dispoñibles. Grazas a iso puidemos manernos, pero resultaba evidente que a nosa economía se resentira. María, que cargaba coa responsabilidade de ocuparse das cuestións económicas e mantiña contacto continuado co resto da familia, estaba ás veces angustiada polo noso futuro. Neses momentos era eu a que tiña que animala, e contáballe anécdotas dos meus “admiradores”, desairados polo meu rexeitamento, que ameazaban con deixarse matar na fronte se non lles sorría. Iso púña sempre de bo humor, porque sabía que os meus coqueteos non pasaban nunca máis aló dunha broma inocente. En calquera caso, aquela foi a época máis penosa para nós, non só polos perigos que tiña o noso traballo, senón porque non lle víamos saída ao noso futuro.

Cando me acordo daquelas viaxes a Grado, nunca me vén á memoria o perigo que podíamos correr. A verdade é que só teño bos recordos e, se volvese ser moza, non me importaría volver repetilos. Non foi o mesmo para a miña irmá María, que tiña quizais máis sentido da responsabilidade ca min e que, se me acompañou, foi para non deixarme soa. Ela puido quedar na casa e atender coma sempre o noso negocio, agora abandonado por falta de dirección. Nunca lle agradecerrei bastante que viñese comigo e que non abandonase a partida ata que puidemos conseguir que nos liberasen.

Un día, a miña irmá díxome:

- Sabes que poderían destinar o ómnibus á Fábrica de Carbuos Metálicos de Brens?

Sorprendeume que me dixese algo tan impensable e dixen:

- Estás de broma ou que?

- Non, non - contestou- , estiven indagando e, para a miña sorpresa, a Fábrica de Carbuos é un dos obxectivos que teñen que protexer as forzas nacionais. Produce, polo visto, manganeso, un mineral necesario para fabricar o aceiro das armas ou algo parecido.

- E iso que ten que ver connosco? - preguntei eu, algo desilusionada pola explicación de María.

- Ten moito que ver, Celia, porque nós coñecemos o señor Garrone, o director, e el pode solicitar que destinen o noso ómnibus para o servizo da Fábrica - respondeu a miña irmá con aire triunfal.

Era certo que coñeciamos o señor Garrone porque traballáramos para el carrexando cuarzo, xa que todo o que se arrincaba nas minas dos arredores se consumía nos fornos de fundición da Fábrica de Carbuos. O que eu non sabía era que a fábrica tivese algo que ver coas armas, e por iso non acababa de crer o que María me estaba dicindo. Insistín coa miña irmá para que me aclarase máis aquel asunto que me parecía increíble.

- Verás - explicou- , a requisita de todos os vehículos de transporte deixou a fábrica illada, non só porque tiña que carrexar o cuarzo con carros de vacas, senón porque non lle podía dar saída á súa produción de manganoso e tivo que lles pedir ás autoridades que lle axudasen, enviándolle os vehículos necesarios, así que me dixeron que lle pedísemos ao señor Garrone que nos reclamase

Nin sequera se me ocorreu preguntarlle quen llo dixo. María tiña amizades en todas as partes e sempre estaba en estado de alerta para conseguir o que máis nos conviñese. Dei por suposto que era verdade todo o que me dixo e aproveitamos os días de descanso entre viaxe e viaxe para visitar o señor Garrone. Alegrouse moito de vernos e, cando soubo da nosa situación, díxonos:

- Pero por que non falastes antes comigo, criaturas! Claro que podo axudavos e vouno a facer agora mesmo.

Pediulle á central un número de teléfono e, mentres nós esperabamos, estivo falando noutro despacho. Cando terminou, díxonos:

- Iso está arranzado; cando chegedes á Coruña, falades co xefe do Parque Móbil e el daravos a credencial necesaria para acreditar que se destina o voso vehículo ao servizo desta fábrica.

Estabamos tan alegres cando nolo dixo que nin sequera lle demos as grazas, pero abrazámonos as dúas e saltamos de alborozo polo despacho. O señor Garrone asistía divertido á nosa celebración de alegría e María, cando acougamos, pediulle perdón pola nosa algarada, pero el sorría e díxonos que se alegraba moitísimo de que estivésemos contentas, advertíndonos, con todo, que podía ocorrer que xa estivese disposta a nosa viaxe a Grado e, nese caso, teríamos que facer esa viaxe, pero que sería a última que fixésemos antes de que destinasen o vehículo ao servizo da fábrica. Esta advertencia non baixou o noso entusiasmo e, logo de despedirnos, fómonos á casa, pero a miña irmá tomou boa nota e buscou diñeiro para que, no caso de que tivésemos que ir a Grado, estivésemos en condicións de traer de alí mercancía co fin de vendela na zona. Non é que en Grado houbera mercancía de fácil venda na nosa zona,

pero habíaa en Oviedo, onde faltaba comida, pero sobaban teas e outros artigos, considerados alí de luxo e de consumo normal na nosa zona. En máis dunha ocasión ofrecéronnos ese tipo de mercancia, pero non podíamos comprometernos porque non tiñamos diñeiro para comprala nin tempo para vendela. A perspectiva de que fose a nosa última viaxe cambiaba totalmente o panorama e a María non se lle podía escapar unha ocasión coma aquela.

- En fin, María, se xa non nos mandan a Grado de nada nos serven as túas previsións - díxenlle eu cando a miña irmá me dixo o que íamos facer.

Ela sorriu e dixo:

- Muller previda vale por dúas, Celia.

A súa previsión foi acertadísima. Cando volvemos á Coruña e nos presentamos ante o xefe do Parque Móbil, recibíunos riseiro e díxonos:

- Esta será a última viaxe que fagan a Grado; en diante quedarán vostedes na súa comarca e poderán atender mellor ás necesidades da súa familia. Cando volvan, veñan buscar a credencial que poderán presentar en Carbuos.

Démoslle as grazas e el mostrouse moi amable connosco.

- Non hai de que, son vostedes unhas mulleres fantásticas e alégrome moito de coñecelas - díxonos mentres nos acompañaba á porta.

Ao recordar aquela época, as imaxes pasan diante de min como se estivese nun cine vendo un documental. Desde a miña cama contemplo aqueles sucesos coa mesma frescura do que acaba de suceder. Ata escoito os diálogos como se alguén os estivese pronunciando ao meu lado. Non sei se este fenómeno lle sucede a todos os enfermos ou só aos que están, coma min, en fase terminal, pero nunca crín que iso puidese suceder. Non sei quen me dixo un destes días, cando lle expuxen o meu estado de ánimo, que era un efecto da lei da compensación, e é posible que sexa iso. O que me falta do presente compénsase co pasado. Mágoa que unha vaia aprendendo cando xa non serve para nada. Ou quizais si. Quen sabe.

A última viaxe a Grado foi unha viaxe triunfal. En calquera sitio que parásenos, a xente viña despedirse de nós e mostrábase alegre polo noso novo destino, pero lamentaba que xa non fósemos por alí en diante. Correuse a voz de que era a nosa última viaxe e todos os nosos coñecidos ao longo da ruta saían recibírnos con cara de circunstancias, mesturando as lamentacións cos aplausos. En Grado, con todo, predominaba a lamentación sobre o aplauso. Os soldados da nosa zona mostrábanse amoucados, como se fósemos infieis á confianza que depositaran en nós como recadeiras dos seus desexos ante as súas familias ou ante as súas madriñas de guerra e ata ante as súas noivas. Tratábanos en todos os casos de lle quitar importancia ao acontecemento, dicíndolles que volveríamos cando as cousas se

normalizaran, pero todos sabíamos que non era verdade. En calquera caso, aquela viaxe serviu para darnos de conta, de xeito abafador, de que aquela xente nos quería, o que non era pouco nunha época de tanta convulsión e incerteza.

A pesar de tantas emocións, a miña irmá María non perdeu de vista o economicamente importante e, en canto arraxamos os asuntos de Grado, fomos a Oviedo. Alí interesámonos polas teas que nos ofreceron noutras ocasións e non tivemos dificultades para comprar, e empregamos niso todo o diñeiro que conseguira María. A miña irmá estaba contenta. Por primeira vez, desde que viaxabamos a Grado, podía ocuparse dos seus propios asuntos e iso proporcionáballe unha grande euforia. Nese momento sentíase útil para a súa familia e iso dáballe unha gran satisfacción.

Na viaxe de volta repetíronse as despedidas e as lamentacións. A miña irmá estaba conmovida por tantas manifestacións de afecto, pero eu estaba máis pendente do traballo que debía realizar ca daquelas despedidas. As estradas deterioráronse bastante con tanto conxoi e cada vez era máis difícil conducir por elas, así que debía pór os cinco sentidos no volante para evitar problemas. Tiven sorte, porque nunca tiven un contratiempo grave e sempre atopei a axuda necesaria cando xurdía algún problema. Unha muller tiña entón, e supoño que ten agora, unha vantaxe sobre os condutores do sexo masculino, porque os homes non perdían ocasión de demostrar o fortes e servizais que eran e estaban sempre dispostos a ofrecernos a súa axuda. E eu aproveitábame daquela circunstancia todo o que podía.

Cando chegamos á Coruña de volta, María visitou algúns comercios coñecidos e non tivo dificultades para vender toda a mercancía que traía. Tivemos unha boa ganancia e iso compensounos do abandono en que deixamos o noso negocio. A miña irmá tomou boa nota daquilo e máis adiante convenceunos do beneficioso que sería para nós montar unha tenda de teas, aproveitando as dificultades de comunicación existentes en España polos avatares da guerra, o que esixía viaxar a zonas recentemente liberadas. A experiencia de Grado despertara o seu instinto aventureiro.

A volta á casa de xeito definitivo foi un acontecemento memorable para toda a familia. Por fin, deixamos de facelos sufrir, porque aínda que procuramos sempre non dar a impresión de que o pasabamos mal, o clima de guerra que se padecía naquelas datas facía de cada viaxe unha aventura imprevisible. O máis importante, con todo, era que podíamos reiniciar o noso negocio, porque, aínda que tiñamos que traballar co ómnibus para a Fábrica de Carbuos Metálicos, non era necesario que me acompañase a miña irmá e, por outra banda, podíamos dispor do vehículo cando non estabamos de servizo.

Cando lle presentei a credencial ao director da Fábrica de Carburos, o señor Garrone recibíume cun ancho sorriso.

- Alégrome de vela, Celia - díxome ao entrar- ; espero que nos entendamos ben. Avisareinas con tempo cando teñan servizo; mentres tanto poderán dedicarse ás súas actividades sen problema. Só lles pido que teñan sempre o coche a punto.

Foi un alivio importante e a confirmación de que para todo hai remedio. Salvo para a morte, claro.

As miñas irmás Palmira e Julita estaban embarazadas e decidiron volver a Calcova. Manolo Mayobre, o marido de Palmira, pertencía á Mariña e tiña o seu traballo na vila, pero acompañou a súa muller cando veu vivira Calcova, porque consideraba que levaría mellor o embarazo se estaba acompañada pola súa nai e polas súas irmás. O mesmo fixo Agustín, o marido de Julita, aínda que neste caso, a súa chegada foi máis interesante para nós porque podía axudarnos no noso traballo. Agustín tivera na súa adolescencia unha grave enfermidade de estómago que se prolongou no tempo e, cando pola súa idade entrou en quintas, declarárono inútil total para o servizo militar. Grazas a esa inutilidade non foi mobilizado, pero podía axudarnos, con todo, no noso traballo, que non requiría un grande esforzo físico. Aprendeu a conducir e relevoume con frecuencia no volante. Pasado o tempo, a súa curación foi total e a súa colaboración física absoluta.

Agustín tiña dous irmáns que fuxiron á zona republicana cando as denuncias por esquerdistas puxeron as súas vidas en perigo. O día anterior á súa marcha viñeron a Calcova e intentaron convencer o seu irmán para que fuxise con eles porque, segundo pensaban, a súa vida tamén estaba en perigo. Pero Agustín non tiña esa sensación e, por outra banda, había pouco que casara con Julita e non quería abandonala. Aínda que Agustín non nos dixo nada a nós, souben por Julita da proposta que lle fixeran ao seu marido, pero eu estaba segura de que este nunca abandonaría a súa muller e así llo dixen a ela. Eu sempre adiviñei as intencións de Agustín e por iso me levei sempre tan ben con el. Era para min como un libro aberto e, antes de que me protestase por algo, procuraba evitar o motivo da protesta.



O matrimonio de Julita e Agustín Díaz. Fisterra 1936

Claro que, algunhas veces, era imposible evitalo, pero entón acudía ao seu lado e colaboraba con el na solución do problema. Por outra banda, el nunca se meteu nas discusións que calquera das irmás tivéssemos coa súa muller porque sabía que nunca terminarían mal. As nosas discusións nunca tiveron transcendencia nos negocios da familia e nunca pasaron máis aló de discusións familiares. Agustín sabía e, cando se atopaba no medio dalgunha desas discusións, desaparecía discretamente. Por iso se levou sempre tan ben connosco e o respectamos sempre. Ata agora que sabe que xa non me quedan moitos días de vida se mantén a unha distancia prudente e procura non angustiarme con preguntas que eu non podo responder. Agradézollo moito máis agora, se cabe, porque sei canto sente a miña situación e o difícil que lle debe resultar non chorar comigo a miña desgraza.

Esa fuxida dos irmáns de Agustín dá idea da situación inestable que se vivía en Fisterra naquelas datas. Eles e nós fomos, en realidade, vítimas daquela situación, aínda que eu nunca me sentín como tal, quizais porque sempre afrontei a vida sen esperar demasiado dela. Tampouco, ata agora, mirei nunca atrás. Sempre pensei que a vida estaba diante de nós e que a nosa obriga era buscala sen volver a cabeza. Quizais por iso non lles pedimos nunca aplauso ou recoñecemento aos demais, porque iso significaba deterse no noso camiño. En realidade nunca o necesitamos; sempre pensei que o mellor, o máis interesante, aínda non chegara. Só agora, que se apaga a miña estrela, empezo a contemplar a miña vida e a das miñas irmás como un punto afastado no universo. Nalgures estará escrita a nosa mensaxe e algún día chegará alguén que saiba lela, aínda que quizais o contido da mensaxe careza entón de interese. Ou quizais debese dicir epitafio no canto de mensaxe; algo así como “aquí xacen unhas mulleres que non quixeron ser outras cousa, pero que non renunciaron a ser persoas responsables”.

XV LILÍ

O meu Pai, Agustín Díaz, casou coa miña nai, Julita Rivas, en novembro de 1936. O pai do meu pai era coñecido como Xan de Siso e era dono de barcos de regular tamaño que transportaban a Vigo a pesca de Fisterra. Transcribo aquí as miñas anotacións: o *Colón* vendéuselles aos Mascatos; o *Plus ultra* afundiuse no cabo por un tiroteo de aviación; e o *Cabo Fisterra* foi utilizado polos meus tíos Juan e Pepe para fuxiren á zona republicana en decembro do 1936. O meu avó debía ser un home de gran cerebro, non só polo alcume Siso, senón tamén porque con outros catro formou unha compañía que se dedicaba a transportar peixe por estrada e eran todos coñecidos como a compañía de *Os Cabezudos*.

O meu tío Juan era un aventureiro, bohemio e solteirón, que viaxara a diversos países, entre eles USA, e tivo a mala fortuna de chegar a Fisterra pouco tempo antes de estalar a guerra. Cando chegou, comprou na Coruña un traxe novo e un baúl grande. Meteu no fondo do baúl unha chea de pedras e, por enriba, unhas cantas chilindradas de agasallo. Con esa bagaxe chegou a Fisterra. Logo dos saúdos de rigor, entrou co pesado baúl no seu cuarto e regalou algunhas das quincalladas que trouxera. Poucos días despois cambiou as imaxes tradicionais que había no cuarto e substituíunas por imaxes de Lenin, Troski e outros prebostes do comunismo. Cando a miña avoa lle preguntou por que retirara as imaxes que ela tiña colgadas, el díxolle que as substituíra por outros santos máis modernos. Naturalmente, non toda a xente de Fisterra era tan inxenua coma a miña avoa e a anécdota comentouse entre risas polos círculos máis cultos da localidade, o que, sen dúbida, o prexudicou cando estalou a guerra.

O meu tío Pepe era moi mañoso e montou un taller especializado en mecánica naval. Cando estalou a guerra, era secretario do Sindicato de Oficios Varios, filial da UXT, estaba casado e tiña unha filla de catro anos. Eu tiña ademais outro tío, irmán dos anteriores, que se chamaba Manolo e facía de patrón nos barcos do avó, casado e con fillos, que despois estivo moitos anos dedicado á pesca en Perú. Cando os seus dous irmáns fuxiron a Asturias no *Cabo Fisterra*, tivo algúns problemas serios, porque el mandaba o barco e acusárono de cómplice da fuga. Menos mal que a acusación non puido ser probada e, por outra banda, era home pouco interesado pola política, ademais de ser o máis prexudicado ao quedar sen barco.

O día 28 de decembro de 1936, día dos Santos Inocentes, os meus dous tíos dirixíronse a Corcubión, sen máis equipaxe ca o posto para non

espertar sospeitas e, a iso das catro da tarde, embarcaron no *Cabo Fisterra*, rumbo a Asturias. Días antes foran almacenando a bordo gasóleo, aceite para o motor, auga e algunhas conservas.

- Cando saímos - díxome o meu tío Pepe- , o mar estaba en calma, cousa rara no inverno, e tomámolo como un bo agoiro. Ao dobrar o cabo, invadiume a tristeza, porque deixaba en Fisterra a miña muller e a miña filla e non sabía cando volvería velas, pero tratei de disimular porque non quería mostrar ningunha debilidade diante do meu irmán. Deume a impresión de que el ía contento coma un cuco. O meu irmán tiña espírito de aventureiro e aquela saída clandestina debeu de parecerlle fantástica, aínda que ía calado, seica porque sabía cales eran os meus sentimentos. Máis tarde, no Cantábrico, co mar levantado, o seu estado de ánimo decaeu tanto que nin sequera era capaz de comer. Mareouse e a súa colaboración era escasa. Tratábamose de evitar a costa, por temor ás patrullas franquistas e, cando se nos estaba esgotando o combustible, decidimos desembarcar. Entramos de noite, coas luces apagadas, nun porto que resultou ser o de Lastres. Estabamos en zona republicana, pero lonxe de Xixón que era o noso destino. Abandonamos o barco no porto e, por terra, viaxando a dedo, chegamos a Xixón.

A odisea dos meus tíos non terminou cando chegaron a Xixón. O meu tío Juan incorporouse ao batallón galego do exército republicano e continuou nel ata o final da guerra, data na que fuxiu a Francia. Alí, con outros compañeiros, mandárono a África e desde alí pasou á Arxentina, onde traballou como mecánico e engraxador dun barco. Nunha das viaxes do barco a Nova York, quedou en terra e, para poder quedar no país, casou cunha americana. Cando eu o coñecín, moitos anos despois, era xefe de mantedores nun club de golf de Long Island e, con todo, seguía vivindo no Bronx, nun piso sen ferrollos na porta de entrada.

- Porque non quero, sobriña - díxome cun sorriso irónico- , que cando me volvan roubar me rompan a porta.

O meu tío Pepe non se militarizou ata a primavera de 1937, traballando antes de maquinista naval na motonave Sancho Panza. No exército ocupouse do mantemento e revisión de dez camións. Cando se produciu a evacuación de Bilbao e Santander, seguiu cos camións ata Xixón e, desde alí, o 22 de outubro de 1937, evadiuse a Francia na motonave onde traballara antes, atracando no porto da Rochelle. Dous días despois, volveu entrar en España por Canfranc para viaxar en tren ata Barcelona. O 13 de febreiro de 1939 aínda loitaba cos últimos artilleiros, nunha batería antiaérea fronte a Barcelona. De novo en Francia, viviu nun campo de refuxiados, ata que o contrataron como mecánico especialista en motores diésel. Cando comezou a guerra europea, loitou na Resistencia Estranxeira, ata que foi detido pola

Gestapo e deportado á illa Xersei, a uns cincuenta quilómetros de Cherburgo, condenado a traballos forzados. Liberado ao terminar a guerra, entrou en París como membro da Resistencia Estranxeira e percorreu a cidade coma un heroe, aínda que ao día seguinte, extenuado polo cansazo, quedou durmido nun parque. Tiña, con todo, pase especial para comidas e aloxamento que aproveitou para visitar a Bretaña Francesa, onde viu unha parella de noivos collidos da man, con zocos nos pés e atavío rexional similar ao de Galicia, e comeu un caldo de verduras e unha sobremesa de morcilla de parecido sabor aos que a súa nai servía na súa casa de Fisterra.

- Estaba na Fisterra francesa, sobriña.

En 1945, entrou de novo en España cunha compañía de guerrilleiros, pero o seu intento de invasión resultou un gran fracaso. De volta a Francia, reclamou a súa muller e a súa filla e viviron alí uns anos, ata que emigraron a Arxentina, onde morreu cando xa tiña máis de noventa anos. Coñecino persoalmente cando pasou por Fisterra, morto xa Franco, camiño de Francia, onde o Goberno lle concedeu unha pensión “en recoñecemento dos servizos prestados ao loitar na resistencia pola liberdade dos franceses”. Pareceume un velliño guapo e encantador. Antes de morrer, pediulle á súa filla que trouxese as súas cinzas a Fisterra; quería que as depositasen xunto ás da súa nai e eu axudeille a facelo con grande emoción. Alégrome de que volva á casa.

O meu pai era o máis pequeno dos irmáns e, durante a súa infancia, foi un neno consentido porque non gozaba de boa saúde. A súa enfermidade era unha das máis frecuentes naquelas épocas: o seu estómago non dixería ben os alimentos excesivamente fortes que recibía e padecía unha acidez insufrible. Como lle sucedía a moitos outros nenos da súa contorna, o seu rexeitamento ás comidas que lle facían dano era tomado como rebeldía, de modo que se vía obrigado a comer contra a súa vontade, a sabendas, está claro, de que sufriría despois os ardores de costume. Como resultado, formóuselle unha úlcera sanguenta na adolescencia e tivo que ser operado. As secuelas daquela operación mantíñano apartado de calquera traballo forte e, cando cumpriu a idade de facer o servizo militar, foi declarado inútil. Aquela inutilidade para todo servizo librouno de ser incorporado a filas cando estalou a guerra do 1936. E con todo, nesas datas, as secuelas da súa enfermidade desapareceran case por completo, de modo que puido casar coa miña nai e incorporarse ao traballo que as miñas tías realizaban en Calcova sen ningún contratempo.

Cando o ómnibus que conducía a miña tía Celia foi destinado á fábrica de Carburos Metálicos, a actividade de Calcova volveu ser coma antes e puideron dedicarse outra vez ao transporte de peixe e outras mercancías. As miñas mamás e o meu pai (que se uniu a elas) podían dedicarse plenamente ao seu traballo, excepto cando o ómnibus era reclamado para transportar

manganeso desde a fábrica ata A Coruña. O meu pai aprendera a conducir e relevaba a miña tía Celia nalgúns ocasións. Unha vez tivo que substituíla nunha viaxe para levar manganeso porque ela se atopaba indisposta. Antes de saír, a miña tía advertiulle que non se fíase dos freos na baixada do Carrizal e que puxese unha marcha curta para axudar a conter o vehículo. Saíu de Carbuos con tres coches máis, sen problemas, e, ao chegar á baixada do Carrizal, antes de Carballo, o meu pai puxo a segunda marcha, como lle dixo a miña tía, pero o coche ía moi amodo e os vehículos que ían detrás del pitábanlle para que acelerase. Non lles fixo caso durante un tempo porque tiña moi presente o que lle dixo a miña tía, que coñecía mellor ca el o vehículo, e seguiu coa súa marcha lenta. Pero os vehículos que o seguían perderon a paciencia e adiantárono, burlándose del ao pasar. Non puido resistir a burla e cambiou de marcha para poder seguir os demais coches, pero a marcha que puxo era demasiado longa e non aguantou do ómnibus; recorreu aos freos, pero estes tampouco aguantaron do vehículo e desbocouse. A velocidade do coche era cada vez maior e pronto tivo que adiantar os que o precedían, rozou un, levou por diante o retrovisor doutro e causoulle varios danos ao terceiro. A baixada ten á man dereita un precipicio e á man esquerda, logo dunha cuneta non moi profunda, un muro de contención de pedra e barro que sostén a ladeira da montaña. O meu pai, ao chegar á metade da costa, deuse de conta de que non podía seguir baixando sen estrelarse contra o muro de contención ou sen despenarse polo precipicio. Tiña que elixir e arrimouse todo o que puido á esquerda ata rozar co muro de contención, que fixo de freo, pero deixando atrás a metade da carrozaría, ata que o desnivel da cuneta e a forza do impacto lateral contra o muro o fixeron envorcar. Tanto a el como ás dúas persoas que ían con el na cabina non lles pasou nada, pero o vehículo quedou coa carrozaría esnaquizada, aínda que quedou a salvo o motor, que milagrosamente se librou do impacto, e as barricas de manganeso.

A principal preocupación do meu pai non era tanto o vehículo como a pena que tería a miña tía Celia ao ver esnaquizado o ómnibus, co que viaxara tantas veces a Grado e co que compartira durante moito tempo tristezas e alegrías. Pero a miña tía Celia foi sempre unha muller elegante e só se interesou pola súa integridade e a dos viaxeiros que ían con el. Cando comprobou que non lles pasara nada, tratou de non darlle importancia ao accidente.

- Esas cousas só lle pasan aos que conducen, Agustín, son cousas do oficio - pero o meu pai sabía cales eran os seus verdadeiros sentimentos e sentiuse conmovido cando a viu acariñando o capó intacto do coche.

- Era como se estivese dándolle ánimos - díxolle á miña nai cando lle describiu a escena.

A miña nai, que nunca viu a súa irmá como unha muller de ocultos e complexos sentimentos, tratou de consolar o seu marido.

- Non te preocupes por iso, Agustín, estou segura de que o único que facía era comprobar se o motor estaba danado ou non; xa verás como nos propón a mellor forma de arranxalo.

E tamén tiña razón, porque a miña tía era unha muller que, á marxe dos seus sentimentos, tomaba con rapidez as súas decisións, e a que tomou neste caso foi a de propor converter o ómnibus nun camiión, aproveitando que nin o motor nin o chasis estaban danados. Así se fixo. En asuntos de coches, os desexos da miña tía eran ordes.

Falei moito da familia Rivas e non dixeran nada aínda de Calcova, a casa onde naceron. Calcova é unha paraxe contigua da aldea de Mallas, na parroquia de Duio. A leira pertencía á familia da miña avoa Pepa e alí construíron os meus avós a súa casa cando volveron de Arxentina. Eu nacín alí, e alí vivín ata os dous anos. A partir desa data, volvíñ á casa moitas veces, porque nela seguía vivindo a miña avoa, a pesar de que os meus pais e as miñas tías alugaran unha fábrica de salgadeira en Fisterra. A casa de Calcova construíuse ao bordo da estrada de Fisterra, ao comezo dunha ladeira que baixa lentamente cara á praia de Langosteira. Baixando, á man esquerda, había un corgo por onde corría a auga nos días chuviosos. En fronte da casa había un pozo de auga con peitoril e, ao bordo da estrada, un xardín con flores, aínda que despois se converteu nunha beirarrúa ao servizo dos coches. No baixo da casa había unha corte, encima da cal estaban a cociña-comedor, o servizo e os cuartos, con entrada desde a estrada. Pegado á casa, na parte esquerda, estaba o taller do avó, despois convertido nun garaxe. Tanto a casa coma o resto da leira cheiraban a mazá, froito que abundaba nas árbores que medraban na leira. Ao longo do corgo tamén crecían algunhas figueiras. As mazás recollíanse cando aínda non maduraran do todo e metíanse en sabas dentro dos cuartos. Ese costume dáballes á casa un cheiro inconfundible. A min gustábame moito aquel cheiro que sempre asocié a Calcova. Aínda agora, mentres estou escribindo, o cheiro das mazás faise presente nos meus recordos.

En Calcova, durante a Guerra Civil, naceron tamén os meus curmáns Carlos e Cándida, un par de xemelgos, fillos de tía Palmira e do seu marido Manolo Mayobre. Carlos morreu en 1938, cando o seu pai se atopaba na fronte de Castelló, e a miña tía Palmira non quería darlle ao seu marido a noticia por carta, porque temía que a sensibilidade de tío Manolo, unida ás penalidades que pasaba na fronte, lle producisen unha depresión profunda, con fatais consecuencias, así que decidiu ir visitalo. De nada serviron os razoamentos das súas irmás e da súa nai para disuadila. Era como se non se dese de conta das dificultades que tería que pasar para chegar ata alí.

- Tamén vós fostes á fronte de Asturias e non vos pasou nada - argumentaba cando a miña tía María intentaba dicirlle que aquela viaxe non era razoable.

A súa irmá contestaba que elas foran nun convoi e co apoio do exército, o que non sucedía no seu caso, pero á miña tía Palmira metéraselle na cabeza a idea de que tiña que ver o seu marido para comunicarlle a noticia da morte do seu fillo e non atendía outras razóns.

- Se non queres vir comigo - díxolle a tía María- , irei soa.

Á miña tía María non lle quedou máis remedio que acompañala. Pero esta aventura contareina máis adiante.

Por aquelas datas tamén morrera o meu irmán maior. En realidade, naceu morto, así que non chegou a vivir máis ca no ventre da miña nai. A asistencia sanitaria era naquelas datas moi deficiente, sobre todo na aldea. Os médicos vivían nas vilas e non sempre podían asistir os enfermos da aldea, ben por falta de transporte adecuado ou ben porque debían de ocuparse doutros enfermos da vila que, por unhas ou outras razóns, tiñan sempre preferencia sobre os da aldea. A selección natural facía que só sobrevivisen os máis fortes e por iso se daba a circunstancia de que había máis vellos lonxeiros na aldea ca na vila. No caso do meu irmán, xa estaba morto cando chegou o médico, aínda que non sei se viviría no caso de que o médico chegase a tempo. Quen pode sabelo!

As miñas tías e a miña nai non foron vivir a Fisterra ata despois da guerra. En Calcova só quedou a miña avoa e Candidita. Sucedeu cando alugaron unha fábrica de salgadeira, das que puxeran en marcha os cataláns, e fomos todos vivir nela. Os meus primeiros recordos naquela fábrica asóciase ás fiestras, desde as que podía verme algunha das miñas tías, tanto cando xogaba no patio como cando xogaba na praia. Eu sabía que se tiña dificultades, a miña nai ou algunha das miñas tías viría axudarme. Nas miñas vivencias daquela época non hai ningunha asociada a unha vixilancia coercitiva. Aquelas fiestras non eran espías, eran as miñas amigas. Agora sei que fun moi afortunada.

XVI CELIA

A guerra española, ao partir España en dous bandos durante un tempo, trouxo consigo o desabastecemento nun dos bandos de produtos que se fabricaban no outro. En Galicia, por exemplo, faltaban produtos téxtiles, mentres que abundaban en Cataluña. A miña irmá María, que tiña mentalidade de comerciante, deuse de conta decontado desa circunstancia e, cando visitamos Oviedo por primeira vez, observou que o que abundaba nas zonas recentemente conquistadas polo exército de Franco eran produtos téxtiles, cuxo valor se multiplicaba en Galicia, totalmente desabastecida deles. Na nosa última viaxe a Grado, trouxemos de Oviedo algúns daqueles xéneros que multiplicaron por tres ou por catro o seu valor na Coruña. Cando acompañou a Palmira para ver o meu cuñado Manolo en Castelló, trouxo de volta gran cantidade de teas, e a viaxe foi tan frutífera que a repetiu máis tarde a Tarragona e, xa na última fase da loita, a Barcelona. Para lle dar saída a aquel xénero, tivemos que montar unha tenda en Calcova e, durante un tempo, dedicámonos tamén a ese negocio.

Naturalmente, o meu labor na casa non era o de vendedora de teas, aínda que o fixen algunha vez, porque tiña ao meu cargo o negocio do transporte e non podía quedar parada detrás dun mostrador. A min interesábame máis o negocio da salgadeira, aínda que non dispuñamos dunha fábrica para poder dedicarnos a esa actividade. Traballabamos o peixe fresco, sobre todo a sardiña, e viaxabamos continuamente á Coruña ou a Vigo. Chegamos a ter tres coches: un conducíao Agustín, outro levábao un chofer que contratábamos para cada viaxe e o terceiro conducíao eu. Tampouco descoidábamos os portes, pero non podíamos deixar de atender as viaxes de Carburos, aínda que non tiñamos que pór á súa disposición máis ca un coche. Cando Agustín estreloou o ómnibus no Carrizal, tivemos que comprar outro de segunda man, tamén sometido a requisa, aínda que era máis pequeno ca o anterior. Con el seguimos atendendo o noso compromiso con Carburos e ao vello ómnibus convertémolo nun camión, aproveitando que o motor e o chasis quedaran intactos.

Preguntáronme algunha vez que sentín eu cando vin o ómnibus esnaquizado no Carrizal. Non podo recordar ben o que pensaba. Supoño que sentiría unha inmensa tristeza, aínda que non como a que teño agora ao contemplar os meus males. Xa sei que non resultan comparables ambas as magnitudes, pero non podo evitar asocialas no meu recordo. O ómnibus formaba parte da miña vida, con el medrara e grazas a el sentíame importante. Cando o vin roto e tirado na cuneta, tiven a sensación de que me inutilizaran,

coma se en diante xa non tivese misión ningunha na casa. É verdade que non reaccionei expresando as miñas lamentacións, aínda que estaba desexando facelo, pero fíxeno por Agustín, que non merecía os meus reproches, porque reaccionara coma un home, e os homes, xa se sabe, son moi sensibles ás burlas dos seus compañeiros. O que lle pasou a el é difícil que me pasara a min ou a outra muller, porque, a pesar do que digan, adoitamos ter as ideas claras, e a nosa tentación non é a da burla, senón a da vaidade. Pero non podía botarlllo en cara porque era un bo home e a súa reacción foi a normal entre os homes da súa contorna. Non chorei diante del, pero si o fixen por dentro, aínda que ninguén se decatase. E dixeran que quería convertelo nun camión, porque pretendía que o ómnibus tivese unha nova vida e non unha vida recomposta, tal como sucedería se volvésemos arranxar a carrozaría. Desexaba convertelo nun camión novo, que tivese as mesmas prestacións ca calquera outro camión acabado de saír da fábrica. E lográmoslo. Cando o estreei, sentín a mesma emoción ca a primeira vez que me subín a el, acabado de comprar, aínda que sabía que se trataba dun vello carcamán disfrazado de camión. Pintámoslle a cabina e a caixa con cores vivas e dedicámoslo ao transporte de piñeiros. Naquelas datas, iniciáramos o negocio da madeira e instalamos un serradoiro en Calcova e o camión viñanos ben para transportar a madeira desde o bosque. O negocio da madeira nunca alcanzou gran prosperidade entre nós, porque esixía soldos fixos e persoal especializado e nós estábamos afeitas a traballar con mulleres, que vivían entre peixes desde nenas e entendían á primeira calquera indicación que lles fixésemos sobre ese tema. Non podíamos dicir o mesmo do traballo de serrar madeira, no que se necesitaba non só especialización profesional senón tamén forza física. No entanto intentámolo, non tanto polo negocio en si, senón polo que significaba para o transporte. Viñámonos dedicando ao transporte da madeira para outros serradoiros e intentamos facelo pola nosa conta. Non deu gran resultado e tivemos que deixalo, pero non me parece agora que fose inútil o intento porque puidemos comprobar que, para alcanzar o éxito, é necesaria unha preparación previa. Nós tiñámola no transporte e no peixe, pero descoñeciamos o segredo da transformación da madeira nun produto rendible. A lección que aprendemos foi a que desde sempre aprenderon os máis prudentes cando algo queda fóra do seu alcance: a frase “zapateiro aos teus zapatos” resume ben a situación.

Durante todo ese tempo de traballo, no medio de tanta convulsión política, tiven algunhas evidencias de que a miña vida de solteira non podía durar moito tempo. Unha muller, por moi valente que fose, non era considerada, no ambiente social daquel tempo, como unha persoa respectable se non era unha señora ou estaba a piques de selo. Non existía a vocación de solteira. A muller que non casaba era porque tiña

algún defecto que a facía inapropiada para o matrimonio, non porque tivese vocación de solteira. Non sei se noutros ambientes era posible tal vocación; no noso, non era posible. Unha muller de certa idade que non casara quedaba inutilizada como persoa honorable, a non ser que tivese unha vocación relixiosa. Ese, naturalmente, non era o meu caso. Eu estaba en idade de casar e tiña que elixir un home que me convertese en señora, aínda que ese home non tivese máis valor persoal ca o da súa condición masculina. Mentiría se dixese que non me gustaban os homes, pero non eran a miña primeira opción. Como a calquera outra muller, supoño, gustábanme os homes guapos e esveltos, nos que a súa masculinidade desbordase calquera outra consideración ética. Non tiña tempo de estudalos un a un, porque a miña atención primordial era o traballo, pero sabía que o día que elixise un trataría de que non fose un estorbo, porque, no fondo, desexaba que representase na miña casa o que o meu pai representou na nosa. Había un matiz, con todo, que podía resultar un obstáculo para a miña elección, porque “a miña casa” era un negocio no que estaban involucradas as miñas irmás e os seus maridos. O home que elixise tería que aceptar esa situación, en certo xeito promiscua, na que todos teríamos que convivir xuntos para mellor servir o negocio que creáramos. Non era, pois, fácil atopar ese merlo branco, aínda que as miñas irmás Palmira e Julita si o atoparan. Tanto Manolo Mayobre como Agustín integráronse na nosa familia e achegábanlle ao noso negocio os seus mellores afáns. É certo que elas non tiveran no negocio a mesma participación ca María e ca min, ben pola súa debilidade física, como era o caso de Palmira, ben por ser a máis nova, como no caso de Julita. E tamén é certo que, durante o período de guerra, Manolo Mayobre estivo máis dedicado á súa profesión militar ca ao noso negocio, pero nós sabíamos que, en canto puidese licenciarse, traballaría encantado connosco, como así foi.



Celia e Manuel Martínez recién casados. Fisterra 1940

Entre os candidatos para marido había un que me gustaba máis ca os demais, aínda que nunca lles dixen nada ás miñas irmás das miñas preferencias. Ese candidato era Manolo Martínez, o que despois foi o meu

marido. Era un home guapo e esvelto, que sabía conducir e que traballara algo no peixe durante o tempo que vivira en Muxía. Durante a guerra, como todos os homes da súa idade, fora incorporado a filas e coñecémolo un día no que se puxo no medio da estrada para parar o ómnibus, cando nos dirixiamos á Coruña. Marchaba a unha das fronteiras da guerra, non lembro a cal, e parounos á brava, porque sabía que nós non adoitabamos pararlle na estrada a ningún. Cando paramos, díxonos que perdera o autobús de liña e que precisaba chegar á Coruña a tempo para embarcar no tren. Foi a primeira vez que falei con el e o comezo da nosa relación. Pero non casei con el ata o ano 1940, cando xa finalizara a Guerra Civil e viviamos na primeira fábrica de salgadeira que alugamos en Fisterra. Nesa data, tiña vinte e oito anos, unha idade adecuada, na miña opinión, para contraer matrimonio, aínda que a esa idade as mulleres da miña aldea tiñan xa varios fillos.



María Rivas no 1942

En 1942 casou a miña irmá María, aínda que ela tiña xa trinta e seis anos. Eu creo que non o fixo antes para non me deixar soa, porque sempre tratou de protexerme e o home que lle gustaba non estaba disposto a traballar connosco, pois tiña un comercio en Baio, e vivía cun irmán cura e dúas irmás solteironas. Cando casou con el, foi vivir a Baio, aínda que, dado o seu xeito de ser, non facía falta ser adiviña para saber que non resistiría moito tempo naquel ambiente. A sociedade de Baio rendíalle culto daquela á muller floreiro, adorno da casa e nai dos seus fillos, o que non encaixaba co afán aventureiro da miña irmá, disposta sempre a romper moldes en todos os terreos. Era inconcibible que unha muller coma ela, capaz de exporse aos perigos da fronte de Asturias ou de Castelló por unha boa causa, puidese sobrevivir nun ambiente no que a muller non podía saír ao balcón da súa casa sen exporse ás murmuracións das veciñas. E sucedeu o que, desde o primeiro día, sabíamos que pasaría: que veu co marido para Fisterra e creou aquí para el un negocio similar ao que tiña en Baio; un negocio no que ela puido traballar sen que ningún a criticase e sen que o criticasen a el por non impedilo. O meu cuñado Ángel non quixo traballar connosco, pero non lle impediu á súa muller o desenvolvemento da súa capacidade comercial, que non sempre foi do seu gusto, o que dá idea da xenerosidade que tivo con ela, aínda que para min é evidente que ela lle correspondeu con fartura.

Logo de casar, procurei que o meu marido ocupase os postos que eu viña desempeñando no negocio. Era unha forma de introduci-lo nel sen que ningún se sentise desprazado. Como consecuencia, fun abandonando

protagonismo e tratei de pasar desapercibida, aínda que sempre estiven vixiante para que a actividade do meu marido respondese á nosa tradición e non chocase co noso anterior modo de facer. Aínda así, tiven sempre a prudencia, ou polo menos intenteino, de non coartar as iniciativas de Manolo, porque calquera persoa necesita que a apoien para desenvolver a súa personalidade, e non é de recibo esixirlle que faga só o que fan outros. Todos temos tendencia a ser orixinais, aínda que é certo que a capacidade de creación está repartida con escasa xenerosidade, e por iso é máis prudente seguir o camiño que outros abriron, antes que intentar abrir un novo que nunca sabes onde te pode levar.

Aproveitei aquela época para dedicarme a unha actividade que sempre me gustou pero que nunca tiven tempo de realizar. A min sempre me gustou facer vestidos e xa, cando era nena, vestía ás miñas bonecas con retrincos, imitando as costureiras que facían a nosa roupa. Nunca tivera tempo nin ocasión de satisfacer aquela afección infantil, pero cando quedei embarazada aproveitei a inmovilidade natural do meu estado para dedicarme a aquela afección de nena. Pedín a Barcelona uns patróns e, seguindo as instrucións que me daban, cortei vestidos para min e para as miñas irmás, que me axudaban a coselos. Sentíame a gusto naquela actividade porque podía ver o resultado do meu traballo a moi curto prazo. A verdade é que non me saía mal e non botaba de menos para nada a miña anterior actividade. Naturalmente, non podía desentenderme de todo do negocio, porque o meu marido era novo e a súa relación cos demais membros da nosa familia estaba exposta a sufrir algúns rozamentos que eu trataba de suavizar en canto aparecían. Polo demais, el levábase moi ben con Agustín, o outro home da casa, e esa circunstancia facía máis levadía a convivencia.

Oín moitas veces mencionar como mérito noso que puidésemos convivir tres matrimonios na mesma casa de xeito pacífico. Eu non creo que iso teña demasiado mérito, porque todos estabamos ao servizo do negocio e ese servizo mantiñanos unidos. A idea que deu orixe á nosa comunidade de vida non foi a nosa vontade senón a necesidade de lograr o éxito da nosa empresa. Cada un de nós tivo que prescindir das súas apetencias persoais para concentrarse nas necesidades do grupo. O lugar común das nosas conversacións era comercial e nesa área coincidíamos todos. E por iso viviamos nun mundo á parte, afastados das preocupacións dos demais, como se estivésemos nunha especie de convento, con regras de convivencia totalmente alleas ás que practicaban os demais veciños do municipio. Iso explica que non nos involucrásemos como protagonistas na contenda entre vermellos e nacionais, aínda que, naturalmente, non puidésemos evitar sufrir as consecuencias do enfrontamento. O malo desta situación totalmente

anómala era que ningún dos dous bandos nos consideraba dos seus, aínda que tiña a vantaxe de que tampouco nos considerasen como inimigos. Os do bando vencedor non desaproveitaban a ocasión de manifestarnos a súa desaprobación ante a nosa falta de entusiasmo, e solicitaban dos mandos superiores que se nos sancionase polo que consideraban un caso flagrante de desobediencia ás súas ordes locais. Menos mal que cando se estudaba o noso expediente só aparecían nel servizos á causa, o que nos evitaba males maiores pero non as multas ordinarias, que pagabamos sen protestar. Creo que non houbo negocio de transportes que pagase tantas multas coma nós, as cales trababamos de compensar con estraperlos pequenos, co que eles e nós nos dabamos por satisfeitos.

A estas alturas da miña vida non teño ningún mal recordo ou resentimento con ninguén. Todos os que tomaron algunha decisión contra nós faríano, supoño, porque crían que debían facelo, do mesmo xeito que nós actuabamos así porque criamos que era necesario. Estamos, pois, á par e, se menciono agora algunha destas cuestións, é máis por servir á verdade, a nosa claro, ca por outra causa.

Non quero terminar sen lembrar a todos os homes e mulleres que colaboraron connosco nas nosas empresas. Sen eles, os nosos negocios non só non terían éxito, senón que, aínda supondo que o tivesen, nunca alcanzarían a dimensión social que sempre quixemos darlles. Porque as nosas empresas sempre foron empresas de Fisterra e con esa marca puidemos adquirir certa personalidade en Madrid ou en Barcelona, por pór un exemplo de cidades carismáticas. A miña homenaxe, pois, a todas as persoas que nos axudaron a dar a coñecer a marca Fisterra como símbolo de calidade.

XVII LILÍ

En agosto de 1938, morreu Carlitos Mayobre, un dos xemelgos de mamá Palmira. O seu pai, Manolo Mayobre, fora destinado á fronte de Levante e a miña tía decidiu que non debía dicirllor por carta senón que debía ir ela darlle a noticia. Pensaba que as penalidades polas que pasaba o seu marido non podían incrementarse con aquela noticia, e non quixo comunicarllo. A situación da fronte de Levante nesa data era demasiado inestable e resultaba demasiado perigoso chegar ata Castelló, pero ela empeñouse en que debía ir para compartir co seu marido a pena causada polo falecemento do seu fillo. De nada serviron as obxeccións das súas irmás e, no mes de novembro, cando a propaganda anunciaba xa o final da batalla do Ebro, a miña tía, acompañada pola súa irmá María, que non a deixou ir soa, saíron de Calcova dispostas a chegar ata Castelló, onde estaba o meu tío e onde crían que xa non había guerra. Levaban suficiente comida para o camiño e o diñeiro que consideraron necesario para facerlle fronte a calquera continxencia que atopasen. Nunca saían de casa sen cartos, porque entendían que con esa chave se abrían case todas as portas, sobre todo cando non se sabía o tempo que tardarían en chegar ao seu destino.



Palmira e a súa filla Pilita. Fisterra 1938

Viaxaron ata A Coruña no coche da casa e, logo de despedirse da súa irmá Celia, que se dirixía a Ferrol por encargo do exército, achegáronse ata a estación do tren, onde preguntaron cal era a mellor forma de chegar a Castelló. A información deixounas bastante desanimadas porque lles dixeron que non podían darlles billete ata onde pretendían ir, posto que estaba en zona de guerra e necesitábase pase especial para chegar alí. Na estación da Coruña só podían darlles billete ata Zaragoza.

- Alí informaranas a vostedes do que deben facer para chegar a Castelló - díxolle o que despachaba os billetes.

Pediron un billete de primeira clase, porque esa era outra das precaucións que lles dixeron que debían tomar.

- Custa máis, pero é máis seguro.

Xa dixeran que ás miñas tías non lles importaba gastar o diñeiro onde facía falta, porque tampouco lles importaba o esforzo que debían realizar para gañalo. Era a primeira vez que viaxaban en tren e iniciaron a viaxe coa ilusión de gozar con aquela nova experiencia. As miñas mamás nunca perderon a capacidade de asombrarse polas novidades que lles deparaba o destino e procuraron sempre atopar nelas o lado positivo. María dispuxo que unha das dúas debía ir sempre de garda, e que durmían por quendas para non verse sorprendidas por algún aproveitado. A viaxe fíxose pesada porque o tren paraba en moitos sitios e entraba e saía xente como se estivesen nun mercado. Elas limitábanse a contestar ao saúdo dos que entraban e procuraban aproveitar todo o tempo que podían para durmir alternativamente. Apenas se fixaron na paisaxe porque as súas preocupacións eran outras e cando tiñan que saír do departamento para estirar as pernas ou ir ao servizo, unha das dúas quedaba de garda na porta.

Cando chegaron a Zaragoza, xa non saíron da estación. Preguntaron se saía algún tren para Castelló e o empregado encolleuse de ombreiros, nun xesto expresivo, e dixo:

- Mañá sae un tren en dirección a Castelló; ata onde chegue ninguén o sabe. En calquera caso, terán que andar moi listas se queren subir a el; toda esa xente tamén desexa subir a ese tren.

Miraron ao seu redor e a estación estaba ategada de xente, sentados uns nos bancos e outros no chan, paisanos e soldados, algúns feridos, e todos con trazas de infinito cansazo. A pesar de todo, pediron un billete. O empregado moveu a cabeza dun lado a outro e dixo:

- Non podemos dar billetes; primeiro porque non sabemos se poderán subir ou non ao tren, e segundo porque non sabemos ata onde chegará. Se conseguen subir, xa lles darán o billete no vagón.

Sentaron nun recuncho, no chan, porque non había sitio en ningún

banco, e como fixeran antes no tren, durmiron por quendas. Á miña tía María non lle resultaba difícil durmir e en canto pechaba os ollos quedaba profundamente durmida. A tía Palmira, en cambio, resultáballes máis difícil, porque estaba menos afeita a viaxar ca a súa irmá e porque quizais estaba máis impaciente ca ela por chegar pronto xunto ao seu marido. Por esa razón, quizais, non chamou a súa irmá en toda a noite. Ao amencer, unha espesa néboa non deixaba ver a luz do día, pero María espertou e deuse de conta de que pasara moito tempo sen que a súa irmá a chamara. Díxolle:

- Como non me espertaches?

- Porque non tiña sono e ti durmías profundamente - contestou Palmira.

Arranxáronse un pouco e, ao pouco tempo, observaron que a xente saía á plataforma. Colleron os seus tarecos e tamén elas saíron. Preguntáronlle a un mozo polo tren que se dirixía a Castelló. O mozo mirounas algo sorprendido e dixo:

- Será o próximo que pase; estean preparadas e, cando chegue, corran cara a el e suban rapidamente, porque para moi pouco.

Aproveitaron a ocasión para ir ao servizo, porque toda a xente estaba fóra e o servizo estaba baleiro. Non tardaron moito e fóronse metendo por entre a xente ata a primeira fila e, cando chegou o tren, correron cara a el e subiron entre os primeiros. O vagón viña xa ategado e non puideron pasar do corredor. Procuraron acomodarse como puideron e puxeron as maletas nun recuncho para sentar encima delas, aínda que non puideron facelo ata que pasou algún tempo. Viaxaron no tren ata que parou bruscamente. Non sabían onde estaban e tampouco viran o revisor para pagar o billete. De súpeto, oíron unha voz que dicía por un altofalante:

- Aquí termina a viaxe. Saian do tren!

Non sabían o que pasara para que o tren se detivese tan bruscamente, pero dispuxéronse a obedecer e saíron do tren. Cando baixaron, déronse de conta de cal era o motivo daquela brusca parada. As vías do ferrocarril estaban rotas por un recente bombardeo e o tren non podía seguir mentres non as reparasen. Coas súas maletas na cabeza, seguiron á xente que baixara do tren, pero ninguén dos que ían ao seu lado sabía a onde ía. Todos avanzaban por inercia, sen ter claro cal era o seu destino, e elas decidiron volver atrás para lles preguntar aos empregados do tren cal era o camiño máis indicado. Un dos empregados díxolles que estaban preto de Morella, pero que podían alugar na vila próxima un medio de transporte para chegar alí. A vila estaba cerca e dirixíronse a ela. Ao chegar, viron unha tartana tirada por un cabalo, pero non estaban seguras de que puidese levalas. Achegáronse ao propietario e preguntáronlle se podían atopar un medio de transporte que as levase a Morella.



Palmira, 1937

- Xa o atoparon - díxolles- , eu podo levalas.

Nin sequer lle preguntaron canto lles ía cobrar; estaban tan cansas que pagarían calquera prezo que pedise, pero aproveitaron a amabilidade do cocheiro para preguntarlle como poderían chegar ata Castelló.

- Non poderán - contestou- , aínda non se restableceron as comunicacións por tren ou por estrada coa capital. De momento, só circulan pola estrada os vehículos militares; os civís necesitan un permiso especial. Quedaron alouladas por aquela noticia tan prexudicial para os seus intereses. Elas viaxaran ata alí para chegar a Castelló; se non podían seguir, fracasarían. Non dixeron nada, pero María colleu a man da súa irmá e apertoulle, tratando de darlle ánimo. Aquel xesto conmoveu máis a tía Palmira e non puido evitar que se lle enchesen os ollos de bágoas. Tía María apertoulle máis a man e dixo:

- Todo se arranxará, Palmira; se Deus quere, atoparemos un medio.

Entraron en Morella pola porta gótica de San Pedro. Por todas as partes se vían cascotes e casas derruídas, sinal inequívoco de que sufriran os efectos de bombardeos recentes. A vella muralla que rodeaba a vila resistira ben e, no alto, o castelo, desafiante e solitario, seguía proclamando a beleza do contorno. Chegaron á praza dels Estudis e puideron admirar os balcóns de madeira e os antigos pazos de liñaxe nobre, aínda que o seu ánimo non era o adecuado para gozar da súa beleza. Preguntáronlle ao cocheiro onde podían aloxarse, pero este díxolle que todos os hoteis estaban ocupados polos soldados alemáns e ofreceuse para albergalas na súa casa. Aceptaron e, logo de deixar os tarecos no cuarto, saíron coñecer a vila. Nunha das rúas atopáronse cun soldado galego ao que a miña tía María coñecía porque era mecánico da axencia de Chevrolet na Coruña e arranxáralles o camión varias veces.

- Búa - díxolle a miña tía ao velo- que alegría me dá verte. Acórdaste de min, non si? Esta é a miña irmá Palmira.

O soldado ao que se dirixiu, dixo:

- Claro que me acordo de ti, muller, pero que facedes tan lonxe de casa?

A miña tía contoulle o que lles pasaba e a frustración que sentían ao non poder chegar ata Castelló. O soldado escoitaba, algo sorprendido pola ousadía daquelas mulleres, pero de antemán predisposto a axudalas se podía. Era chofer dun alto mando, pero ía en dirección contraria. Estivo pensando un intre e despois díxolles:

- Un sarxento, amigo meu, sae mañá para Vinaroz, nun convoi. Non chega ata Castelló, pero estades máis cerca e, se cadra, atopades alí un medio de transporte que vos permita chegar. Queredes que fale con el?

Tía Palmira apresurouse a darlle as grazas e a pedirlle que o fixese pola alma dos seus defuntos. El sorriu cando a oíu mencionar os defuntos e replicou:

- Espero que os defuntos non interveñan neste asunto; esperádeme aquí e falarei co meu amigo.

Marchou de alí e elas esperaron na terraza dun café que había en fronte. Non tardou en volver e díxolles que terían que estar ás cinco da mañá na porta por onde entraran.

- Teredes que esperalo alí, porque el non pode esperar por vós; se non estades alí a esa hora, el seguirá a súa ruta. Recoñeceravos en canto vos vexa, porque non hai moitas mulleres que paren nesa porta a esa hora. Que teñades sorte.

Despedíronse logo de darlle as grazas e foron ao seu aloxamento. Pedíronlle ao cocheiro un espertador para poder erguerse á hora e pagáronlle con xenerosidade. El ofreceuse a acompañalas ata o lugar da cita e aceptaron o seu ofrecemento. Cando se ergueron, o cocheiro xa as estaba esperando e xuntos dirixíronse á porta de saída. Non tiveron que esperar moito antes da chegada do convoi. Non fixeron ningún ademán ante os vehículos que ían pasando, ata que un deles parou ao seu lado e unha voz que saía de dentro as chamou:

- Suban!

Non se fixeron esperar; déronlle a man ao seu acompañante e subiron ao vehículo. O condutor díxolles:

- Son vostedes as amigas de Búa?

- Si, señor - contestaron.

- Non hai moito sitio, pero acomódense como poidan - engadiu o seu interlocutor-, terán que pór as súas maletas debaixo dos seus pés.

Estaban xa circulando pola estrada. Diante e detrás do vehículo ao que subiron ían máis coches, pero fixérono con tal rapidez que ningún deles tivo que deterse. Intentaron explicarlle ao condutor cal era o motivo da súa viaxe, pero el non tiña moitas ganas de falar e díxolles:

- Xa mo dixo Búa, procuren durmir un pouco.

Déronse por sabedoras e non dixeron nada ata chegar ao momento de destino. Antes de baixar quixeron pagarlle, pero o sarxento díxolles, sorrindo:

- Isto só se fai polos amigos.

Elas entenderon o que quería dicirlles e limitáronse a darlle as grazas. Antes de baixar, preguntáronlle se sabía dalgún medio para chegar a Castelló. E el, logo de pensar un momento, preguntoulles:

- Atreveríanse a viaxar nun guindastre?

- Con tal de chegar a Castelló, iríamos colgadas do gancho - responderon.

- Nese caso falarei cun amigo que ten que levar un guindastre ata Castelló. Espérenme un momento e irei con vostedes ata o taller.

Acompañounas ata o taller e esperaron na porta mentres o sarxento falaba co seu amigo. Daba a impresión de que discutían e tardaron algún tempo en saír. Cando saíron, logo de saudalas, o do taller díxolles:

- Van ir moi incómodas, pero se están tan empeñadas en chegar a Castelló, saímos dentro dunha hora. Poden esperar nese bar ata que saíamos.

A viaxe ata Castelló non só foi incómoda senón lenta. Tardaron máis de catro horas en chegar e a miña tía María mareouse. A que ía fresca coma unha rosa era a miña tía Palmira, animada, sen dúbida, polo próximo encontro co seu marido. Á parte diso, non tiveron ningún outro contratempo e chegaron a Castelló sas e salvas. Preguntaron pola Comandancia de Mariña e alí un mariñeiro que estaba na porta informounas de que don Manuel Mayobre estaba no porto. Tiñan que subir a un tren de proximidade, chamado a *Panderola*, e este deixaríaas no porto. Cando baixaron do tren, tía María viu a tío Manolo sentado nun café e de uniforme. Estaba tan delgado que a súa muller non o recoñeceu e díxolle á súa irmá:

- Ese non é, muller, o meu marido é máis repoludíño.

Pero tío Manolo viunas chegar e saíu correndo cara a elas. Abrazou á súa muller e durante un intre os dous se esqueceron de tía María, que asistía riseira á escena. Ao cabo dun intre, tío Manolo, volveuse á súa cuñada e desculpouse:

- Perdoa, María, pero non vos esperaba tan pronto.

Abrazou a súa cuñada e deulle as grazas por acompañar a súa muller. O meu tío comportábase sempre como un cabaleiro e a emoción do encontro coa súa muller non lle impediu ser atento coa súa cuñada.

- Cando me mandastes o telegrama dicindo que viñades, os meus compañeiros díxéronme que non poderíades chegar aquí. E eu díxenlles: se as coñecésedes non diríades iso; elas chegarán un día ou outro, pero chegarán.

Estaba contento e non cesaba de bicar a súa muller, que non atopaba a ocasión para darlle a mala noticia da morte do seu fillo.

- Xa llo dirás cando esteades sós - recomendoulle a súa irmá, pero tía Palmira quería pasar pronto aquel mal momento. E díxollo cando el lle preguntou polos nenos:

- Cándida está ben, pero Carlitos contraeu unha meninxite e morreu.

Díxollo de súbito, coma se quixese pasar de longo para falar doutras cousas, pero non puido seguir e púxose a chorar. O seu marido, sorprendido

pola noticia, non soubo reaccionar, pero ao ver chorar a súa muller acudiu a consolala:

- Non chores, Palmira, se esa é a vontade de Deus, temos que aceptala.

Tía María, que asistía á escena como espectadora, marabillábase do ben que estaba saíndo aquel encontro. As dúas irmás ensaiaran polo camiño as frases que debía dicir Palmira para non lle causar demasiada impresión ao seu marido. Ningunha daquelas frases ensaiadas foi empregada, porque Palmira non puido conterse e dixo o primeiro que se lle ocorreu. E, con todo, o que dixo foi xusto o mellor que se podía dicir e, no canto de ser ela a que consolaba o seu marido, era este o que a consolaba a ela. Unha carambola perfecta.

O meu tío non puido acompañalas moito tempo porque estaba de servizo. Indicoulles onde podían atopar un hotel e elas, seguindo as súas indicacións, aloxáronse no San Juan. Alugaron dous cuartos, aínda que a primeira noite durmiron as dúas xuntas nun. Fora tía María a que insistiu en que contratasen dous cuartos e a súa irmá, aínda que non lle dixo nada, agradeceullo. Estaban tan cansas que quedaron durmidas en canto se deitaron. Ao día seguinte levantáronse e saíron para coñecer a cidade. Ás doce dirixíronse ao bar, onde quedaran en atoparse con tío Manolo. Este levounas ata o seu aloxamento, unha casa escangallada, de paredes escachadas e cos barrotes de madeira ao aire. No cuarto había unha vella cama cunha colcha branca de puntilla artesá. Dun percha colgaba o seu abrigo azul e dous monos de traballo, que recoñeceron enseguida, porque os fixeran elas en Calcova aproveitando unha saba tinguida de azul. Estaban nunha pensión onde tamén daban de comer e quedaron a comer alí. Servíronlles salmonetes con cogomelos. Era a primeira vez que probaban os cogomelos, pero gustáronlles. Observaron que non comía mal, porque abundaba o peixe e os restaurantes preparábanos de moitos e saborosos xeitos. Visitaron os comercios e comprobaron que abundaban as teas e a confección de pezas de vestir. Non entendían como Manolo lles pediu dous monos de traballo, que elas tiveran que confeccionar con sabas tinguidas, cando se vendían nos comercios a un prezo irrisorio. Tía Palmira comentouno co marido, recriminándolle que lles pedise monos de traballo cando os había alí moito máis baratos. El desculpouse dicindo que non frecuentaba os comercios de Castelló, porque ese non era o seu labor.

- Fago o meu traballo o mellor que podo e non me queda tempo para visitar os comercios. Vós preguntáste-me se necesitaba algo e eu díxenvolo, pero tampouco se me ocorreu pensar que me íades mandar os monos.

Tía María interveu para tranquilizar os ánimos.

- Manolo ten razón, Palmira; as ignorantes fomos nós que criamos que aquí estaban tan necesitados de roupa de vestir coma nós alí. Debíamos saber que nas zonas conquistadas polas forzas nacionais o que abundan son as teas, porque o comercio con Cataluña non está bloqueado como sucede na zona nacional.

Tanto Palmira como Manolo quedaron impresionados por aquela explicación de María.

- Caramba, María, parece un libro aberto, quen che dixo todo iso?

A súa irmá contestoulle sorrindo:

- A experiencia, Palmira, a experiencia.

Buscaron outro hotel, porque no que durmieran había moitos piollos. Manolo Mayobre díxolles que o mellor era buscar un onde houbera alemáns, porque estes non frecuentaban hoteis que non tivesen unha hixiene discreta. Atoparon dous cuartos no Peralti e durmiron alí. De madrugada soou a alarma e tía María, que descoñecía o que significaba, saíu ao corredor a medio vestir e viu saír a xente dos cuartos, algunha en camisón, e como corría cara ás escaleiras. Preguntou que pasaba e díxéronlle que se dirixían ao refuxio porque estaba bombardeando a aviación inimiga. Terminou de vestirse e dirixiuse ao cuarto onde durmían a súa irmá e o marido. Tivo que chamar forte porque non a oían e, cando estiveron listos, baixaron os tres ao refuxio. Cando cesou a alarma, Manolo tivo que saír para a Comandancia e elas volveron aos seus cuartos. Pola mañá, dirixíronse ao porto, onde sabían que estaría Manolo, e viron moitos barcos afundidos. As autoridades de Mariña trataban de despexar o porto e trasladar a terra persoas e mercancías. Manolo díxolles que necesitaban remeiros e elas, que viran pouco antes a Cristovo da Tocadora, un mariñeiro de Fisterra afeito a remar, díxéronllo ao tío, que non tardou en atopalo.

- Tamén é casualidade - comentei eu, cando a miña tía me contou a anécdota.

- Pero sucedeu así - sentenciou a miña tía.

Estiveron alí unha semana, aínda que o meu tío case non podía atendelas, e María percorreu todos os comercios e comprou as teas e a roupa que, segundo os seus cálculos podía traer de volta á casa. Tío Manolo fíxolles un itinerario moito máis seguro ca o que seguisen na ida, e ata lles conseguiu uns pases para que non as molestasen no camiño de volta. Grazas a iso e á súa boa sorte, chegaron a Fisterra sen ningún contratempo importante.

En Calcova celebraron a súa chegada con gran ledicia. Tanto mamá Celia como a miña nai querían que lles contasen como lles fora, pero elas tiñan un gran cansazo e foron durmir. Ao día seguinte, á primeira hora, tía María reuniuse coas súas irmás e contoulles todas as vicisitudes

da viaxe. Mentres ela falaba non se oía nin o voo dunha mosca. A miña tía sabía contar moi ben as súas aventuras e ninguén quería interrompela por temor a que perdese o fio. Deixou para o final o tema das teas e roupas que trouxeran. Mentres volvía no tren, ocorréraseselle montar unha tenda de tecidos, aproveitando que aquí eran tan escasos, debido ao bloqueo das comunicacións con Barcelona.

- Nós - díxolles ás súas irmás- podemos montar un comercio de tecidos. Eu podo encargarme de viaxar ás cidades que acaban de ser liberadas e comprar a mercancía que necesitamos aquí. É un bo negocio porque, como sabedes, en Galicia escasean os tecidos. Agora veredes as teas que trouxen por pouco diñeiro.

A miña nai interrompeuna:

- Pero viaxar á fronte é moi perigoso, María, como vas ir ti soa?

- Non é tan perigoso como parece, Julita; Celia xa sabe que podemos defendernos ben en calquera situación, e eu estou afeita - contestou María.

- Pero podémoste acompañar unha de nós - insistiu a miña nai.

- Non, non podedes porque facedes falta aquí; irei eu e vós seguredes traballando no negocio como ata agora - respondeu María con firmeza.

Ninguén se atreveu a contradicila, porque era a maior e sempre tomara a iniciativa nas actividades do negocio.

Logo desta conversación ensinoulles as teas que trouxera. As súas irmás quedaron asombradas da cantidade que había.

- Traes teas para un rexemento - díxolle a miña nai.

- Agora o que temos que facer é vendelas - respondeu, sorrindo, a miña tía.

A venda da mercancía que trouxeran de Castelló foi un éxito. Durante varias semanas, a xente das vilas veciñas desprazouse ata Calcova para comprar o que elas vendían, ata que se esgotaron as existencias. Entón decidiron volver a Castelló e comprar máis. Decidiron falar coa señora Ramona da Beatriz por se ela quería acompañar a miña tía, posto que tiña unha tenda de tecidos e era moi amiga das mamás. Foron a Fisterra para falar con ela e a señora Ramona entusiasmouse coa idea, pero díxolles que ela xa era maior para facer unha viaxe tan longa, e preguntoulle a Anita de Mañón, que traballaba con ela de dependenta, se quería acompañar a tía María ata Castelló. Anita, que era nova e desexaba coñecer outros lugares, aceptou encantada, porque non tiña que dispor de diñeiro e ademais a señora Ramona prometeu pagarlle o soldo coma se estivese traballando na tenda.

A miña tía e Anita saíron da Coruña en tren para Zaragoza, pero, ao chegar ao Barco de Valdeorras, tiveron que baixar porque as vías estaban cortadas. Foron andando ata a próxima estación e alí esperaron a que

reparasen as vías para coller de novo o tren. Cando chegaron a Zaragoza, era xa noite e non saía o tren para Morella ata o día seguinte, polo que trataron de buscar un hotel para durmir. Non atoparon cuarto no Suízo e alí indicáronlle unha casa que admitía hóspedes. A dona da casa non quería aloxalas porque a anterior señorita que se aloxou alí rouboulle un abrigo de peles. Tratábase dunha señora vinda a menos, que trataba de axudarse aloxando xente, pero o roubo do abrigo desanimouna e negábase a seguir facéndoo. A miña tía e Anita rogáronlle que as deixase, polo menos, durmir nas escaleiras, aínda que tivesen que pagarlle, porque non se atrevían a andar de noite por Zaragoza. A señora compadeceuse delas e deulles aloxamento. Cando xa estaban no cuarto, Anita viu a señora que se dispuña a fregar as escaleiras, a pesar de que se notaba que non estaba afeita a realizar aquel traballo. Achegouse a ela e sacoulle o cepillo das mans.

- Isto podo facelo eu mellor, señora, déixeme a min - díxolle, mentres se puña a fregar.

Ao día seguinte saíron para Morella e desde alí, en autobús, dirixíronse a Castelló. Cando chegaron á cidade foron á Comandancia para preguntar polo meu tío Manolo Mayobre, pero alí souberon que o destinaran a Mahón e saíra para esa cidade dous días antes de chegar elas. A súa sorpresa foi aínda maior cando comprobaron que as tendas de tecidos de Castelló estaban baleiras. O fracaso non podía ser maior, pero a miña tía tiña claro que non podía volver cunha man chea de nada e outra de cousa de ningunha. Soubo que as forzas nacionais tomaran Tarragona e decidiu ir alí. Cruzaron o Ebro por Amposta, sobre unha ponte construída con barcas, mesturadas coa xente que volvía ás súas casas, abandonadas precipitadamente no fragor da loita. A miña tía recordaba que coñeceron a un farmacéutico de Tarragona que se dirixía á súa casa e que tampouco atopara medio de transporte para volver. Aquele señor estaba angustiado porque tiña unha filla moi enferma e temía que non puidese volver vela con vida. En Aldea detivéronse para descansar. Chegou un camiión do exército e recolleu a moitas persoas, entre elas ao farmacéutico, pero cando quixeron subir elas e xa apoiaran no camiión o canastro de provisións e unha bolsa, o camiión arrincou e deixouas en terra. A miña tía lamentou quedar sen a comida e, sobre todo, a perda duns zapatos novos que tiña na bolsa. Estaban nos arredores da vila e esperaron a que chegase outro camiión. Os que non puideran subir ao camiión seguiron andando, pero elas estaban moi cansas e quedaron alí, acompañadas por un soldado galego, veciño de Vilanova, que se atopou na vila con elas e non quixo deixalas soas. Esperaron todo o día, pero non pasou por alí ningún outro camiión. Tiñan fame e frío porque xa se fixera de noite. O soldado que as acompañaba andou buscando algo para queimar e entrou nunha casa

abandonada. Saíu dela cargado cunha cadeira de brazos e máis tarde trouxo bancos e unha porta, todo material de alta calidade. Fixo con todo iso unha fogueira e seguiu alimentado o lume con todo o que atopaba na casa. A iso das doce apareceu un neno de doce ou catorce anos, atraído polas cancións do grupo que se quentaba ao redor do lume. Fixéronlle moitas preguntas, pero o raparigo non tiña ganas de contestalas e como elas insistían, díxolles:

- Seguíde cantando e non me preguntedes máis.

Anita, que tiña moi boa voz, pasou a noite cantando cancións de Galicia, ata que o neno e o soldado quedaron durmidos. Ao amencer, pasou un turismo ocupado por un chofer e dous señores. Parárono en canto o viron e pedíronlles que as levase a Tarragona. Compadecéronse delas e subiron as dúas, deixando durmidos cerca do lume o soldado e o neno. Viaxaban pola costa, porque a estrada do interior estaba cortada. Ao chegar a Tarragona, o chofer, que recoñecera a miña tía, deuse a coñecer. Resultou que era galego, amigo dun irmán de Maruja do Canarias, e congratuláronse mutuamente do encontro. El recomendoulles para durmir unha casa grande e señorial que estaba abandonada e acompañounas ata a casa. Deixounas alí e foise. A miña tía, logo de entrar e ver as estancias do novo aloxamento, díxolle a Anita:

- Imos, antes de que sexa tarde, buscar o noso cesto de provisións.

Anita botouse a rir:

- Como imos atopar o cesto nunha cidade tan grande?

Pero a miña tía sabía que deixaran o canastro e a bolsa no camiión, á beira do farmacéutico de Tarragona, e supuña que este os gardaría, de modo que se dedicou a visitar as farmacias da cidade. Tivo sorte e non tardou moito en atopar a do farmacéutico.

- Como me atoparon? - preguntoulles este.

- Percorremos algunhas farmacias da cidade ata que demos con esta - contestou María.

- Xa sabía eu que eran vostedes moi intelixentes e que darían co cesto e por iso o gardei, só lles collín dous ovos para a miña filla - díxolles.

A miña tía díxolle que collese máis, pero el non aceptou e deulles o canastro e a bolsa.

Volveron á casa abandonada. Daba a impresión de que os propietarios fuxiran sen tempo de levar nada con eles. A porta de entrada, con todo, estaba forzada, sinal de que outras persoas entraran sen permiso. Aquela noite puideron durmir nun cuarto, que pecharon con chave por dentro para evitar visitas non desexadas. Erguéronse cedo e logo de aseárense convenientemente, mentres Anita inspeccionaba os armarios, a miña tía saíu ao balcón que daba a unha praza e viu nela un camiión con matrícula de Lugo.

- Estamos salvadas - dixo para si- , xa podemos mercar.

Falou co dono do camiión, un señor de Viveiro ao que lle requisaran o coche para levar equipaxe ata Tarragona. Pagáronlle a viaxe ata alí, pero non atopaba portes de retorno. Iso era o que esperaba a miña tía e ofreceuse a pagarlle o retorno se lle levaba a mercancía que comprara ata A Coruña. Ela aínda non comprara nada, pero pensaba facelo se el aceptaba o envite. O dono do camiión, que era bastante mal falado, dixo:

- Carallo, non me viría mal, canto me pagarías?

Ela contestou, sen darlle maior importancia:

- Pouco, pero máis che vale algo ca nada.

- Canto? - insistiu el.

Ela díxolle unha cantidade. El soltou unha blasfemia e engadiu:

- Por ese diñeiro non paga a pena gastar saliva.

- Entón, canto pides? - replicou a miña tía.

O dono do camiión dixo unha cantidade. Ela replicoulle:

- Que non sexa o que digo eu nin o que dis ti; partamos pola metade.

E chegaron a un acordo, aínda que o camioneiro só as levaría ata Lugo.

O que faltaba agora era que o comandante que o requisara lle dese permiso para volver.

O comandante estivo de acordo. Interesouse por María e polo motivo da súa viaxe. Ela díxolle que tiña en Galicia unha tenda de tecidos e que quedou sen existencias e por iso viñera de compras ata Tarragona. Quedou admirado.

- Así son as nosas mulleres - dixo- ; con ese valor non podíamos perder.

Estaba aloxado nunha mansión co soportal e as escaleiras de mármore. Un mordomo conduciunos ao seu despacho e, logo de solicitar permiso para entrar, deixounos co comandante. E convidounas a cear e pediulle ao mordomo que lles acondicionase un cuarto para pasar a noite. Cearon nun gran comedor, soas, e durmiron nun cuarto con dúas camas. Pola mañá, o mordomo díxolles que o dono da casa quería velas. Sorprendéronse moito porque elas crían que o dono da casa era o comandante, pero o mordomo díxolles que a casa estaba requisada polo exército. O dono debía atoparse en dificultades porque lles ensinou unha valixa de pel de crocodilo e uns zapatos de muller do número 37, facendo xogo. Dentro da valixa había un xogo de tocador de prata e un pequeno xoieiro. Vendíalles todo o lote por mil pesetas. A miña tía tivo que dicirlle que non podía comprarllo, porque elas viñeran mercar mercancía que non había en Galicia. Aqueles obxectos eran valiosos, pero non eran mercancía de fácil venda e necesitaban todo o diñeiro para

comprar o que podían vender. O señor non insistiu a pesar da contrariedade que representaba para el a negativa da miña tía. Ao baixar, o camioneiro díxolles que xa podían irse.

Cargaron a mercancía no camiión e emprenderon a viaxe de volta. Non foi unha viaxe cómoda porque na cabina do camiión amontoábanse o chofer, un axudante e as dúas mulleres, que ocupaban un só asento, sentándose unha no colo da outra. A pesar de todo, a miña tía estaba contenta porque traía a mercancía que fora buscar. Tamén estaba contenta Anita, que xa botaba de menos a vida de Fisterra. En Lugo, trasladaron a mercancía ao tren e despedíronse do camioneiro e do seu axudante.

- Grazas por traernos - dixo tía María no momento de despedírense.

- Grazas a vós por financiarme a viaxe de retorno - dixo o camioneiro, satisfeito.

Cando chegaron á Coruña, xa as estaba esperando tía Celia na estación. Enviáranlle un telegrama antes de saír de Lugo, dicindo a hora aproximada en que chegarían á Coruña e a miña tía adiantouse a recibilas. Abrazáronse á chegada, como se pasase moito tempo desde que se foran, e o primeiro que dixo tía María cando viu a súa irmá foi:

- Traio a mercancía, Celia.

XVIII CELIA

Cando terminou a Guerra Civil, as comunicacións entre todas as cidades de España normalizáronse e a venda de tecidos en Calcova carecía de interese comercial, posto que xa se podían comprar en calquera tenda. As viaxes a Barcelona para traer mercancía servíronnos, con todo, para establecer contacto con compradores de peixe e, aos poucos, fómonos especializando nas salgaduras, aproveitando que estabamos nun deses ciclos en que abunda a sardiña. Necesitabamos unha fábrica de salgadeira e alugamos unha que construíran os cataláns tempo atrás, pero que permanecía pechada desde o comezo da guerra. O propietario da fábrica era don Paco Esmorís, médico de Fisterra, e chegamos pronto a un acordo con el. Necesitabamos xente que soubese traballar a salgadeira e buscamos os antigos empregados dos cataláns, un dos cales era o noso tío da Insua, para que se fixesen cargo dos traballos. O tío Ramón ensinoulle a Agustín todo o proceso da salgadura, ao estilo dos cataláns, cuestión esta moi importante porque ían ser os nosos clientes. E comezamos a produción. Os barcos arrimaban ao peirao da fábrica e descargaban alí a sardiña. As mulleres carrexaban o peixe ata a nave da fábrica e alí salgábase antes de introduci-lo nos lagares, onde permanecía vinte días. Durante ese tempo comprobábase o grao de salinidade e, cando alcanzaba a madurez necesaria, sacábase con pas de madeira e metíase na prensa durante tres días. Cando xa se prensara o suficiente, metíase en tabais de madeira e transportábase á Coruña para ser enviado en tren a Barcelona.

Estou recordando o proceso da salgadura e pola miña memoria desfilan todas as mulleres que traballaban connosco, como se estivesen agora diante de min, e podo arrolarme coas súas cancións mentres memorizo o nome de cada unha ou asisto coa imaxinación aos piropos dos mozos que presenciaban o desfile desde a carpintaría onde construían os tabais. Pero non nos limitabamos á salgadura, porque tamén vendiamos a sardiña en fresco e os camións traballaban continuamente para trasladala, fresca ou salgada, aos seus lugares de destino. Naquelas datas, eu xa non me dedicaba a conducir porque o meu marido ocupaba o meu sitio nos camións, e o meu traballo consistía en dirixir as mulleres que traballaban connosco. A min gustábame aquel traballo porque me sentía identificada coas preocupacións de todas e podía sentir como meus os seus problemas. Durante aquelas horas, sentíame unha traballadora máis, liberada doutras obrigacións inherentes ao negocio, tales como o financiamento das nosas actividades, que ocupaban gran parte do meu tempo.

Os homes da casa propuxéronnos comprar barcos para garantir a pesca. A iso non chegamos aínda, pero aceptamos a súa proposta, non sen moitas dúbidas e non poucas discusións. Primeiro compramos un barco pequeno, de catro tripulantes, ao que lle puxemos o nome de Lili en honra da miña afillada, a filla de Julita e Agustín. E máis tarde compramos o Maruxa, un barco de doce homes, equipado para a pesca do congro e do abadexo. Tamén compramos unha arte de praia que se arrastraba desde terra e coa que se pescaban sardiñas, xibas e, en xeral, todos os peixes que ían desovar á praia. Era unha actividade á que non nos dedicamos antes e na que apenas interviñamos nós. Non quixese ser inxusta, pero non minto se digo que esa actividade nos trouxo máis desgustos ca beneficios. Nós dedicábonos ao comercio desde que tivemos idade para facelo, pero nunca fomos armadoras porque o traballo no mar quedaba fóra do noso control. Non quixemos, con todo, levarlle a contraria aos homes da casa, pero eles tampouco podían controlar os barcos, porque non ían neles e dependían da profesionalidade do patrón, o cal non tiña intereses no noso negocio. Faltaba coordinación e, o que é máis importante, un interese común.

A venda de tabais ía en aumento e decidimos ir comprar sardiña ao Pindo. Como aínda non había ponte, alugamos alí unha fábrica de salgadeira, da que se ocupaban Agustín e Julita. Tiñamos que competir cos compradores de Muros, e María e Julita tiñan que comprar a sardiña no mar. Os tabais de sardiña que se facían no Pindo trasladábalos tamén en barco ata Fisterra, pero cando fixeron unha ponte de madeira na desembocadura do Xallas, trasladábanos ata o Ézaro as mulleres e alí cargábanse nos camións da casa.

Os tabais de sardiña salgada vendíanse en Barcelona por medio do asentador Rovira, aínda que tamén mandabamos a Benjuoch e Dalmau. Fixemos tamén a proba co abadexo. Salgábase e despois secábase ao aire libre en enxaretados de madeira. Cando estaban listos, enviábalos en tren ata Barcelona. Pero aquí cometemos un erro, debido á teima que temos as mulleres coa limpeza. A nós parecíanos pouco hixiénico que os fardos de abadexo se amontoasen no vagón do tren sen ningunha protección contra a sucidade e ideamos meter os fardos dentro de caixas de madeira. Cando a partida de caixas chegou ao destino, o abadexo deteriorárase e



*Julita, a súa filla Lili e María xunto a súa sobriña Pilita.
Fisterra 1941*

houbo que refugalo. Pareceunos imposible que sucedese unha cousa así e fomos a Barcelona para comprobalo. Era certo, e tamén puidemos descubrir a causa da deterioración. O que pasara era que a madeira estaba verde e a humidade das caixas hidratou de novo o abadexo seco, o que deu lugar á súa deterioración. Foi unha perda importante e aprendemos unha lección: a de comprobar que as innovacións hai que estudalas ben antes de poñelas en práctica. Hei de recoñecer que os homes da casa foron suficientemente delicados para non botarnos en cara o noso erro. E nós tivemos que admitir que non sempre o mais limpo é o máis axeitado.

Ademais do abadexo traballabamos tamén o congro, o cal, unha vez curado, enviabamos para Calatayud. Esta foi unha actividade que non deixamos nunca, porque algúns anos despois, cando deixamos de envialo curado, enviabámolo fresco, aproveitando que os desprazamentos se facían en trens ou camións frigoríficos.

Nesta fábrica naceu a miña primeira filla, que apenas viviu uns días. Bautizárona co nome de Celia, porque eu nin sequera me dei de conta do que estaba sucedendo. O parto foi difícil e o resultado lamentable. Vivín durante un tempo na máis absoluta inconsciencia. Non sabía onde estaba, nin que me pasou e non recordo nada do que sentía naqueles momentos. Só lembro que desexaba durmir. Cando me repuxen, sentín unha gran frustración. Tiña a sensación de que fallara no máis importante, como se me faltase algo para ser muller. Non me consolaban os meus éxitos noutras actividades, porque fallara na máis importante. Estaba padecendo o que agora se chama unha depresión. Aos poucos, con todo, fun saíndo dela, convencéndome a min mesma de que o fracaso non era meu, porque eu trouxera unha vida



*Xornaleiras lavando caixas "nas pedras do mar", almacén de Esmorís. Fisterra 1941.
Arriba ao fondo as irmáns Rivas coas súas fillas.*

ao mundo e, se morrera logo de nacer, non era por culpa miña. Pola miña banda cumprira e, se Deus non quixera que a miña filla vivise, non se me podía culpar a min da súa morte. Os meus pensamentos ían e viñan con argumentos a favor e en contra.

- Aquí ninguén te culpa de nada, Celia, por que te empeñas en buscar culpables?

- Non mo din pero pénsano - contestaba eu á miña propia pregunta.

- E que che importa a ti o que pensen outros; non será que es ti a que o pensa?

- E eu que sei - concluía á fin.

Menos mal que o meu marido se comportou comigo con moita delicadeza.

- Non te preocupes por iso, Celia; con fillos ou sen eles, procuraremos ser felices; non es a primeira muller que perde un fillo e non serás a última. Xa verás como teremos máis.

Nesa época, aínda que algo máis tarde, tivo lugar en Fisterra un acontecemento singular. Resulta que un avión caeu na praia de Langosteira. Tratábase dun avión americano, combatente da guerra europea, ao que perseguira un avión alemán ata o cabo Fisterra. Sobre o mesmo cabo librouse unha batalla entre os dous avións, e foi derrubado o americano. Un dos aviadores morreu na refrega e os outros dous trouxéronos á nosa casa. Ao aviador morto enterrárono no cemiterio de San Martiño, aínda que anos despois os seus familiares viñeron buscar os seus restos. Cando chegaron, un dos aviadores intentou comer uns papeis que tiña nunha carteira, pero a miña irmá Palmira, que o viu, díxolle por sinais que podía queimalos no lume. Levouno ata a cociña e deixouno diante do fogón, onde foi queimando un a un os papeis que traía. Cando terminou, bicáballe as mans á miña irmá, con bágoas nos ollos, agradecendo o seu xesto. Démoslles roupa limpa para cambiarse e estiveron connosco ata que veu buscalos a delegación do Consulado Americano de Corcubión. Non foi moi ben visto polas autoridades a nosa acollida aos aviadores, entre outras cousas porque non lles demos coñecemento do feito. Non sei se se molestarían tanto se os aviadores fosen alemáns no canto de americanos. A simpatía polos alemáns era evidente en todos os cargos oficiais e por iso non nos estrañou que non se vise ben a nosa actitude.

- Non me estrañaría nada que vos condenen nun consello de guerra - díxonos un deles.

Afortunadamente, aquel acto humanitario non tivo consecuencias. O único agradecemento oficial que recibimos foi o do vicecónsul dos Estados Unidos de América, en Vigo, León L. Cowles. A súa carta, moi sinxela, dicía:

*"Sres. Fillos de Joaquín Rivas
Salgaduras. Fisterra
A Coruña.*

Moi señores meus:

Constitúe para min unha sacra obrigación o facerlles presente a vostedes, en nome do meu goberno e no meu propio, o agradecemento sincero polas cariñosas, humanitarias e desinteresadas atencións que vostedes tiveron cos membros da tripulación do avión norteamericano chegados a ese porto o 28 de agosto de 1943. Con este motivo éme grato ofrecerlles o testemuño da miña consideración persoal máis distinguida e reiterarme afmo. e s. s. q.e.s.m."

No membrete puña: THE FOREIGN SERVICE OF THE UNITED STATES OF AMERICA.- AMERICAN CONSULATE.- Vigo, 10 de setembro de 1943.

Recordei este episodio porque foi moi soado na nosa zona. A xente discutía sobre a guerra que se desenvolvía en Europa e nós, coma sempre, permanecemos á marxe, non porque non nos interesase o que estaba pasando, senón porque decidíramos non tomar partido por ningún bando. Non estaban moi afastados os ecos da nosa Guerra Civil para que nos esquecésemos de que a misión máis importante na vida das persoas é sobrevivir. Nós sobrevivíramos e estábamos preparadas para seguir sobrevivindo, fosen cales fosen as circunstancias, e sabíamos que había que axudar ao necesitado sen preguntarlle de onde era. E iso foi o que fixemos cos americanos do avión. É verdade, e nunca o negamos, que a nosa cultura deixaba moito que desexar e que calquera das persoas máis significadas da vila podía desempeñar mellor ca nós cargos de funcionarios no concello ou nalgunha das institucións oficiais con representación na vila, pero non era iso o que pretendíamos. Por non ser, nin sequera eramos da vila e a frase máis usada polos da pluma cando se referían a nós era: "Que podes esperar destas aldeás!" E, con todo, a xente corrente, a que traballaba connosco, dicía os nosos nomes cun dona diante. Supoño que empezaría a chamarnos así pola miña irmá Palmira, que era a muller do contramestre, ao que os mariñeiros chamaban don Manuel. En calquera caso, non nos molestaba que nos chamasen así, como tampouco nos parecía mal cando nos chamaban aldeás. Agustín ou o meu home molestábanse cando alguén lles chamaba don Agustín ou don Manolo, e o meu marido riase de min cando me chamaban dona Celia, pero, ao meu modo de ver, eran eles os que lle daban importancia a ese título, que só significaba unha mostra de respecto e non, como eles crían, recoñecemento dalgún tipo de categoría intelectual. En compensación, os xefes e funcionarios locais tratábannos sempre de vostede para significar de forma clara que non tiñamos a mesma categoría. Mantiñan a distancia con toda intención, como se a nós nos



*Xornaleiras da salgadura. Patio do almacén de Esmorís. Fisterra 1941
Manuel Martínez, Agustín Díaz e Manolo Mayobre detrás*

importase algo que nos chamasen de ti ou de vostede, ou quizais para impornos a multa de cada día sen remordementos.

Cando Manolo Mayobre veu traballar connosco, puxo en orde os nosos papeis, aínda que, segundo nos dixo sorrindo, non sabía por onde empezar. Nós non levabamos libros de contabilidade e só anotabamos compras e vendas; a diferenza era a nosa ganancia.

Manolo comprou uns libros enormes e

anotaba todo o que sucedía, como se estivese escribindo un diario e, sobre todo, puxo en claro a nosa relación coa administración. Empezou recorrendo as multas que nos puñan e iso obrigouno a emendar o motivo das sancións, en moitos casos con visitas persoais aos organismos que as impuñan. En pouco tempo, púxonos ao día. A min axudoume moito, porque puiden comprobar que o que eu facía por intuición podía reflectirse na realidade contable. Era algo que eu necesitaba e que non podían darme nin Agustín nin o meu marido, a pesar de que o meu marido sempre presumiu de ser un home de pluma, o que aproveitou cando caeu enfermo para traballar na oficina. Grazas a Manolo Mayobre, a nosa relación coa administración mellorou moitísimo, porque el daba cumprimento a todos os requirimentos que nos facían e que nós descoidabamos por falta de tempo.

A chegada de Manolo compensou o abandono de María. Para min foi unha perda moi dolorosa, pero non podiamos opornos aos seus desexos, porque comprendiamos que era natural que quixese casar. Por ese lado estabamos todas contentas, pero gustaríanos que casase cun home ao que non lle importase traballar connosco. Como é ben sabido, uns nacen para santos e outros para pés de bancos, e resultaba evidente que o futuro de María non pasaba polo noso negocio. Tampouco a vía moito, porque eu deixara de viaxar, aínda que me mandaba recados polos camións, que paraban sempre en Baio para preguntar se necesitaba algo. As cousas variaron cando volveu para Fisterra porque, aínda que tiña o seu propio negocio, podiamos vernos todos os días.

A finais de 1943, dei a luz o meu único fillo, ao que lle chamamos Manolete para distinguilo do seu pai. A chegada do meu fillo deulle un novo sentido á miña vida. Era como se descubrise un novo motivo para traballar. Andaba máis lixeira e non me cansaba de mirar para o meu neno, que me parecía

o máis guapo do mundo. De súpeto, na miña vida fíxose un oco exclusivo onde só cabiamos o meu fillo e eu. Por primeira vez souben o que era ter algo en exclusiva. Estaba disposta a coidar del, a traballar para el e a dar a miña vida se fose preciso para defendelo de todo o mundo.

Nos anos 50, o avance dos medios de pesca e o desenvolvemento mecánico dos barcos non nos colleu desprevidas. Nós estabamos preparadas para darlle saída a todo o peixe que se vendese na lonxa de Fisterra. Foi necesario, con todo, buscar novos clientes e na casa decidimos que a máis adecuada para ese labor era a miña irmá Julita, que tiña gran facilidade de palabra e enxeño suficiente para atopar compradores. Tivo éxito e atopou restaurantes aos que venderlles o marisco que se poxaba na lonxa. A primeira partida enviabámoslla sempre de proba, pero, cando a recibían, a calidade dos nosos envíos eran tan diferente do que recibían da Coruña, que xa non deixaban de pedir mercancía. O primeiro dos nosos clientes foi o Fogar Galego, en Madrid. A mercancía que lle enviabamos fíxose imprescindible para o restaurante ata o punto de consumir case toda a centola de calidade que se producía en Fisterra. Tivemos que habilitar un cocedoiro para poder atender tanta demanda, pero nunca deixamos de atender as necesidades do cliente.

Na década dos 60, os barcos tiñan xa suficiente potencia para desprazarse ata os cantís onde se pescaba a pescada. E de novo tivemos que buscar clientes que puidesen consumir a pescada que se poxaba na lonxa. Foi tamén Julita a que saíu buscalos. E tamén tivo éxito. Eu era a encargada de falar con eles por teléfono, porque era a que compraba e a que coñecía a cantidade e o tamaño das pescadas que lles podíamos enviar. Logo da sesta e antes da poxa da tarde, os teléfonos non deixaban de soar pedindo mercancía. Ás prazas de Coruña ou de Vigo só mandabamos o peixe sobrante, que non era moito. Non mandabamos o marisco, porque o consumían todo os restaurantes. Carballeira, por exemplo, de Barcelona, chegou a levar diariamente cen quilos de lagosta, o que dá unha idea do volume dos nosos envíos.

Estou recordando todo o que foi a miña vida e doume de conta de que sempre estivo ligada á das miñas irmás. Eu nunca sabería traballar soa, porque elas eran para min algo máis ca socias, eran o meu propio sangue, sen o cal perdería todas as ganas de vivir, tal como me sucede agora con esta enfermidade terminal. Sei que continuarán sen min, pero non sei se lles sucederá a elas o que posiblemente me sucedería a min se faltase algunha antes ca min, porque



Lili de nena, Agustín o seu pai e Paco Martínez facendo tabais para salgadura. Fisterra 1941



Julita e os seus fillos Agustín e Lili. A Coruña 1945

estou segura de que, se iso sucedese, me sería moi difícil seguir adiante. Supoño que Deus sabe o que fai ao elixirme a min para percorrer o camiño do descoñecido. Eu non estou segura do que haberá mais alá deste mundo. O sacerdote que me visita di que a vida empeza logo da morte. Eu calo para non desgustalo, pero non podo concibir unha vida na que eu non poida traballar. Seguramente esa vida está reservada para os que nunca traballaron e pasaron os días da súa vida terreal rezando. Que podo facer eu á beira desa xente se non sei facer outra cousa que traballar? Espero que recen tamén por min e que, sexa cal for o destino que me teñan preparado logo da morte, poida alcanzar a paz.

XIX LILÍ

No ano 1946 dispúxose que todo o peixe debía venderse nunha lonxa, que se estableceu á beira da praia da Ribeira. As miñas mamás deixaron a fábrica de don Paco, que lles quedaba algo lonxe, e alugaron outra ao bordo da Ribeira e a uns cincuenta metros da lonxa. Eu apenas tiña oito anos, pero daquela época teño xa recordos persoais.

O novo almacén era antes unha fábrica de salgadeira, máis ou menos parecida á que deixamos. O edificio tiña dúas plantas. Á planta baixa accedíase directamente desde a praia por unha rampla que terminaba no portalón de entrada. Dentro había un patio lousado de pedra e rodeado de columnas tamén de pedra que sostiñan a planta superior inmediata, de maneira que o edificio rectangular, parecido por dentro a un claustro, construíse ao redor do patio. Na planta baixa traballábase o peixe. No centro, había un pozo de auga e, entre as columnas que sostiñan o piso superior, estaban os lagares, o taller de carpintaría, as prensas, o “encascador” de redes e departamentos para almacenaxe de envases, bañeiras grandes de madeira para lavar as caixas, e os demais accesorios necesarios para comercializar o peixe. Na parte superior estaba a vivenda.

A descrición que fixen desta fábrica valería tamén para describir a anterior, na que estiveramos cinco anos, pero nesta a praia adquiría un protagonismo maior porque se accedía directamente a ela. Mirando ao mar, á dereita, alzábase o Castelo de San Carlos, agora reformado para museo. Encima da praia, á man dereita mirando ao castelo, había unha fileira de boas casas, case iguais en forma e altura. Nunha delas estaba a escola que rexentaba don Manuel Martínez, o *Campón*. Detrás desa fila de casas, estaba a dos meus avós paternos. Á esquerda da fábrica, case en fronte, tamén nunha zona máis alta, estaba a rúa da Cerca, unha especie de miradoiro natural, rodeado de casas mariñeiras que miraban ao mar. Detrás da fábrica, lindando coa rúa da Reitoral, estaba a horta, na que había tres figueiras, ás que a miña curmá Cándida, a quen lle chamabamos Pilita, se subía como se fose un gato. A min nunca se me ocorría subir, entre outras cousas porque empezaba a estar gordiña. O meu tío Manolo Mayobre, ao que eu chamaba *Menoco*, cultivaba flores e plantaba bulbos que traía da casa Kanda de Holanda. Os bulbos chegaban por correo en paquetes de cartón e o meu tío ensinábanos á súa filla e a min a plantalos no xardín.

Na praia desembocaban as rúas e ruelas do chamado barrio da Angustia. Cando facía mal tempo e chovía moito, o pequeno río do Ciruxano desbordábase e alagaba a zona, facendo imposible o acceso á parte baixa da

vila e ao pequeno embarcadoiro do peirao. Entre os meus recordos, con todo, cobra singular relevancia o monte Pindo, alén do mar, que cambiaba de cor nas distintas épocas do ano, e que aínda segue subxugándome hoxe, como se formase parte da vila de Fisterra, a pesar de estar situado a unha considerable distancia en millas. Preguntaba entón por que era distinta das demais montañas que eu coñecía e dicíanme que, a diferenza das demais, era unha montaña nova. Será así, pero esa explicación non me convencía daquela e segue sen convencerme agora.

En 1947 veu de Nova Xersei, en USA, o meu tío Ramón, irmán das mamás. Con el viña a súa esposa Florence e os seus dous fillos, Joaquín e Ramón. Era a primeira vez que viña a España desde que marchou de Calcova. Chegaron no mes de maio e as súas irmás foron recollelo a Vigo. O meu tío non se parecía a elas; era moi alto e moreno, aínda que tiña en común

con elas o nariz aquilino, herdado do avó Joaquín. Ante ese nariz, eu, que o teño pequeno como o meu pai, pensaba que nunca tería unha personalidade tan importante coma a deles.

Tía Florence, a muller de tío Ramón, era unha muller altísima, de orixe polaca e moi elegante. O meu primo Joaquín tiña daquela dezaseis anos e tamén era moi alto e guapísimo. O seu irmán Ramón tiña dous anos máis ca min e tamén era gordinho, polo que pronto fixemos bo caldo. Só estiveron seis meses, pero foi importante porque, grazas a el, as miñas mamás trouxeron de América tres camións marca Ford, que entraron en España como agasallo familiar, aínda que as súas irmás os pagaron a través do mercado negro, o que lle trouxo algúns problemas máis



Carmén da Morena, Pepita, Florence Rivas, Amelia, Cristina e Manolete (nenó, fillo de Celia).

Fabrica de salgadura fresco da Riveira. Fisterra 1947

tarde ao tío Ramón, porque non puido xustificar a entrada do diñeiro que recibiu polo pago dos camións que, en teoría, lles regalara ás súas irmás.

Nese ano, a industria de salgadeira perdera parte do interese que tivera, porque o peixe xa se comercializaba en fresco. E o mesmo sucedía co peixe curado, como o congro ou o abadexo. A Casa Rivas tivo que adaptarse aos novos tempos. A sardiña vendíase para as fábricas de conserva case exclusivamente, e foi nesa data cando iniciaron coa casa Alfageme de Vigo unha relación comercial que aínda se mantiña cando a miña tía Celia morreu. Con todo, cando a sardiña non alcanzara a graxa necesaria para a conserva de primeira calidade, mandábase en fresco para O Muro da Coruña ou para o Berbés de Vigo. Iso tamén sucedía cando había demasiado abarrote de sardiña, porque parte dela viña algo rebentada e non servía para a conserva de primeira, polo que se mandaba ao mercado para comercializar como conserva de segunda ou de terceira.

O prezo da sardiña poxábase na lonxa e despois salgábase en caixas pequenas de madeira para cargalas despois nos camións. Desde xuño a outubro a praia enchíase de barcos ategados de sardiña. Eran barcos de xeito, que pescaban con redes á deriva nas que só entraba unha sardiña en cada malla. Pasaba ás veces, con todo, que, cando a sardiña entraba en todas as mallas, había que meter as redes a bordo sen sacar a sardiña das mallas, coa consecuencia de que o peso das redes esmagaba as sardiñas ata rebentalas. Neses casos, non servían para conserva de primeira e os compradores tiñan que estar moi atentos para que os pescadores non lles metesen gato por lebre. Non todos os de casa tiñan suficiente carácter para rexeitar a sardiña cando estaba deteriorada. Nese aspecto, mamá Celia era inflexible e, aínda que os pescadores se doesen do rexeitamento, recoñecían despois que era xusta nas súas decisións. Ela era a que recibía a sardiña e dirixía as mulleres que salgaban e cargaban



*M. Mayobre, Celia, Pilita e Ramón Rivas fillo (americano).
"Mercando a sardiña do xeito na Riveira". Fistera 1947*

os camiões. Era unha muller incansable e a última que abandonaba o traballo. Sempre foi excepcional e tamén o era na súa resistencia. Ás veces, cando aínda non terminaran de cargar a sardiña de “asexo”, pescada nas primeiras horas da noite, chegaba xa a de “amanexo”, que se pescaba nas primeiras horas da alba. Nese caso, o traballo de salgar e cargar camiões duraba ata as doce da mañá. Naturalmente, neses días de abarrote non eran suficientes os camiões de casa e pedíanse camiões á Coruña. Houbo días en que se cargaron seis ou sete camiões, de maneira que para salgar e cargar a sardiña neles eran necesarias entre corenta e cincuenta mulleres, ademais da xente de casa. Para min eses eran días de festa e a miña curmá Pilita e eu erguíámonos polas noites para mirar polas fiestras, ata que algunha mamá nos vía e viña rifarnos.

As mamás tiñan asignada cada unha o traballo ao que debía dedicarse primordialmente. Mamá Palmira dedicábase a cocinar para todos e encargábase do abastecemento da cociña. Tanto ás súas irmás como aos seus maridos gustáballes comer ben e, cando sentaban á mesa, adoitaban ter fame. Algunhas veces protestaba, porque eles chegaban moi tarde a comer e a comida pasábase algo, pero todos pasaban por alto eses inconvenientes, incluída ela, porque non había outro modo de facer as cousas. Cocinábase para doce persoas da casa e cinco do servizo, o que dá unha idea do difícil que debía de ser para ela atender a todos. A miña nai, ademais de axudar na cociña cando facía falta, ocupábase do teléfono, dos encargos e de dirixir os demais labores da casa, como a costura ou a limpeza. Mamá Celia estaba sempre no almacén, co persoal ou comprando. O meu pai ocupábase dos lagares, de cargar os camiões e de reparar as embalaxes.



Lancha do xeito descargando a sardiña nas caixas de H. J. Rivas. Praia da Riveira 1947

Tío Manolo Mayobre, ao que desde nena chamei *Menoco*, era o encargado de anotar a mercancía que descargaban os barcos e o que determinaba despois o que se lle debía a cada un, ademais da administración contable do negocio. E tío Manolo Martínez, o marido de mamá Celia, manobrava cos camións da casa e facía quendas con calquera dos outros membros da familia, ben fose comprando ou dirixindo o persoal. Nos abarrotos de sardiña tamén baixaban axudar a miña nai ou tía Palmira. Pola mañá, a miña curmá Pilita e eu tamén queríamos axudar, pero botábanos de alí porque lle estorbabamos á xente.

Naturalmente, tamén compraba outro peixe na lonxa, ademais da sardiña. Ese peixe fresco tamén había que lavallo e preparalo para levar á venda nos camións ao mesmo tempo ca a sardiña, aínda que sempre saía no primeiro camión porque debía chegar ao mercado á hora.

Pero as miñas mamás plantaban tamén patacas e coles, para o que arrendaron unhas leiras en Mar de Fóra. No mes de marzo a miña curmá e eu acompañabamos as mamás ata a leira onde ían plantar as patacas, intercalando as coles nos sucos. Normalmente, ían con elas as mesmas mulleres que traballaban na sardiña, aínda que só as que sabían traballar a terra, o que non sucedía con todas as traballadoras, a maior parte das cales carecían de terras para traballar. As miñas mamás nunca deixaron de ter a prevención das mulleres da aldea e, aínda que tivesen moito traballo, nunca se esquecían de plantar patacas e coles nin de manter un porco para matar e salgar. Era o seu cordón umbilical co campo, do que procedían e ao que seguían volvendo cando as súas ocupacións llelo permitían.

Aínda que non os mencionei ata agora, tamén vivían connosco –refírome á miña curmá e a min– o meu irmán Agustín e o meu primo Manolete. Eles ían á escola de don Afonso de Pomiano, que rexentaba a escola do Pósito de Pescadores, pero apenas xogaban connosco porque o facían con outros nenos e non querían que lles estorbásemos, aínda que ao ser máis pequenos ca nós, ás veces, obrigábalos a compartir os nosos xogos. En realidade, todos eramos irmáns porque viviamos na mesma casa e tiñamos as mamás en común. A partir dos nove anos, mandáronos a internados da Coruña.

Cando chegaba o inverno, o traballo da fábrica diminuíu, pero aproveitábase ese tempo para arranxar caixas rotas, pintar e acondicionar envases e, en xeral, todo o que non se podía facer no verán debido ao traballo co peixe. Aínda non se construíra o peirao no porto e os pescadores tiñan que levar os barcos grandes a Corcubión, desde onde saían para pescar nos días de calma, volvendo a aquel porto logo de vender o que pescaran, para vir despois, andando, durmir a Fisterra. A vida do pescador era naquel



Irmáns Rivas. Fisterra 1947. Celia, Palmira, Ramón, María e Julita na horta do almacén da Riveira un día de festa

tempo moi difícil. Os barcos pequenos, os de remo, subíanse ás zonas altas de Fisterra e non se baixaban ata que pasaba o rigor do inverno. Durante ese tempo, no que quedaban moitas horas libres, as mamás arranxaban as roupas da casa ou facíanas novas. Neses días, chamaban, ás veces, a unha costureira para confeccionar os vestidos que cortaba mamá Celia, seguindo o modelo dos patróns que mandaba traer de Barcelona. Foi unha gran modista, porque tiña moito gusto e gran habilidade para ese traballo. Todas as mamás se dedicaban, no entanto, ao traballo de coser e remendar a roupa da casa.

Non mencionei neste capítulo a tía María, á que sempre chamei mamá *Betera*, porque xa non traballaba coas miñas outras mamás. Ela tiña unha especie de bazar, onde vendía de todo, nunha casa que chamaban O Barquiño, nome que parecía bastante apropiado nunha vila de pescadores coma Fisterra. Pero que non traballase coas outras mamás non significaba que non seguisse unida a elas e Pilita e eu considerabámola unha mamá máis, á que visitabamos sempre que podíamos. A que si vivía connosco era a miña avoa Pepa, a nai de todas elas, a que lle deu nome á empresa, ao principio, mentres as mamás non tiveron idade suficiente, co título de Viúva de Rivas, nome que cambiaron cando tiveron a idade, por Fillos de Joaquín Rivas. Algunha vez preguntei por que Fillos de Joaquín Rivas e non fillas e dixerónme, con toda naturalidade, porque nese nome incluían os seus maridos. Así eran as cousas.

A vida dos mariñeiros de Fisterra cambiou moitísimo cando fixeron o peirao. Contoume un día Ramón da Barbeira que el se presentou a Franco, cando este desembarcou en Fisterra un día en que estivera pescando na zona. Segundo me dixo, el achegouse a Franco e os escoltas detivérono porque crían que pretendía cometer un atentado, e Franco volveuse ao oír o balbordo e díxolles aos gardas:

- Que quere ese home?

Entón o señor Ramón contestoulle a berros:

- Señor, queremos un peirao que non temos onde resgardar os barcos nos temporais.

- Non se preocupe que terá o seu peirao - díxolle Franco.

Se non é certo que fose Franco o que se interesou por traer o peirao, o que si é certo é que o señor Ramón da Barbeira o cría, e eu conto aquí porque sempre me pareceu unha anécdota curiosa.

O peirao empezouse a construír nos primeiros anos da década dos cincuenta. Cando se terminou, os barcos xa non tiñan que ir ata Corcubión para pasar o inverno. Nesa década cambiáronse tamén os aparellos, que pasaron do algodón ao nailon, co que xa non se necesitaba encascar para poder pescar con eles. Vulgarizáronse tamén os motores de gasóleo para embarcacións pequenas, co cal se podía pescar con menos xente e a maior distancia da costa. A pesca de marisco empezou a ser máis rendible, non só porque se podía pescar máis cantidade, senón tamén porque se lles podía ofrecer aos clientes coa asiduidade que require o comercio. No circuíto comercial da pesca, a demanda existe cando hai suficiente oferta, o que

determinou que algúns lagosteiros do Son viñesen vender a Fisterra. Ao amparo da centola e da lagosta, empezou tamén a valorarse o percebe e os homes e mulleres das aldeas veciñas traían grandes cantidades, que mamá Celia lle compraba a cada un na fábrica. Foi o comezo do desenvolvemento económico de Fisterra.



O camión "americano" na plaza de Fisterra 1950

En 1952, a familia Rivas inaugurou unha casa na praza máis importante da vila. A casa construíse á medida dos tres matrimonios, con oficina e garaxe para os camións. Foi o momento máis gratificante dos tres matrimonios, que vían coroada a súa empresa cun signo visible da súa prosperidade. A partir de aquí, a empresa adquiriu tal auxe que foi necesario saír a Madrid e a Barcelona para buscar clientes para as novas especies que se comercializaban no porto. Aínda se seguía utilizando o vello almacén, pero tan pronto como Obras do Porto construíu unha nova lonxa, as miñas mamás compraron a casa de Cardalda, unha casa antiga que pertencera a un notario de Corcubión, cuxo baixo daba ao porto e a parte superior a un xardín, lindeiro coa rúa Real, que naquelas datas se chamaba do Xeneral Franco. No baixo acondicionaron un local para traballar o peixe. Máis tarde instaláronse nel unha cámara frigorífica, pozos para conservar o marisco e unha fábrica de xeo. Ata 1967 non se construíu un novo edificio sobre os cimentos da casa que, en realidade, foron tres vivendas encostadas, con baixo, entreplanta, tres pisos e un faiado para cada unha. Para entón xa estabamos casados os fillos ou en transo de facelo. En certo xeito, foi o final da vida en común, aínda que non o final do negocio.

Volvendo aos anos cincuenta, a abundancia de peixe e marisco fixo que a miña nai, de grandes condicións para as relacións públicas, viaxase a Madrid, a Barcelona, a Bilbao, a Valencia e a Andalucía. Eu acompañábaa ás peixarías e aos restaurantes desas cidades nas que fixo gran cantidade de clientes aos que lles empezamos a mandar peixes e mariscos de Fisterra. En 1953 morreu Manolo Mayobre, un duro golpe para toda a familia, sobre todo para a miña curmá e para min, coa que el sempre tivo especial atención.



O "San Joaquín" na praia da Riveira. Fisterra 1952 (Agustín abaixo a dereita)

Por se isto fose pouco, en 1956 enfermou do pulmón Manolo Martínez. A partir desas datas, mamá Palmira e a miña nai tiñan que viaxar cos camións ás prazas onde se vendía o peixe sobranste e se cargaba no tren a mercancía para os clientes foráneos. Mamá Celia tivo que ocuparse en exclusiva da compra e de vender o peixe por teléfono, ademais de lle axudar ao meu pai na súa preparación. Era un traballo inmenso que só unha muller coma ela podía resistir. A súa figura de muller recia e agradable acudía á lonxa cada vez que tocaba a sirena e non se empezaba ningunha poxa sen que ela estivese presente, aínda que protestasen os demais compradores, o que sucedeu máis dunha vez.



Palmira e Celia na Praza do Obradoiro. Santiago de Compostela 1954

Nos anos sesenta, a frota de Fisterra tiña xa barcos que podían desprazarse ata os cantís e empezaron a pescar nos caladoiros de pescada con óptimos resultados. A lonxa estaba sempre repleta de pescada ou de mero e iso obrigou a Casa Rivas a viaxar de novo para conseguir novos clientes. É verdade que se podía mandar a pescada aos asentadores dos mercados centrais de Barcelona ou de Madrid, pero esa modalidade de venda que realizaban a maior parte dos compradores da Coruña non lles gustaba ás mamás, porque o peixe de Fisterra tiña unha calidade insuperable e os asentadores das grandes cidades vendían conxuntamente a pesca de artesanía, como era a de Fisterra, coa pesca de arrastre, e esa foi a razón principal que as moveu a buscar clientes que apreciasen e vendesen a pescada de Fisterra como mercancía de calidade. Un dos argumentos que esgrimían era que a pescada de Fisterra era mais fresca ca a que ía da Coruña aos asentadores porque gañaba un día, xa que non tiña que pasar pola poxa de O Muro, nin pola do Mercado Central. En calquera caso, evitaban a comisión e podían vender a prezo fixo, sen depender dos vaivéns dos mercados centrais. Tamén nesta ocasión tiveron que acompañar a miña nai e volvemos cunha lista de clientes de grande interese para o noso futuro. Aínda recordo algúns nomes daqueles clientes: Murio, en Barcelona, Fradera en Girona, Pescaderías Coruñesas, en Madrid, María Luisa en San Sebastián etc.



Julita, a vender sardiñas. Ría de Arousa 1956

Con frecuencia, os clientes viñan a Fisterra para comprobar sobre o terreo como traballabamos. Recibíámoslos na casa ou nalgún dos restaurantes da zona e procurabamos que levasen unha boa impresión de Fisterra. Os donos dos restaurantes aos que lles vendiamos marisco querían comer na nosa casa e sempre levaban algunha receita da cociña de mamá Palmira. Todos, sen excepción, querían ver a mamá Celia comprando na lonxa, porque, aínda que a coñecían de falar con ela por teléfono, non a viran comprar. Ela, con todo, estaba tan concentrada no seu traballo, que nunca se daba de conta de que a estaban observando.

Quero terminar este traballo cunha consideración persoal. As miñas mamás levaron a cabo unha empresa para gañar diñeiro. Non eran irmás da caridade e non traballaron por amor á arte. Pero o seu traballo tivo a dignidade suficiente para lle dar prestixio a Fisterra, sobre todo porque deron a coñecer en toda España que os produtos deste recanto da península tiñan a calidade exible para figurar na mesa dos mellores.

Empecei este libro contando a morte de mamá Celia e a impresión que me causou. Quixese terminalo recordando as persoas que me contaron esta historia, sobre todo a *Betera* (tía María), autora real das anécdotas que sucederon antes de casar con tío Ángel, e aos meus pais que, día a día, mentres tomabamos o mate, ían corrixindo ou matizando o que eu anotaba nos meus cadernos. Todos eles morreron xa, pero é para eles para quen escribo este libro, aínda que non sexa moi razoable dicilo, sobre todo, se, como é evidente, non poden lelo. Aínda así, é unha obrigación que contraín con eles e quero cumprila. Quizais resulte demasiado conciso e, se cadra, algunhas anécdotas merecían maior desenvolvemento, pero puido máis en min o temor a desdebuxar coas miñas explicacións as súas fazañas ca a vontade de contalas máis amplamente. Debo dicir tamén que as anécdotas que me contaron procurei documentalas no contexto en que sucederon, porque non quería que por algún erro da memoria aparecesen distorsionadas na narración.

Para rematar, permítanme que diga unha palabra sobre a estrutura do libro. Emparellei o punto de vista de *Betera*, cuxos capítulos levan ao comezo o nome de Lili, co punto de vista de Celia, verdadeira protagonista

do libro, cuxa voz non quixen que permanecese en silencio. Ás veces, pode parecer que se repiten as mesmas anécdotas, pero non é idéntica a situación e, sobre todo, non é igual o impulso vital da narración. Engado que o meu marido foi o meu axudante e o xestor literario desta aventura.



Celia Rivas no 1973 (um ano antes do seu falecimento)

Documentación

La Voz de Galicia, 22 de agosto de 1974

FINISTERRE

Manifestación de duelo en el sepelio de Celia Rivas

UNA DE LAS PRIMERAS MUJERES QUE OBTUVO EL CARNET PARA CONDUCIR CAMIONES

FINISTERRE (De nuestro corresponsal, José Manuel SEGURA DOMÍNGUEZ).—Una sentida manifestación de duelo ha constituido el acto del sepelio de la señora Celia Rivas Casals, celebrado en la villa de Finisterre a últimas horas de la tarde de ayer. Fallecida el día anterior, soportó con entereza y resignación cristiana una larga enfermedad que su fuerte naturaleza no pudo vencer, pese a todas las ayudas de la ciencia.

SUBASTA DE PUESTOS DE ATRACCIONES

PUENTECESO.—(Por Máximo Cruz Palacios).—La Comisión de Fiestas de La Barquiña, de Puenteceeso, informa a los interesados, que la subasta de puestos de atracciones para la referida fiesta se celebrará el próximo día 28 de agosto, a las seis de la tarde.

Sigue el socavón producido en el cruce de la carretera de Malpica a Puenteceeso, cada vez mayor y no se ve forma, por parte de nadie, el intentar remediarlo.

El alcantarillado sigue sin terminarse, a qué espera el contratista para finalizar las obras. No hay derecho que una villa que llevó el segundo premio de embellecimiento de pueblos, esté peor que una pocilga.

Celia Rivas contaba 61 años de edad, y era una auténtica institución en Finisterre y su comarca. Nacida en Mallas, parroquia de San Martín de Duyo, una de las tres que componen este término municipal, era la promotora y cerebro gris de una familia muy vinculada a la comercialización y exportación de pescado. Trabajadora infatigable, dotada de una inteligencia natural privilegiada, era muy conocida en los ambientes profesionales relacionados con la pesca. Con Celia Rivas desaparece una de las figuras más representativas de la actual fisonomía de Finisterre, y su figura humana será echada de menos en la villa, de manera especial en su lonja de pescado. Era una de las mujeres, si acaso la primera, que obtuvo el carnet para conducir camiones. Desde 1932, por las carreteras gallegas su figura era muy habitual al frente del volante. Durante la guerra tomó parte de los convoyes de ayuda a las Columnas Gallegas que liberaron Asturias. Su muerte ha sido muy sentida, y ello se puso de manifiesto en la tarde de ayer en las honras fúnebres, a las que acudió el pueblo de Finisterre en masa, y gran cantidad de gente llegada de todos los puntos de la comarca y de La Coruña y Vigo.

22 de Agosto de 1974

Pioneiras

Mulleres Empresarias Galegas



FONDO SOCIAL
EUROPEO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA
GENERAL
DE POLÍTICAS
DE IGUALDAD

MINISTERIO
DE LA PUEBLO



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE

